

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 5

SESION ORDINARIA DE 28 DE FEBREIRO DE 2005

ASISTENTES

Excma. Sra. Alcaldesa	Iglesias Carrera, José Manuel
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Barros Puente, Miguel	Méndez Piñeiro, María Xosé
Bermúdez Pérez, Silvia	Molares Pérez, Lucía Emilia
Calviño Rodríguez, Julio	Pérez Mariño, Ventura
Coello Bufill, Antonio	Polo Lima, María Soledad
Comesaña Abalde, Carlos	Porteiro García, María Josefa
Couto Pérez, José Manuel	Ruiz Cenicerros, Mauricio
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Sío Lourido, Belén
Fernández Fernández, Amador	Soto Ferreiro, Manoel
Figueroa Vila, José Manuel	Toba Girón, Xabier
Graña Barcia, María Luisa	Vieitez Alonso, Henrique
Guerra Fernández, Javier Jorge	

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día vinteoito de febreiro do ano dous mil cinco, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D^a M^a Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Soto Ferreiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Están tamén presentes a membro da Xunta de Goberno, dona Marta Iglesias Bueno e máis a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

O Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Comezamos desgraciadamente unha vez máis gardando un minuto de silencio polas mulleres vítimas da violencia de

xénero e nesta ocasión tamén polos mariñeiros mortos no pesqueiro "Sempre Cansina".

Os membros da Corporación Municipal e máis todas as persoas asistentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio.

1.- (30).- ACTA ANTERIOR. (SESIÓN ORDINARIA 27.12.04)

Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito, apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno da Corporación da sesión ordinaria do 27 de decembro de 2004.

2.- (31).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 21.02.05 DE NOMEAMENTO DE D^a MARTA IGLESIAS BUENO COMO INTEGRANTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de febreiro de 2005, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte Resolución:

"O artigo 126.2, parágrafo segundo da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local introducido neste texto pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sinala que a Alcaldía poderá nomear como membros da Xunta de Goberno Local a persoas que non ostenten a condición de Concelleiros, ó abeiro deste precepto resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 02.01.2004 publicada no BOP de data 29.01.2004 referida ós integrantes da Xunta de Goberno Local cesando na mesma ó Concelleiro D. JOSE MANUEL COUTO PEREZ e nomeando na súa substitución a D^a MARTA IGLESIAS BUENO, con DNI Núm. 35.317.924 K, que deberá presentar no Rexistro de Intereses as declaracións que se mencionan no artigo 75.5 da Lei 7/1985.

Segundo.- Dar conta da presente resolución ó Pleno do Concello na primeira sesión que realice.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós interesados e a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local procedendo a súa publicación no BOP sen prexuízo da súa entrada en vigor no día de hoxe."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este informado.

S.Ordinaria 28.02.04

3.- (32).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 21.02.05 DE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS EN D^a MARTA IGLESIAS BUENO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de febreiro de 2005, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte Resolución:

"En data de hoxe esta Alcaldía ó abeiro do previsto no artigo 126.2, parágrafo segundo da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL) dictou resolución nomeando membro da Xunta de Goberno Local a D^a MARTA IGLESIAS BUENO, con DNI núm. 35.317.924 K, que non ostenta a condición de Concelleira.

O artigo 124.5 da LBRL sinala que a Alcaldía poderá delegar ás súas competencias en calquera membro da Xunta de Goberno Local, teña ou non a condición de Concelleiro/a.

Mediante resolución de data 02.01.2004, publicada no BOP de data 30.01.2004, esta Alcaldía estruturaba en distintas áreas os servizos corporativos do Concello de Vigo e delegaba nos Concelleiros/as adscritos a estas determinadas atribucións.

En virtude da miña potestade organizativa prevista no artigo 124.4.5 da LBRL, resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 02.01.2004 creando a ÁREA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ que estará dirixida pola membro da Xunta de Goberno Local D^a Marta Iglesias Bueno, á que lle corresponderán, por delegación, as atribucións que en materia de participación cidadá, réxime interior e benestar social se indican nos subapartados II.c) con excepción do inciso final do epígrafe 2 (Oficina de Voluntariado); IV.c) e V.d) do apartado segundo da resolución mencionada.

Segundo.- A delegación exercerase de acordo coas potestades e réxime xurídico que se indican nos apartados Terceiro e Décimo da Resolución.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todos os concelleiros afectados.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ós xefes dos diferentes Servizos Municipais para o seu coneñemento e efectos.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que de quede informado da mesma de conformidade co establecido no art. 444 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este informado.

4.- (33).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 21.02.05 MODIFICANDO A SÚA RESOLUCIÓN DE DELEGACIÓNS DE DATA 02.01.04.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 21 de febreiro de 2005, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte Resolución:

"Mediante resolución de data 02.01.2004, publicada no BOP de data 30.01.2004, esta Alcaldía estruturaba en distintas áreas os servizos corporativos do Concello de Vigo e delegaba nos Concelleiros/as adscritos a estas determinadas atribucións.

En virtude da miña potestade organizativa prevista no artigo 124.4.5 da LBRL, resolvo:

Primeiro.- Modificar a miña resolución de data 02.01.2004, adscribindo á área de Asuntos Sociais as atribucións que en materia de PATRIMONIO HISTÓRICO se delegaban na área de Urbanismo e Medio Ambiente (subapartado I.e).

Segundo.- A delegación exercerase de acordo coas potestades e réxime xurídico que se indican nos apartados Terceiro e Décimo da Resolución.

Terceiro.- Notificar a presente Resolución a todos os concelleiros afectados.

Cuarto.- Comunicar a presente Resolución ós xefes dos diferentes Servizos Municipais para o seu coneñecemento e efectos.

Quinto.- A presente Resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Sexto.- Da presente Resolución darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que de quede informado da mesma de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal."

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedando este informado.

5.- (34).- DAR CONTA DE ESCRITO DO GRUPO DO BNG COMUNICANDO CAMBIOS DOS SEUS REPRESENTANTES NAS DIFERENTES COMISIÓNS INFORMATIVAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro, dcto. 50016540, o voceiro do grupo municipal do BNG comunica o seguinte:

"Comunicolle que a representación do Bloque Nacionalista Galego nas comisión informativas queda do seguinte xeito:

COMISION INFORMATIVA DE MEDIO AMBIENTE E PATRIMONIO HISTÓRICO:

Titulares: D. Xabier Toba Girón
D. Amador Fernández Fernández
D^a María Méndez Piñeiro
Suplentes: D^a Margarida Martíns Vilanova
D. Henrique Vieitez Alonso
D^a Silvia Bermúdez Pérez

COMISIÓN INFORMATIVA DE PROMOCIÓN ECONÓMICA E DESENVOLVEMENTO LOCAL:

Titulares: D. María Méndez Piñeiro
D. Henrique Vieitez Alonso
D^a Silvia Bermúdez Pérez
Suplentes: D. Xabier Toba Girón
D. Amador Fernández Fernández
D^a Margarida Martíns Vilanova

COMISIÓN INFORMATIVA DE SERVIZOS XERAIS:

Titulares: D. Amador Fernández Fernández
D^a María Méndez Piñeiro
D. Xabier Toba Girón
Suplentes: D. Henrique Vieitez Alonso
D^a Margarida Martíns Vilanova
D^a Silvia Bermúdez Pérez

COMISIÓN INFORMATIVA DE XESTIÓN MUNICIPAL:

Titulares: D. Xabier Toba Girón
D^a Margarida Martíns Vilanova
D^a María Méndez Piñeiro
Suplentes: D^a Silvia Bermúdez Pérez
D. Amador Fernández Fernández
D. Henrique Vieitez Alonso

COMISIÓN INFORMATIVA DE ASUNTOS SOCIAIS:

Titulares: D^a María Méndez Piñeiro
D^a Margarida Martíns Vilanova
D^a Silvia Bermúdez Pérez
Suplentes: D. Xabier Toba Girón
D. Amador Fernández Fernández
D. Henrique Vieitez Alonso

COMISIÓN INFORMATIVA DE MOBILIDADE E SEGURIDADE:

Titulares: D. Henrique Vieitez Alonso
D. Amador Fernández Fernández
D^a Margarida Martíns Vilanova
Suplentes: D. Xabier Toba Girón
D^a Silvia Bermúdez Pérez
D^a María Méndez Piñeiro

COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTROL DA CONTRATACIÓN:

Titulares:

D. Xabier Toba Girón
D. Amador Fernández Fernández
D^a Margarida Martíns Vilanova
D^a María Méndez Piñeiro
D. Henrique Vieitez Alonso
D^a Silvia Bermúdez Pérez

Suplentes:

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ó Pleno da Corporación Municipal quedando iste informado.

6.- (35).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RETRIBUCIÓNS PARA A MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL QUE NON OSTENTA A CONDICIÓ DE CONCELEIRA.

ANTECEDENTES.- Con data 21 de febreiro de 2005, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

"O artigo 126.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL), introducido neste texto pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, sinala que a Alcaldía poderá nomear como membros da Xunta de Goberno Local a persoas que non ostenten a condición de concelleiros; o mesmo precepto indica que os seus dereitos económicos e prestacións sociais serán os dos membros electivos. En data de hoxe, esta Alcaldía, facendo uso da atribución sinalada, nomeou a D^a Marta Iglesias Bueno, con DNI 35.317.924 K, membro da Xunta de Goberno Local delegándolle as materias referidas a Participación Cidadá, Réxime Interior e Benestar Social.

O artigo 123.1.n) da LBRL advirte que corresponde ó Pleno do Concello establece-lo réxime retributivo dos membros da Xunta de Goberno Local.

De conformidade co exposto, ó abeiro das facultades previstas no artigo 13.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, de aplicación analóxica, propón ó Concello a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Fixar para a membro da Xunta de Goberno Local que non ostenta a condición de concelleira un réxime de dedicación parcial cunha dedicación mínima de sete horas semanais cunha retribución bruta anual de 11.028 €.

Segundo.- A membro da Xunta de Goberno Local non percibirá indemnizacións por asistencia ás sesións dos órganos colexiados da Corporación sen prexuízo das que lle correspondan polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do seu cargo.

Teceiro.- A retribución aboarase en doce pagas. O seu importe revisarase anualmente na mesma proporción que a do persoal ó servizo do Concello.

Cuarto.- A Unidade de Persoal comunicará ó centro de traballo da dita persoa a xornada desempeñada e a retribución percibida.

S.Ordinaria 28.02.04

Quinto.- O presente acordo notificárase á interesada, darase traslado á Unidade de Persoal, Intervención Xeral e Tesourería Municipal, publicarase integramente no BOP e fixarase no Taboleiro Municipal de Edictos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de febreiro de 2005, dictaminou favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con dezanove votos a favor dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Soto Ferreiro, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e oito votos en contra dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta formulada pola Alcaldía-Presidencia en data 21 de febreiro de 2005, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

7.-(36).- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE NOMEAMENTO DE REPRESENTANTES MUNICIPAIS NO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: Como xa anticipamos na Comisión Informativa estimamos que, igual que noutros organismos nos que ten participación o Concello, a representación nun órgano de goberno debe ser de carácter político e non de carácter técnico como se contén na proposta.

Non estamos en contra de que exista a nivel de asesoramento dentro do Consello de Administración do Consorcio un asesoramento técnico, pero coidamos que os membros de pleno dereito deben ser representantes políticos e non técnicos. Por isto anticipamos o noso voto en contra.

SR. SOTO FERREIRO: Pediríalle que, se lle parece oportuno, deixe este tema pendente e, se non o fai así, agora mesmo nós tampouco nos sentimos dispostos a votar a favor porque nos gustaría que nunha votación deste tipo houbera consenso e non se produciran este tipo de votacións.

Pediríalle que tivesemos un diálogo entre todos e tentar consensuar. O que ven de dicir o Grupo Socialista é perfectamente razoable por tanto tamén o sería tratar de coordinar aspectos técnicos e políticos.

S.Ordinaria 28.02.04

SR. TOBA GIRÓN: Voume engadir á solicitude do Sr. Soto. Coido que sería malo que a posta en marcha do Consorcio que debe dirixir a rehabilitación do Casco Vello saíra sen o acordo unánime de todos.

Se o grupo municipal Socialista propón unha interpretación dos estatutos que no seu día aprobamos por unanimidade en relación coa representación municipal e posto que dalgún xeito non se debatíu en Xunta de Voceiros, o noso grupo é partidario de que deixe vostede o tema fóra da orde do día, que vaia á Xunta de Voceiros e que alí se discutan as características da representación municipal.

Sería o mellor xeito de iniciar cun bo paso este Consorcio e non cun disenso que se cadra podemos resolver de xeito sinxelo.

A PRESIDENCIA: Ten a suficiente importancia para que sexa un tema consensuado por todos. Pola nosa banda non hai ningún problema en que o estudemos pero sempre pensamos que o Consorcio precisamente é un órgano de xestión. Ó mellor se pode buscar algunha alternativa paralela de seguimento dese consorcio. Queda retirado.

O presente asunto retírase da orde do día non sendo sometido a votación

8.- (37).- ESCRITOS DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DE CAMBIOS DE REPRESENTANTES NOS SEGUINTES ORGANISMOS MUNICIPAIS:

a) Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data da entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro, dcto. 50016550, o voceiro do grupo municipal do BNG comunica o novo representante do devandito grupo no Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en substitución de D. Santiago Domínguez Olveira.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear membro do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo ó concelleiro do grupo municipal do BNG, D. Enrique Vieitez Alonso, en substitución do concelleiro do mesmo grupo D. Santiago Domínguez Olveira.

b) Instituto Municipal dos Deportes.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data da entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro, dcto. 50016548, o voceiro do grupo municipal do BNG comunica o novo representante do devandito grupo no Consello de Administración do Instituto Municipal dos Deportes en substitución de D^a Margarida Martíns Vilanova.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear representante do grupo municipal do BNG no Consello de Administración do Instituto Municipal dos Deportes a D^a Silvia Bermúdez Pérez, en substitución da concelleira do mesmo grupo D^a Margarida Martíns Vilanova.

c) Parque das Ciencias Vigozoo.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data da entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro, dcto. 50016544, o voceiro do grupo municipal do BNG comunica o novo representante do devandito grupo no Consello de Administración do Parque das Ciencias Vigozoo, en substitución de D^a Olaia Fernández Davila.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear representante do grupo municipal do BNG no Consello de Administración do Parque das Ciencias Vigozoo a D. Henrique Vieitez Pérez, en substitución da concelleira do mesmo grupo D^a Olaia Fernández Davila.

d) Padroado do Museo Quiñones de León.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data da entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro, dcto. 50016536, o voceiro do grupo municipal do BNG comunica o

novo representante do devandito grupo no Padroado do Museo Quiñones de León, en substitución de D. Santiago Domínguez Olveira.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear representante do grupo municipal do BNG no Padroado do Museo Quiñones de León a D^a Margarida Martíns Vilanova, en substitución d concelleir do mesmo grupo D. Santiago Domínguez Olveira.

e) Xunta Local de Prezos e Mercados.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data da entrada no Rexistro Xeral do 21 de febreiro, dcto. 50017195, o voceiro do grupo municipal do BNG comunica o novo representante do devandito grupo na Xunta Local de Prezos e Mercados en substitución de D^a Olaia Fernández Davila.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear representante do grupo municipal do BNG na Xunta Local de Prezos e Mercados a D^a Silvia Bermúdez Pérez, en substitución da concelleira do mesmo grupo D^a Olaia Fernández Davila.

f) Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo

ANTECEDENTES.- Por escrito de data da entrada no Rexistro Xeral do 17 de febreiro, dcto. 50016543, o voceiro do grupo municipal do BNG comunica o novo representante do devandito grupo no Pleno da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo en substitución de D^a Olaia Fernández Davila.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Nomear representante do grupo municipal do BNG Pleno da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo a D. Santiago Domínguez Olveira, en substitución da concelleira do mesmo grupo D^a Olaia Fernández Davila.

9.- (38).- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL NÚM. 26 DO PXOU, RELATIVA Á ORDENACIÓN DE VIAIS NA ZONA DE MEIXOEIRO-BEMBRIVE E ACCESOS Ó HOSPITAL DO MEIXOEIRO. EXPTE. 7545/411.

ANTECEDENTES.- Con data 28 de xaneiro de 2005 o arquitecto-xefe e máis o técnico de administración xeral da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sres. Alonso Fernández e de Cominguez Cáceres, informan do que segue:

"1. ANTECEDENTES:

1.1. O Consello da Xerencia de Urbanismo de Vigo, en data 11 de marzo de 2002 acordou iniciar o expediente de modificación puntual do Plan Xeral de Ordenación Urbana aprobado definitivamente no 29 de abril de 1993 na zona de Meixoeiro (Bembrive) e accesos ó Hospital conforme coa proposta formulada pola Oficina municipal de Actuacións Viarias, encomendándosele a tramitación do expediente ós servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento-Xestión da Xerencia de Urbanismo.

1.2. O 30 de marzo de 2004, o Pleno do Concello de Vigo adoptou o seguinte acordo:

"Primeiro.- Aprobar inicialmente a modificación puntual nº 26 do PXOU, relativa á reordenación de viais na zona de Meixoeiro (Bembrive) e accesos ó Hospital do Meixoeiro (expediente 7545/411), planeamento de iniciativa municipal redactado pola Oficina de Planeamento da Xerencia Municipal de Urbanismo, para dar cumprimento ó acordo do Consello de Xerencia do 14 de marzo de 2002.

Segundo.- O acordo de aprobación determinará, por si só, a suspensión do procedemento de outorgamento de licenzas nos ámbitos do territorio obxecto de planeamento nos que as novas determinacións supoñan a modificación da ordenacións urbanística vixente.

Terceiro.- Sométase o expediente ó trámite de información pública durante un mes, de acordo co disposto no artigo 86.1 da LOUGA, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous xornais de maior circulación da provincia, debendo publicarse o anuncio, neste último caso, en dous días consecutivos, con audiencia simultánea ós municipios limítrofes.

Cuarto.- Previamente á aprobación provisional, solicítense informes da Consellería de Educación e de Sanidade, relativos á redución de superficie dotacional que se produce por ampliación do viario."

1.3. A continuación abríuse un trámite de información pública polo prazo de un mes, mediante publicación de anuncios no DOG núm. 102 de 28/05/2004, e nos xornais Faro de Vigo e Voz de Galicia nos días 30/04/2004 e 01/04/2004. Durante dito período interpuxéronse 4 escritos de alegacións, segundo consta na certificación do secretario titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, de data 01/07/2004 que figura no expediente.

S.Ordinaria 28.02.04

1.4. Remitida copia das alegacións á Oficina municipal de Actuacións Viarias, redactora do trazado viario incluído na modificación puntual, recibíuse un primeiro informe ás mesmas, de data 30 de xullo de 2004, no que se propoñía a desestimación de todas elas.

1.5. En cumprimento do disposto no aptdo. 4º do acordo de aprobación inicial, solicitáronse os informes da Consellería de Educación e de Sanidade da Xunta de Galicia, relativos á redución de superficie dotacional que se produce por ampliación do viario.

1.6. Igualmente, ante a circunstancia do contacto do viario, e a rotonda proposta co vial provincial PO-7005 solicitouse, o 12 de xullo de 2.004, informe da Deputación Provincial de Pontevedra.

1.7. O 17 de agosto de 2004 recibíuse informe favorable do enxeñeiro T. xefe da zona sur da Deputación Provincial en canto á rotonda, desentendéndose de calquera afección que o novo trazado puidese producir sobre a propiedade do alegante D. José Carlos Vila Costas.

1.8. O 27 de setembro e o 8 de outubro de 2004 recibíronse os informes solicitados das Consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria, que se describen máis adiante, e que foron remitidos igualmente á Oficina de Actuacións Viarias municipais para informe.

1.9. O 30 de outubro de 2004 remitiuse o expediente ó xefe dos servizos técnicos da Xerencia Municipal de Urbanismo, para informe en relación coa conveniencia de modificar o trazado da rotonda segundo as alegacións interpostas por D. José Carlos Vila Costas.

1.10. O 14 de decembro de 2004 a Oficina de Actuacións Viarias presentou un informe sobre os citados informes das Consellerías de Sanidade e Educación, así como unha proposta de corrección do trazado da glorieta que permitise a estimación parcial dalgunha das alegacións presentadas.

1.11. O 23 de decembro de 2004 o director dos servizos técnicos municipais prestou conformidade ó informe da Oficina de Actuacións Viarias, e ó axuste no trazado da glorieta

2.- INFORME DAS ALEGACIONES RECIBIDAS:

Tal e como se indicou nas liñas anteriores, a Oficina municipal de Actuacións Viarias informou as alegacións recibidas no período de información pública do expediente, efectuando unha proposta de rectificación e axuste no trazado da glorieta . A aquel informe, referido basicamente ó trazado viario, engádese o seguinte dos servizos técnicos municipais da Oficina de planeamento da Xerencia de Urbanismo.

ALEGACIÓN NÚM.1

Data: 28/05/2004. Doc. núm. 40035174

Alegante: D. José Manuel Blanco Vila

Obxecto: Solicita que se clasifique a súa finca como solo urbano consolidado

Informe: O interesado dirixe realmente a súa alegación contra a proposta do avance da revisión do Plan Xeral, o que non é obxecto deste expediente.

No procedemento de modificación puntual do PXOU-93 no que nos atopamos non se produce ningunha alteración na clasificación de solo no que respecta á parcela do alegante, que se mantén como solo urbanizable. Unicamente se produce unha lixeirísima afección polo viario con motivo da modificación de trazado e novas aliñacións.

Proposta: Desestimar a alegación

ALEGACIÓN NÚM. 2

Data: 28/05/2004. Doc. núm. :40055176

Alegante: D. Manuel Alonso Costas

Obxecto: Idéntica á anterior

Informe: Reprodúcese o anterior.

Proposta: Desestimar a alegación.

ALEGACIÓN NÚM. 3

Docs. núms. 40055412 e 40059411

Alegante: D. José Carlos Vila Costas

Obxecto: Solicita a eliminación da afección de 188,95 m², sobre a súa finca, sinalada como "B05" na documentación da modificación puntual, desplazando a rotonda prevista cara ó outro lado da súa propiedade.

Informe: O art. 94 da Lei 9/2002, do 30 de decembro (LOUGA) non esixe xustificar a urxencia dunha modificación puntual do planeamento, senón o seu interese público. Neste procedemento xustificouse polo miúdo dito interese, tanto nos acordos plenarios municipais, como nos escritos da Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, e do director xerente do Complexo Hospitalario Cíes, sobre a penosa situación que presentan os accesos ás dotacións públicas existentes na zona.

Por outra banda, o art. 94.2 LOUGA unicamente prohíbe "formular" novas modificacións puntuais do planeamento xeral trala "aprobación inicial" da súa revisión. Neste caso a modificación puntual formulouse moito antes da aprobación inicial da revisión do Plan Xeral. Ademáis esta modificación de trazado aparece recollida na nova ordenación resultante da revisión do Plan Xeral, sendo polo tanto compatible co novo planeamento.

Finalmente, no fondo da cuestión que formula o alegante (a afección que a rotonda lle produce na súa propiedade), o enxeñeiro da Oficina municipal de Actuacións Viarias, no seu informe de data 29 de xullo de 2004, considerou que o rotador proxectado garantizaba unha visibilidade mínima precisa para o correcto engarce dos viais, producindo a menor afección posible. Non obstante por parte do mesmo técnico, á vista do informe da Deputación Provincial, así como das recomendacións dos servizos técnicos municipais, e das razóns apuntadas nas alegacións presentadas, efectuouse un novo estudo. Na súa virtude modificouse na documentación final do proxecto de modificación puntual o trazado da glorieta configurada na intersección entre a Estrada da Universidade e a Estrada de Viña Grande, co obxecto de minimizar as afeccións sobre o fronte consolidado, sen modificar nin a seguridade nin a factibilidade da solución de intersección.

Coa nova proposta de trazado da rotonda, a afección sobre a parcela de D. José Carlos Vila Costas pasa de 188,95 m² a 9,36 m² e 2,61 m² aproximadamente, sen prexuízo dos posibles axustes que se puidesen efectuar na fase de proxecto de urbanización ou na execución.

Proposta: Estimar parcialmente a alegación, rectificando o trazado final da rotonda no senso proxectado pola Oficina municipal de Actuacións Viarias.

ALEGACIÓN NÚM. 4

Data: 07/06/2004. Doc. núm:40058922

Alegante: D. Gumersindo Abalde Abalde

Obxecto: Propietario dunha vivenda con local comercial en solo rústico de protección forestal que propón un trazado alternativo para o ramal de acceso núcleo de Parrocha, que afecta a súa propiedade.

Informe: Subscríbese o informe do enxeñeiro da Oficina municipal de Actuacións Viarias, de data 29/07/2004, no que se manifesta que a proposta alternatva presentada polo alegante presenta unha peor solución de engarce, radios de xiro, etc. que a que figura no expediente, tendo estudiada as posibilidades de accesos ós sotos sen maiores dificultades.

Proposta: Desestimar a alegación.

3.- INFORMES DAS CONSELLERÍAS DE SANIDADE E DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA:

Estes informes solicitáronse para dar cumprimento ó punto cuarto do acordo de aprobación inicial, en relación coa redución da superficie dotacional que se produce por ampliación de viario.

O informe da Consellería de Sanidade do 27/09/2004 emitiuse en senso favorable, considerando de urxente necesidade a previsión de ensanche e mellora dos accesos ó Hospital do Meixoeiro. No referente á convenenza de actualizar a cartografía, cómpre indicar que esta modificación puntual baséase na cartografía oficial do Plan Xeral. Sen embargo, para dar satisfacción a esta observación elaborouse un novo plano nº "P-8", de carácter non normativo, que reflicte o trazado de viais obxecto desta modificación sobre a cartografía máis actualizada.

No tocante á redución de 957,70 m² de solo cualificado coa ordenanza "4.5", no expediente pódense comprobar facilmente as superficies que pasan de "4.5" a viario, e aquelas outras que pasan de viario a "4.5", que, no tocante ó Hospital do Meixoeiro son as relacionadas no expediente coas claves E01, E02, E03, E, 04, E05, E06 e E07.

Finalmente, no que se refire á pretensión de que unha parcela triangular de 20.000 m², clasificada como solo rústico de protección forestal se integre no sistema xeral de aparcadoiros, infórmase que non é obxecto deste expediente, e requiriría dunha xustificación minuciosa segundo o artigo 95 LOUGA.

O informe da Consellería de Educación, solicitado o 24 de maio de 2004 e respostado o 6 de outubro de 2004, é claramente extemporáneo (Art. 83.4 Lei 30/1992, do 26 de novembro). Ademais parece descoñecer o contido do expediente remitido, no que se especifican con claridade as diferenzas de cualificación de solo dotacional. Non obstante, o informe non formula observación de fondo algunha que non se poidan resolver, de acordo co informe de 09/12/2004 da Oficina de Actuacións Viarias, redactora do proxecto de urbanización.

Tomando como referencia aquel informe da Oficina municipal de Actuacións Viarias, no que se dá cumprida resposta a tódalas observacións da

S.Ordinaria 28.02.04

Consellería, corríxese incluso a superficie "D01", que se suprime, consistente na rampla da porta de acceso ó Instituto, xa existente e incorporada ó viario, co que, con independencia dos axustes de aliñacións derivadas do trazado viario, non se producen perdas dotacionais no terreo do instituto.

Todas as correccións derivadas da contestación de alegacións aparecen xa incorporadas ó documento final corrixido para aprobación provisional, que con data de xaneiro de 2005 substitúe ás anteriores documentacións.

4.- CONTIDO E XUSTIFICACIÓN DA MODIFICACIÓN PROPOSTA:

Como xa se indicara con anterioridade á aprobación inicial, o procedemento da modificación puntual ten o seguinte obxecto:

- Ampliación a 16 metros da sección transversal dos viais xa previstos no PXOU para acceso o Hospital do Mexoeiro.
- Eliminación do vial previsto ó norte de Viña Grande con 12 metros de largo e que afectaba ó Castro do Areeiro, pasando este solo a ser clasificado como SNU 4 (especialmente protexido da paisaxe e masas forestais) e SNU 7 (de protección arqueolóxica).
- Clasificación do Castro de Areeiro como SNU 7, de protección arqueolóxica, na superficie delimitada no catálogo de patrimonio arqueolóxico, anexo ó PXOU de Vigo.
- Ampliación do percorrido do vial que discurre polo cumio do Monte do Meixoeiro (Camiño do Areeiro), ata acadar a residencia de Terceira Idade en construción, con obxecto de comunicar ambas residencias, cunha sección transversal de 12 metros.
- Previsión dunha segunda vía de acceso ó Complexo Hospitalario mediante unha conexión directa entre os actuais accesos e a estrada de Viña Grande, que se amplía ata o Centro de Repsol, cunha sección transversal de 16 metros.
- Reforzo dos nós de interconexión entre os distintos viais para que se poida garantir a capacidade nas interseccións da rede viaria.

Agás os imprescindibles cambios de clasificación derivados da desaparición, ou ampliación do sistema viario, clasificación do Castro de Areeiro como "SNU 7", de protección arqueolóxica, non acontece ningunha outra variación respecto do PXOU-93 actualmente vixente. Os cambios que se propoñen nesta modificación puntual restrínxense, pois, ós mínimos necesarios e imprescindibles requiridos para a funcionalidade e accesibilidade dos equipamentos afectados e as rectificacións das clasificacións e cualificacións do Castro Areeiro e da totalidade da parcela da Universidade Laboral.

Polo tanto, o cambio de cualificacións de diversos solos, e o feito de que ditos cambios determinen sumas de superficies netas positivas ou negativas non é en si mesmo significativo. Ditos cambios responden fundamentalmente á ampliación e modificación do viario público, dos que, en todo caso, resulta unha mellora substancial da accesibilidade das distintas parcelas que repercute directa e positivamente en cadanseu uso, gañando de maneira significativa a funcionalidade dos equipamentos existentes (é evidente que os equipamentos sen o seu viario de acceso non poden ter ningún tipo de uso, e se o teñen pode resultar coartado pola ausencia ou merma de capacidade e seguridade vial nos diferentes accesos, tal e como acontece na actualidade).

Coa modificación proposta non se produce ningunha conversión ou inclusión directa de solo rústico en solo urbano.

O interese público da modificación queda con elo xustificado, tal e como considerou o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo no seu acordo de 24 de decembro de 2002.

Polo que á cualidade da ordenación proxectada se refire, non procede formular ningunha obxección técnica.

As características cuantitativas da modificación proposta son as seguintes:

CLASIFICACION	CUALIFICACION	PXOU VIXENTE	MODIFICACION PUNTUAL 26	DIFERENCIA
SOLO URBANO	1.3.B. VIVENDA FAMILIAR ILLADA DE MEDIA DENSIDADE	76,89	75,32	-1,57
SOLO URBANO	3.2. ZONAS DEPORTIVAS	166,15	119,41	-46,74
SOLO URBANO	3.3. ZONAS CULTURAI E SOCIAIS	1.070,75	336,97	-733,78
SOLO URBANO	4.5. OUTRAS INSTITUCIÓNS	4.039,68	3.081,98	-957,70
SOLO URBANO	4.6 SERVIZOS URBANOS	243,64	118,16	-125,47
SOLO URBANO	PERI GORXAL	639,22	0,40	-638,82
SOLO NON URBANIZABLE (SOLO RÚSTICO SR)	SNU 0 COMÚN (SR DE PROTECCIÓN ORDINARIA)	5.983,13	2.571,73	-3.411,40
SOLO NON URBANIZABLE (SOLO RÚSTICO SR)	SNU 4 PROTEC. FORESTAL (SR DE PROTECCIÓN FORESTAL)	31.044,50	9.858,32	-21.185,88
SOLO NON URBANIZABLE (SOLO RÚSTICO SR)	SNU 6 PROTECCIÓN VIAS (SR DE PROTECCIÓN DE INFRAESTRUC.)	1.594,33	83,32	-1.511,00
SOLO NON URBANIZABLE (SOLO RÚSTICO S.R.)	SNU7 (PROTECCIÓN ARQUEOLÓXICA)	0,00	14.803,88	14.803,88
SOLO URBANIZABLE NON PROGRAMADO (SOLO URBANIZABLE NON DELIMITADO)	PAU 3	607,02	0,72	-606,30
VIARIO	VIARIO	17.000,20	31.414,99	14.414,79
TOTAL		62.465,50	62.465,50	0,00

A modificación puntual produce, xa que logo, un incremento de 14.414,79 m² de superficie destinada a viario e unha diminución de 2.504,08 m² de solo urbano cualificado con distintas ordenanzas, .

Tamén se produce unha diminución de 3.411,40 m2 de solo rústico de protección ordinaria, de 21.185,88 m2 de solo rústico de protección forestal (dos que 14.803,88 m2 pasan a ser considerados solo de protección arqueolóxica), e unha redución de 606,30 m2 de solo urbanizable non programado (non delimitado).

A redución de 957,70 de m2 de superficie de solo urbano cualificado coa Ordenanza 4.5, "Outras Institucións", é debida á ampliación do vial de acceso ó hospital e ó vial de acceso á residencia da terceira idade.

A redución de 125,47 m2 de superficie de solo urbano cualificado coa Ordenanza 4.6 "Servizos Urbanos", por ampliación do viario no borde da residencia da terceira idade existente.

A diminución de 3.411,40 m2 de solo non urbanizable común, polo efecto do novo trazado do vial.

A diminución de 21.185,88 m2 de solo non urbanizable de especial protección forestal, polo novo vial que é preciso trazar por fóra do Castro do Areeiro, e polos 14.803 m2 que pasan a considerarse solo de protección arqueolóxica.

A perda de 1.511 m2 de solo non urbanizable de protección de vías, débese a ampliación do viario, en concreto pola rotonda que se proxecta na desembocadura da ponte sobre a estrada nacional CN-120.

A supresión de 606,30 m2 de solo urbanizable non programado -categoría de solo desaparecida da nova lexislación urbanística- ten lugar a consecuencia do reaxuste viario na parte oeste do ámbito.

O incremento de 14.414,79 m2 de solo destinado a viario pola mellora e ampliación da rede na zona obxecto da presente modificación puntual.

4.- CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

A alteración do contido dos instrumentos de planeamento configúrase como unha potestade administrativa discrecional, o denominado "ius variandi", que corresponde ás entidades locais e a Comunidade Autónoma, como administracións con competencias na formulación do planeamento, para iniciar discrecionalmente a súa modificación ou, no seu caso, revisión, a fin de adaptalo ás esixencias cambiantes do interese público.

Dita alteración, segundo dispón o artigo 93 LOUGA, pode efectuarse mediante a revisión dos mesmos ou a modificación dalgún ou algúns dos elementos que os constitúen. Neste caso, habida conta da entidade e características da variación pretendida, a mesma reviste os caracteres dunha mera modificación de elementos puntuais do Plan Xeral.

De acordo co preceptuado na disposición transitoria primeira 1. g) da vixente LOUGA "as modificacións e revisións do planeamento vixente á entrada en vigor da lei deben axustarse ó disposto na mesma."

Os artigos 93. 4 e 94 da LOUGA establecen que "A revisión do planeamento e as modificacións de calquera dos elementos dos plans, proxectos, normas e ordenanzas suxeitaranse ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación" e que "calquera modificación do planeamento

urbanístico deberá fundamentarse en razóns de interese público debidamente xustificadas."

O artigo 61 LOUGA incorpora, como novidade, á documentación do Plan Xeral de ordenación municipal o estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, que "terá por obxecto a análise e ponderación dos efectos da execución e desenvolvemento das determinacións do Plan Xeral sobre os recursos naturais e o medio físico, a adopción das medidas correctoras necesarias para minimiza-los seus impactos e a valoración da adecuación das infraestructuras e servizos necesarios para garanti-los novos desenvolvementos en condicións de calidade e sostibilidade ambiental, así como a súa coherencia cos obxectivos de protección do dominio público natural. O documento elaborado deberá incluí-la correspondente ficha-resumo das afeccións que puidesen incidir en cada un dos recursos naturais e bens que se van protexer, o catálogo das medidas correctoras, se é o caso, e a xustificación da implantación das novas infraestructuras e servizos urbanos."

Finalmente, o artigo 94. 5 LOUGA determina que: "Non se poderán aprobar modificacións de planeamento que impliquen a diminución ou eliminación de dotacións públicas, sen preve-la substitución das que se eliminan por outras de superficie e funcionalidade similar no mesmo distrito ou sector, segundo se trate de solo urbano ou urbanizable, agás que se xustifique a súa innecesariedade e se manteñan os estándares de reserva mínimos establecidos nesta Lei."

Esta modificación puntual fúndase en razóns de interese público debidamente xustificadas na memoria do proxecto. A modificación incorpora, como anexo, un estudo de sostibilidade ambiental, impacto territorial e paisaxístico, redactado pola Oficina de Actuacións Viarias, no que se analizan e ponderan os efectos da execución e desenvolvemento das novas determinacións da modificación sobre os recursos naturais e o medio físico e se xustifican as solucións adoutadas.

A lixeira diminución de superficies de terreo destinadas a dotacións públicas, que ten lugar por efecto da modificación, ten a súa causa nos axustes e ampliacións na rede viaria pública, e compénsase coas novas dotacións viarias, das que deriva unha mellora significativa da accesibilidade das distintas parcelas e da funcionalidade dos equipamentos existentes.

Toda vez que a modificación afecta -coa pretensión de evitalo- ó Castro Areeiro, xacemento arqueolóxico catalogado GA 36057028, e incide nos accesos a estrada N-120 (Autovía A-52) Vigo-Madrid, o expediente, de acordo coas lexislacións de Patrimonio Histórico e Estradas, o expediente foi remitido a informe da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo e do Ministerio de Fomento.

Cóntase co informe favorable da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, de data 5/08/2003.

De acordo co sinalado pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, do Ministerio de Fomento, no seu informe do 14/10/2003, maniféstase expresamente no proxecto de modificación que :

"En canto ós accesos á estrada N-120 , ou modificación dos existentes, deberase estar ó preceptuado no Título III, Uso e Defensa das estradas,

Capítulo Segundo, Accesos do Regulamento Xeral de Estradas (art. 101 e seguintes) así como axustarse ás determinacións da O.M. de 16 de decembro de 1.997, pola que se regulan os accesos ás estradas do Estado, as vías de servizo e a construción das instalacións de servizo."

Por outra parte, dando cumprimento ó informe do conselleiro da CPTOPV, de 29 de xullo de 2002, solicitouse informe das consellerías de Educación, Sanidade e Servizos Sociais en canto á diminución das respectivas superficies dotacionais, adscritas ás devanditas consellerías, que a modificación comporta. O informe do director xeral de urbanismo da mesma CPTOPV, de data 22 de decembro de 2003 permite a continuación na tramitación do expediente ata a súa aprobación provisional polo Concello, e a posterior remisión á Consellería para aprobación definitiva (art. 85.5 da LOUGA).

Igualmente, ante a circunstancia do contacto do viario, e a rotonda proposta co vial provincial PO-7005 solicitouse, o 12 de xullo de 2.004, informe da Deputación Provincial de Pontevedra, recibíndose, o 17 de agosto de 2.004 , o informe favorable do enxeñeiro T. Xefe da zona sur da Deputación Provincial en canto á rotonda.

O 27 de setembro e o 8 de outubro de 2004 recibíronse os informes solicitados das Consellerías de Sanidade e de Educación e Ordenación Universitaria, que se tiveron en conta na redacción desta documentación final, incorporando un plano informativo P-8 , de proposta de novo viario sobre a nova cartografía .

Igualmente corrixiuse o trazado da rotonda, segundo as alegacións presentadas por D. José Carlos Vila Costas, que se propón estimar parcialmente .

O procedemento tramitarase de conformidade co disposto no art. 85 LOUGA. Como a modificación conleva cambios de clasificación de solos non urbanizables de especial protección que pasan a formar parte do sistema viario pode resultar de aplicación o artigo 95.4 LOUGA, segundo o cal: "A competencia para a aprobación definitiva das modificacións do planeamento que teñan por obxecto a reclasificación de solo rústico de especial protección correspóndelle ó Consello da Xunta de Galicia, logo informe favorable da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia."

É competente para acorda-la aprobación provisional desta modificación puntual o Pleno do Concello, consonte co disposto no artigo 123. 1. i), da LBRL, co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros (artigo 123.2 LBRL). Do mesmo xeito o secretario municipal deberá emitir o correspondente informe xurídico."

Polo anteriormente exposto, os funcionarios informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión do día 3 de febreiro de 2005, propón a aprobación da devandita proposta.

O Secretario xeral do Pleno, con data 25 de febreiro de 2005, presta a súa conformidade ó anterior informe e proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Primeiro.- Aprobar provisionalmente a modificación puntual núm. 26 do Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo de 1993, sobre reordenación de viais na zona de Meixoeiro-Bembrive e accesos ó Hospital do Meixoeiro, segundo a documentación final corrixida redactada polos servizos técnicos municipais da Xerencia de Urbanismo, con data de xaneiro/febreiro de 2004 (expte. 7545/411).

Segundo.- Remítase unha copia do expediente completo debidamente dilixenciado ó conselleiro de Política Territorial Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia para a súa aprobación definitiva, logo de dictame da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia se fose necesario.

10.- (39).- DECLARACIÓN DE NULIDADE DO ACORDO PLENARIO DO 27 DE NOVEMBRO DE 1992, SOBRE CONVENIO DE CESIÓN PARA VIAL DE CIRCUNVALACIÓN, CONCLUIDO CON "MIRAFLORES VIGO, S.A.", E DETERMINACIÓN DAS INDEMNIZACIÓNS PROCEDENTES. CADUCIDADE DO PROCEDEMENTO E INCOACIÓ DE NOVO EXPEDIENTE.

ANTECEDENTES.- Con data 11 de febreiro de 2005, o técnico de admón. Xeral de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo, Sr. González-Yebra Pimentel, informa do que segue:

"1º. Con data 3 de maio de 1992 o ministro de Obras Públicas e Transportes e o alcalde-presidente do Concello de Vigo asinaron un convenio, ratificado polo Concello-Pleno o 10 de xullo de 1992, no que entroutras estipulacions, e con relación á rede viaria no medio urbano, acordabase o que segue:

"A realización das actuacións relativas a rede viaria e que máis adiante se describen quedan condicionadas á efectiva disponibilidad dos solos necesarios para a súa execución.

O Concello de Vigo, aprobará no seu Plan Xeral de Ordenación Urbana (PXOU) toda a rede viaria a que se fai referencia no presente convenio. Con carácter xeral, a Administración Municipal, no exercicio das súas potestades en materia de ordenación do territorio, arbitrará fórmulas no marco do PXOU para que o Estado poida compensarse dos gastos de expropiación mediante a adxudicación do solo co aproveitamento urbanístico.

A fin de conseguir no prazo máis breve posible os terreos afectados nos casos nos que expropie o MOPT, unha vez iniciado o expediente expropiatorio pola Administración estatal, o Concello ofrecerá ós propietarios afectados a posibilidade de materializar o aproveitamento urbanístico dos seus

terreos sobre outros aptos para ser edificados, a cambio da cesión inmediata do solo afectado.

Para a obtención dos terreos destinados á realización do primeiro cinto (tramos Avda. de Madrid-Castrelos e Zona Franca-Bouzas), o M.O.P.T. actuará como Administración expropiante."

2º.- Iniciada polo entón "Ministerio de Obras Públicas y Urbanismo" a expropiación dos terreos necesarios para a execución do primeiro cinto de circunvalación de Vigo -Proxecto 40-PO-2590, de "Acceso a Población. Avda. de Madrid - Vigo. Estrada N-120 PQ 639.3 ó 641.3. Término municipal de Vigo"- no cal figuraba afectada de expropiación, como finca número 5, a parcela propiedade de "Miraflores Vigo, S.A." á que de seguido nos referiremos, levantouse, con data 4 de agosto de 1992, acta previa á ocupación desta parcela, na que se sinalaba como superficie necesitada de ocupación a de 8.808 m².

3º.- Con posterioridade ó levantamento da devandita acta e seguindo as liñas de actuación marcadas no convenio antes referido, o entón concelleiro de Planeamento Urbanístico, en representación do Concello de Vigo e a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." asinaron, con data 26 de outubro de 1992, un convenio a virtude do cal a devandita entidade comprometeuse a ceder ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m² de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio se describen, entoutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida -2 m²/m²- que é de 32.964 metros cadrados. Dito convenio foi ratificado polo Concello-Pleno por acordo de 27 de novembro de 1992.

Nas estipulacións do convenio fíxose constar como condición especial a de que "se por calquera razón non chegase a se aprobar definitivamente a figura de planeamento mencionada no prazo de oito meses contados a partires do momento da presentación da mesma no Rexistro Xeral do Concello, para a súa tramitación, "Miraflores Vigo, S.A." poderá esixir que se reinicie polo Ministerio de Obras Públicas e Transportes o expediente para a determinación do prezo xusto correspondente ó solo da finca cedida por este convenio ó Concello de Vigo."

4º.- Por resolución da Xefatura da Demarcación de estradas do Estado en Galicia, de data 19 de febreiro de 1993, acordouse ampliar a expropiación da expresada finca nº 5 do proxecto de expropiación, obxecto do convenio de cesión ó Concello de Vigo, en 4.855 m² de superficie e que polo representante da Administración se procedese a efectuar o levantamento da acta de ocupación complementaria. Da dita ampliación resulta unha superficie total ocupada de 13.663 m².

5º.- Se ben a cesión da parcela de referencia ó Concello de Vigo non se elevou a escritura pública ata 1999, a mesma foi posta a disposición desta Administración local e ocupada polo actual Ministerio de Fomento a virtude dos devanditos convenios. Non obstante o cumprimento da cesión convenida por parte da entidade "Miraflores Vigo, S.A.", esta Administración municipal non logrou dar cumprimento ó seu compromiso de tramitación do

Plan Especial de Reforma Interior prometido para ordenar os aproveitamentos recoñecidos a "Miraflores Vigo, S.A" en virtude do devandito convenio, pero si aprobou, co Plan Xeral de 1993, para os terreos nos que se pretendía a aprobación do devandito Plan Especial de Reforma Interior, a delimitación dun plan parcial, o denominado Plan Parcial Quirós e as determinacións da súa ficha de características, que incluían a edificabilidade prevista no convenio: "1m2/m2 (*) .- (*) segundo convenio con Miraflores, S.A., incorporando 2 m2/m2 de finca cun total de 32.964 m2 a engadir".

Así as cousas, "Miraflores Vigo, S.A.", con data 20 de decembro de 1996, a medio da formulación de consulta previa, solicitou que a edificabilidade recoñecida no repetido convenio se materializase no ámbito do Plan Parcial Quirós, previsto no PXOU de 1993, de conformidade coa súa ficha. Sen embargo, por considerar que tal posibilidade conlevaba unha importante sobreintensificación de uso no ámbito, proscrita polo artigo 26 da Lei 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación da do solo a Galicia, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 4 de abril de 1997, pronunciouse sobre esta petición no sentido de dispoñer a redacción do Plan Parcial de acordo coa edificabilidade de 1 m2/m2, prevista na súa ficha de características, que se aplicaría á superficie real do polígono, e trasladar a edificabilidade recoñecida á parcela de cesión a solos vacantes, con establecemento de criterios de ponderación en función da futura localización.

6º.- De conformidade con este pronunciamento, o Pleno do Concello de Vigo, en data 3 de agosto de 1998, acordou: "Transferir 31.786 m2 edificables dos 32.964 m2 recoñecidos á entidade "Miraflores Vigo, S.A.", por acordo plenario de 27 de novembro de 1992 ás parcelas de titularidade municipal núms. 9 ó 13, ámbalas dúas inclusive, do proxecto de compensación do polígono I do PERI A Bouza Sur", precisando que "os 1.178 m2 edificables que restan por adxudicar, materializaranse a nome de dita entidade na aprobación do correspondente proxecto de compensación do Plan Parcial Quirós, deducíndose do aproveitamento urbanístico que corresponda á Administración municipal, e coa seguinte observación: A totalidade da edificabilidade que se transfere debe destiñarse a vivendas en réxime de protección oficial: vivendas libres de prezo taxado, vivendas de réxime xeral ou vivendas de réxime especial (...)".

7º.- A medio de escritura pública de 9 de xuño de 1999, autorizada polo notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere, co número 1.497 de orde do seu protocolo, produciuse a transmisión á entidade mercantil "Miraflores Vigo, S.A." de cinco parcelas municipais, sitas no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, resultantes do correspondente proxecto de compensación (fincas núms. "9", "10", "11", "12" e "13"), cunha edificabilidade total de 31.786 m2, afectas ó destino de vivendas en réxime de protección oficial e ó pago da correspondente cota de urbanización. Tamén, na mesma escritura, "Miraflores Vigo, S.A." ratificou a cesión ó Concello de Vigo da finca obxecto do convenio de 26 de outubro de 1992, elevando nese acto o convenio a escritura pública.

Ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, e co número 02/6866/1998, seguíuse recurso contencioso-administrativo en impugnación deste acordo plenario, no que, con data 17 de xullo de 2003, recaeu sentenza, na actualidade firme, anulatoria do mesmo.

8º.- Á vista das recentes resolucións xudiciais recaídas en relación con ámbitos contiguos ó do Plan Especial da Bouza Sur e con xustificación na

conveniencia de reordena-los aproveitamentos urbanísticos da zona -e dentro destes, os previstos para vivendas de protección pública no polígono 1 do PERI da Bouza Sur, para o cal entendiase necesaria a súa adquisición-, posta de manifesto con ocasión da necesidade de execución das ditas resolucións xudiciais, o alcalde-presidente da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data do 19 de setembro de 2001, formulou á entidade "Miraflores Vigo, S.A." unha oferta de precontrato de permuta das devanditas parcelas por bens do Patrimonio Municipal do Solo a determinar no momento da negociación da permuta prometida. Tal oferta de precontrato de permuta, aceptada por "Miraflores Vigo, S.A." en data do 25 de setembro de 2001 e aprobada polo Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo en sesión do 4 de outubro de 2001, non obtivo, sen embargo, a ratificación do Concello-Pleno, á que se subordinou a dita aprobación.

9º.- Non obstante, con data do 14 de febreiro de 2003, en base ó devandito acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo do 4 de outubro de 2001, sobre aprobación do precontrato de permuta referido, e a efectos de concretar o mesmo, a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." presentou unha proposta de posibles parcelas municipais a permutar polas da súa propiedade na Bouza Sur e o Concello-Pleno, con data 28 de abril de 2003, acordou aprobar, nos termos e coas condicións establecidas na parte expositiva do propio acordo, a permuta das parcelas municipais, actuais e futuras, que se describen na citada parte expositiva, polas repetidas parcelas propiedade de "Miraflores Vigo, S.A.", sitas no polígono 1 da Bouza Sur; permuta que se someteu a unha condición resolutoria expresa consistente no feito futuro e incerto de que no recurso contencioso administrativo pendente, interposto contra o acordo plenario de data 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de edificabilidade, recaíse sentenza anulatoria do mesmo.

10.- A permuta outorgouse en escritura pública de data 10 de xuño de 2003, autorizada polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, actuando en substitución e para o protocolo do seu compañeiro de residencia D. Luis Rajoy Brey, co número 539 de orde do seu protocolo. Nesta escritura pública, na súa estipulación cuarta, precisouse que, no caso de que a resolución tivese lugar, a Administración municipal podería optar entre esixir a restitución dos inmobles entregados en permuta ou ben considerar entregados os mesmos en concepto de pago por equivalencia das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio de 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno o 27 de novembro seguinte, para a obtención dunha parcela afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos.

11.- Con data do 17 de xullo de 2003, segundo xa adelantamos, a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dictou sentenza no repetido recurso contencioso-administrativo núm. 02/6866/1998, pola cal, estimando o mesmo, resolveu anular "o acordo plenario do Concello de Vigo de 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aproveitamento urbanístico que se tiña recoñecido á sociedade "Miraflores Vigo, S.A." en convenio de 26 de outubro de 1992, aprobado polo Concello en 27 de novembro seguinte."

12º.- Resolta a permuta a virtude da condición resolutoria expresa nela pactada o Concello-Pleno, con data 21 de novembro de 2003, adoutou o acordo que segue:

"Primeiro.- Ratifica-lo prazo de tres meses seguintes á data en que se notifique a sentenza anulatoria no recurso contencioso núm. 02/6866/1998,

para optar pola restitución dos bens entregados pactado en escritura pública do 10 de xuño do 2003, ampliado un mes máis mediante escritura pública do 17 de outubro do mesmo ano, ambas autorizadas polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González.

Segundo.- Non interpoñer recurso de casación contra a sentenza dictada no recurso contencioso-administrativo núm. 02/6866/1998, pola cal, estimando o mesmo, resolveuse anular "o acordo plenario do Concello de Vigo do 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aproveitamento urbanístico que se tiña recoñecido á sociedade "Miraflores Vigo, S.A." en convenio de 26 de outubro de 1992, aprobado polo Concello en 27 de setembro seguinte."

Terceiro.- Solicitar da Sala do contencioso-administrativo a suspensión xurisdiccional do acordo de transferencia de aproveitamento urbanístico de data 3 de agosto de 1998, no caso de recorrerse a sentenza que o anula en casación por "Miraflores Vigo, S.A.", mediante a solicitude da execución provisional da sentenza ou dunha medida cautelar en tal sentido, a fin de evitar a irreversibilidade ou práctica imposibilidade de reposición da situación de orixe, caso de fracasar aquel.

Cuarto.- Requirir da entidade "Miraflores Vigo, S.A." a restitución dos bens entregados por esta Administración municipal en permuta, acordada polo Concello-Pleno con data 28 de abril de 2003, outorgada en escritura pública do 10 de xuño de 2003, autorizada polo notario de Vigo D. José Antonio Rodríguez González, para o protocolo do seu compañeiro D. Luis Rajoy Brey, co número 539 de orde do seu protocolo, a virtude da resolución expresa da mesma permuta operada como consecuencia do cumprimento da condición resolutoria expresa pactada na mesma e, así mesmo, facer entrega, xa que logo, a "Miraflores Vigo, S.A." das fincas recibidas polo Concello da dita mercantil, sitas na Bouza Sur, a virtude do mesmo contrato.

Quinto.- Obtida que sexa a execución provisional da sentenza, estúdese polos servizos xurídicos municipais a conveniencia de revisar o convenio do 26 de outubro de 1992 ou de iniciar expediente para restituir a parcela cedida polo seu equivalente económico, valorando a mesma con referencia ó momento en que a devolución deveu imposible, cos seus intereses e indemnización a "Miraflores Vigo, S.A." no interese negativo pola realización do convenio, que proporcione a esta mercantil a mesma situación patrimonial que se o contrato non se tivese realizado -gastos ocasionados pola realización do contrato e ganancias que a mercantil deixou de obter pola conclusión do mesmo-, toda vez que a causa da impositividade puido e debeu ser coñecida pola Administración ó momento de contratar.

Sexto.- Adoptada a decisión que corresponda procédase en consecuencia.

Sétimo.- Notifíquese o presente acordo, en legal forma, ós interesados."

13.- Firme a sentenza anulatoria do acordo plenario de 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de aproveitamentos urbanísticos, o Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, en sesión de 4 de decembro de 2003, en base ós antecedentes relatados e ás consideracións xurídicas que se conteñen no informe-proposta de 1 de decembro de 2003, acordou ordenar a incoación de expediente de revisión de oficio para a declaración da nulidade do devandito convenio de 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno por acordo de 27 de novembro de 1992, e que polo Servizo Municipal de Planeamento e Xestión Urbanística se procedese á emisión dos informes pertinentes en orden a determinar as indemnizacións que procedese recoñecer

a "Miraflores Vigo, S.A.", a consecuencia da nulidade que, no seu caso, se declarase do dito convenio e pola imposibilidade de restitución en forma específica a "Miraflores Vigo, S.A." da parcela cedida por esta para o vial de circunvalación a virtude do mesmo, así como das indemnizacións que procedese recoñecer pola responsabilidade municipal por culpa "in contrahendo" na realización do repetido convenio de 1992 que, tamén, no seu caso, se puidese declarar.

14.- En cumprimento deste acordo e en contestación á solicitude de informe sobre o valor da finca cedida por Miraflores Vigo, S.A.", ocupada polo vial de circunvalación, a restituir polo seu equivalente económico, o arquitecto técnico municipal, por dilixencia de 4 de maio de 2004, remitiuse á valoración realizada no seu informe de 18 de novembro de 2003, obrante no expediente número 4484/401, do que se transcribe o que segue:

"INFORMACIÓN URBANÍSTICA

A parcela a que se fai referencia e con respecto á data de 4 de agosto de 1992, (en tramitación o Plan Xeral vixente de 1993), figuraba con respecto ó Plan Xeral de 1988 en solo urbanizable non programado e afectada polo trazado dun sistema xeral viario coincidente sensiblemente co actual 1º cinto de circunvalación entre a Avda de Madrid e a Avda de Castrelos e cun aproveitamento global máximo no plan xeral para os solos urbanizables non programados de 0,25 m²/m².

A parcela a que se fai referencia figura con respecto ó Plan Xeral de 1993, aprobado definitivamente con data 29 de abril de 1993, en solo urbanizable non programado, denominado PAU 2 Campelos, pertencente ó núcleo 16.07 Campelos B, parroquia de Sárdoma, de uso característico residencial e dotacional e como usos compatibles o deportivo. Entre os obxectivos que figuran na ficha figura: "estructurar a zona de transición entre a cidade central e o ámbito rural". O PAU e plan parcial respectivos no foron aínda desenvolvidos.

A parcela figura así mesmo afectada na súa totalidade polo trazado do sistema xeral viario do 1º cinto de circunvalación entre a Avda de Madrid e a Avda de Castrelos.

Os efectos de valoración dos terreos, a lexislación aplicable é a contida na Lei 6/1998 de réxime do solo e valoracións.

Segundo o artigo 27 da Lei 6/1998 de 13 de abril sobre reximen do solo e valoracións e que a su vez remítese ó artigo 16 da mesma, debe distinguirse entre o solo que non delimitado polo planeamento xeral ou para o que non se han establecido condicións específicas para o seu desenvolvemento de aqueles que o plan xeral establece condicións. Neste caso o plan xeral vixente non establece condicións para o seu desenvolvemento polo que en principio lle sería de aplicación o contido do artigo 26 da Lei 6/1998 para solos non urbanizables.

Dito PAU non foi iniciado no seu desenvolvemento desde a aprobación do PXOU. Con independencia de que sería o PAU o que fixase o aproveitamento tipo, hai que facer constar que na memoria do plan xeral establécese como densidade para o solo urbanizable residencial a de 20 vdas./ha., cunha edificabilidade 0,5 m²/m². (Paxs. 87 e 88 da memoria xustificativa do plan xeral).

Así mesmo, o réxime do solo urbanizable non delimitado ven definido na lei 9/2002, de 29 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, no artigo 21º.4: "No solo urbanizable non-delimitado, en tanto non se aprobe o correspondente plan de sectorización, aplicarase o réxime establecido para o solo rústico nesta Lei".

Non obstante, no apartado 4 do artigo 46 da citada Lei, límites de sostibilidade, especificase que: "No resto do solo urbanizable delimitado e no non-delimitado, de uso residencial, hoteleiro ou terciario, a superficie edificable total en cada sector non poderá supera-las 15 vivendas por hectárea nin 0,30 metros cadrados edificables por cada metro cadrado de solo.

O apartado d) da disposición transitoria 1ª da lei 9/2002 de 29 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, expresa que: "ó solo urbanizable non-programado, apto para urbanizar ou rústico con aptitude para ser incorporado ó desenvolvemento urbanístico, aplicaráselle o disposto nesta lei para o solo urbanizable non-delimitado, sen prexuízo de respectar os usos e as intensidades previstos polo planeamento xeral vixente".

Segundo o artigo 27 da Lei 6/1998 que á súa vez se remite ó artigo 16 da mesma, debe distinguirse entre o solo que non foi delimitado polo planeamento xeral o para os que non foron establecidas condicións específicas para o seu desenvolvemento de aqueles os que o plan xeral establece condicións. Neste caso e a xuízo do técnico que subscribe ós efectos de valoración debería terse en conta o citado con anterioridade, sendo de aplicación o contido do artigo 27 da Lei 6/1998 para solos urbanizables, baseándose na xurisprudencia segundo a cal o destiño dotacional ou para sistemas xerais dun determinado solo xustifica que ós efectos da súa valoración se faga como si de solo urbanizable programado se tratara, aínda que no plan xeral figure como solo urbanizable non programado. (S.T.S. de 6/06/2000, 12/12/2000 e 19/12/2000).

Segundo o artigo 27 da Lei 6/1998, o valor do solo urbanizable obteráse por aplicación, ó aproveitamento que lle corresponda, do valor básico de repercusión en polígono, que será deducido das ponencias de valores catastrais. Nos supostos de inexistencia ou perda de vixencia dos valores das ponencias catastrais, aplicaranse os valores de repercusión obtidos polo método residual.

VALORACIÓN: No presente caso, dado que os valores das ponencias catastrais non teñen vixencia, o estar calculadas por planes xerais anteriores, emprégase o método residual contido na propia normativa catastral (R.D. 1020/93), partindo de valores de venta do produto inmobiliario a realizar e deducindo de éste os custos de produción de dito produto. Na norma 16 do citado R.D., establececese a fórmula que debe empregarse para o cálculo do valor de repercusión do solo.

A valoración realízase, calculando o valor en base ó seu mais intensivo e mellor uso posible, e consistindo a súa estimación na detracción dos valores de inmobles actuais en venta o conxunto de gastos de urbanización, xestión, etc.

A fórmula a empregar é a seguinte:

$$Vv = (Vs + Vc) \times 1,40 \times K$$

$$Vs = Vv / 1,40 \times K - Vc$$

Sendo: Vv = Valor en venta de edificaciones semellantes no mercado da zona. (Edificación en bloque colectivo ou unifamiliar, uso residencial, cualidade media alta, nova construción).

Vc = Valor de construción de cualidade similar, engadindo neste caso os gastos dos costes de urbanización por executar.

K = Factor de localización que depende do mercado.

Vs = Valor residual do solo, neste caso valor da edificabilidade expresado en €.

Como valor en venta Vv, e por datos do mercado, adóptase a cifra de 1.442,43 €/m². (158.667,19 € vivenda de 110 m²).

Como valor de construción, utilízase a media dos custos de execución material para a construción dun edificio de vivendas de clase media, 570,96 €/m²

Os custos de urbanización correspondentes ó aproveitamento, cifranse na cantidade de 72,09 €/m² c

O custo total da construción e da urbanización é de : $Vc = 570,96 + 72,09 = 643,05 \text{ €/m}^2\text{c}$.

Tendo en conta as condicións de mercado, utilízase un factor de localización K de 1,00.

O valor do solo por repercusión, en aplicación da fórmula resulta:

$$Vs = 1.442,43 \text{ €/m}^2 / 1,4 \times 1,0 - 643,05 \text{ €/m}^2\text{c}$$

$$Vs = 387,26 \text{ €/m}^2\text{c}$$

Tendo en conta o aproveitamento neto de 6.687,00 m² construídos, resultado de aplicarlle á superficie do ámbito de 14.860,00 m² o coeficiente 0,5 m²/m² e ó resultado aplicarlle o 90% derivado das determinacións do artigo 23º da lei 9/2002, o valor da parcela resulta ser:

$$Vs = 387,26 \text{ €/m}^2 \times 6.687,00 \text{ m}^2 \text{ c}$$

$$Vs = 2.589.607,62 \text{ €}$$

Ó citado valor será necesario incluírlle o 5% de premio de afección, que resulta ser de 129.480,38 €, polo que o total da valoración supón a cifra de:

2.719.088,00 €."

15.- Á vista deste informe, o técnico de administración xeral que asina a presente proposta emitíu, con data 2 de xuño de 2004, o informe que segue:

"I. Tal e como se di no informe-proposta de 15 de setembro de 2003, sexa pola nulidade do convenio de 1992, dada a imposibilidade orixinaria da modificación de planeamento pretendida, ou sexa pola súa ineficacia, debida á falta de incorporación da modificación de planeamento contemplada no convenio ó Plan Xeral -como sostén a sentenza anulatoria-, de conformidade cos preceptos que no mesmo informe se invocan, ó terse o convenio executado

S.Ordinaria 28.02.04

en parte, ante a imposibilidade da devolución en forma específica da parcela cedida a virtude do convenio, procederá a entrega do valor que tiña aquela cando se perdeu, esto é, cando se afectou ó vial de circunvalación, cos intereses desde a mesma data. Pero, ademais desta obriga de natureza extracontractual, no presente caso concorre tamen, na opinión deste informante, un suposto de responsabilidade por culpa "in contrahendo" municipal, tamén de natureza extracontractual, toda vez que a causa da imposibilidade da modificación do planeamento prevista no convenio debeu ser coñecida por esta Administración, o que obriga a esta a responder fronte a "Miraflores Vigo, S.A." polo interese negativo no cumprimento do convenio, esto é pola cantidade que coloque ó contratante na mesma situación en que se encontraría se o contrato no se tivera realizado, o que inclúe os gastos ocasionados polo contrato e as ganancias que o suxeito deixou de obter ó concluir este.

No que á parcela cedida, a devolver por equivalencia, se refire, e habida conta a indicada responsabilidade -polo valor da cosa cando se perdeu, cos seus intereses, e polos gastos ocasionados e ganancias deixadas de obter a causa do contrato-, cabe entender que a necesidade de proporcionar a "Miraflores de Vigo, S.A." a mesma situación patrimonial en que se atoparía se o contrato non se tivera realizado, esixe, para cuantificar a indemnización polo equivalente económico da parcela, a taxción a mesma ó día de hoxe, de modo análogo e co mesmo fundamento que a "retaxación" no procedemento de expropiación forzosa: a depreciación da moneda e as variacións no prezo das cousas que fan que, en moitas ocasións, os intereses non compensen o valor do ben expropiado, no presente caso o valor da parcela a devolver polo seu equivalente económico.

II. Seguindo o anterior criterio para a determinación do importe do equivalente económico da parcela, o aparelador municipal, no seu informe de 18 de novembro de 2003, obrante no expediente, realiza a valoración da dita parcela, que considera vixente a data de hoxe, por un importe de de 2.719.088,00 €, (452.429.052,32 Ptas.).

III. A dita valoración, á vista da clasificación do solo no que se empraza a parcela no vixente PXOU de Vigo -solo urbanizable non programado, incluído no núcleo de nova creación 16 07 CAMPELOS B, para o que se sinalan como usos característicos os residenciais, dotacionais e de zonas verdes-, parte dunha consolidada doutrina xurisprudencial, segundo a cal o destiño dotacional ou para sistemas xerais -avocados a servir ó conxunto urbano polo planeamento-, dun determinado solo xustifica que a súa valoración se faga como se de solo urbanizable programado se tratase aínda que no planeamento veña clasificado como urbanizable non programado. (Sentenzas do Tribunal Supremo de 6 de xuño de 2000, RX 5937, 12 e 19 de decembro de 2000, RX 10026 e 10030, respectivamente, e todas as que estas citan); xurisprudencia que, no caso que nos ocupa -sistema xeral local- non resulta excepciónada polo disposto no artigo 25 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (LSRSV), na súa nova redacción dada pola Lei 53/2002, de 30 de decembro.

De acordo con esta doutrina e en aplicación do artigo 27. 2 LSRSV, calculouse o aproveitamento correspondente á parcela, de conformidade coa precisión do apartado oitavo da Memoria xustificativa do Plan Xeral. Ámbito exterior ó Núcleo central -clasificación e cualificación do solo-, segundo a cal: "En canto ós Núcleos de nova creación de carácter residencial en Solo Urbanizable Programado establece unha densidade de vinte vivendas por hectárea e unha edificabilidade de 0.5 m²/m² (...)".

De conformidade co mesmo artigo 27 LSRSV, e dado que os valores das ponencias catastrais perderon a súa vixencia, ó estar calculadas por plans xerais anteriores, empregouse para a obtención do valor de repercusión do solo o método residual contido na propia normativa catastral (R.D. 1020/93), partindo de valores de venta do produto inmobiliario a realizar e deduciendo de este os custos de produción de dito produto.

Finalmente, a valoración total final da parcela inclúe un 5 por 100 do valor estimado para a mesma, como premio de afección, toda vez que as razóns que xustifican o seu pago na expropiación --a privación do ben o dereito de maneira forzosa-- concurren, tamén, aquí o devir imposible a devolución.

IV. Os demais gastos que a realización do contrato puidera ter ocasionado á "Miraflores de Vigo, S.A.", así como as ganancias que esta puidera ter deixado de obter pola conclusión do mesmo, deberían ter sido acreditadas pola devandita mercantil, sen que a esta data, fóra das conversas mantidas cos representantes municipais, se teña presentado pola interesada, alegación, documento ou xustificación ningunha en xustificación de tales prexuízos."

16.- A interesada, "Miraflores Vigo, S.A.", á que, con data 19 de decembro de 2003, se lle notificou o acordo antes citado do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sobre iniciación do expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do repetido convenio de cesión, non presentou, a data de 2 de xuño de 2004, alegacións, documentos nin xustificación ningunha en defensa dos seus dereitos e en orde a determinar as indemnizacións procedentes.

17.- Así as cousas e como queira que transcurriera o prazo máximo de tres meses establecido no artigo 102.5 LRX-PAC para a resolución dos procedementos de revisión de oficio de actos nulos, como é o presente procedemento, o Concello-Pleno, en sesión de 28 de xuño de 2004, acordou, ó tratarse dun expediente incoado de oficio, declarar a súa caducidade, se ben, ó subsistir as razóns de feito e de dereito que xustificaron a súa incoación, tal declaración de caducidade foi acompañada dun acordo de iniciación dun novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do mesmo convenio ó que se terían por incorporados os informes emitidos no declarado caducado.

18.- Formuladas por "Miraflores Vigo, S.A." no novo procedemento as alegacións que considerou oportunas e practicada a proba proposta por esta, foi formulada por este técnico informante, con data 13 de outubro de 2004, a proposta de resolución que segue:

"Examinadas as alegacións formuladas no expediente pola mercantil "Miraflores Vigo, S.A.", as probas practicadas a solicitude desta e os informes técnicos emitidos en relación as mesmas, emítese o seguinte informe:

I. No informe do 12 de novembro de 2002, emitido a petición do entón concelleiro D. Delfin Fernández Álvarez, sobre a conclusión do contrato de permuta a que se fai referencia na exposición de feitos do expediente, faciase unha consideración final en relación cos efectos da eventual sentenza anulatoria do acordo plenario do 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de aproveitamento ó polígono I do PERI A Bouza Sur. A de que producida a sentenza firme anulatoria con anterioridade á permuta, a

Administración municipal encontraríase na posibilidade de reconsiderar o valor do equivalente económico da parcela "Miraflores", cedida, no seu día, para o cinto de circunvalación; isto é, na posibilidade de realizar un estudo detido tanto da xurisprudencia citada no diito informe como das opinións doctrinais sobre a determinación do valor que procede atribuir ás parcelas cedidas á Administración a virtude dun convenio urbanístico de planeamento que, ó final, non pode levarse a cumprimento, cando as parcelas cedidas son de imposible devolución. O dito detido estudo tomaría, ademais, en consideración os pronunciamentos e consideracións da eventual sentenza estimatoria do recurso presentado.

A dita posibilidade -diciáse- habería de se fundar no principio de indispoñibilidade das potestades administrativas de planeamento, que é o principio básico e constante na Xurisprudencia en materia de convenios urbanísticos de planeamento. Dito principio conduce, --decía este informante-- á exclusión das modificacións de ordenación contempladas nos convenios de planeamento como posible obxecto dos mesmos e impón a súa consideración como condicións -suspensivas ou resolutorias- destes, ou, no mellor dos casos, como prestación, obxecto do convenio, suxeita á condición de que ó interese público, no curso do procedemento da modificación do planeamento, non aconselle unha solución de ordenación distinta.

Así, de acordo con esta doutrina, para o caso de non se aprobar a modificación do planeamento pretendida non sería esixible a entrega do equivalente económico dos aproveitamentos contemplados no convenio, senón -de conformidade co disposto no artigo 1.123 do Código Civil para as condicións resolutorias dos contratos- a do equivalente económico da parcela cedida, ordinariamente inferior.

Esta doutrina -concluía- podería fundamentar, nun eventual proceso contencioso-administrativo, o atemperamento xurisdiccional do valor da parcela se o resultante do convenio excedese notablemente dos prezos xustos fixados para terreos análogos no expediente expropiatorio seguido para a execución do vial de circunvalación.

Coa finalidade de salvagardar a posibilidade municipal, anteriormente apuntada, de reconsiderar o valor do equivalente económico da parcela cedida por "Miraflores Vigo, S.A.", e realizar o detido estudo a que nos acabamos de referir, se a eventual sentenza anulatoria do repetido acordo plenario recaise antes da permuta pretendida, no acordo plenario do 28 de abril de 2003, aprobatorio da permuta, introduciuse unha condición resolutoria expresa para a mesma, consistente no feito futuro e incerto de que no recurso contencioso administrativo pendente, contra o acordo plenario data 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de edificabilidade, recaise sentenza anulatoria do mesmo.

Expresamente indicábase no acordo de permuta a non necesidade, para a eficacia da condición resolutoria, da firmeza da eventual sentenza anulatoria. E isto co fin de excluír calquera referencia á vontade municipal como determinante do momento do cumprimento da condición e, sobre todo, para evitar dilacións que puidesen facer ilusoria a restitución dos bens permutados habida conta o tempo que habería de transcorrer ata a eventual firmeza da sentenza.

Doutra parte, recollíase, tamén, na mesma estipulación a posibilidade de que, operada a resolución da permuta polo cumprimento da devandita condición, o Concello, en vez de esixir a restitución dos bens municipais

entregados en permuta, puidese, pola súa elección e á vista do dito estudo, considerar entregados tales bens en concepto de pago por equivalencia das obrigas asumidas polo Concello de Vigo no convenio de 1992.

II. En punto á concreta natureza convencional dos convenios urbanísticos, a xurisprudencia non soe pronunciarse expresamente sobre a mesma como non sexa para xustificar á condena da Administración demandada ó cumprimento dunha determinada obriga (STS do 29 de abril de 1989, RX 3305, do 7 de novembro de 1990, RX 8805, do 18 de xullo de 1994, RX 5543). Noutras ocasións, sen embargo, discutíndose a existencia dun contrato ou convenio previo, xerador de obrigas para a Administración demandada, o Tribunal Supremo recorre a outros expedientes para xustificar a condena daquela: a teoría do enriquecemento sen causa ou a responsabilidade patrimonial da Administración. Así obsérvase nas sentenzas do 28 de xuño de 1983 (RX 5702) e na de 2 de xuño de 1999 (RX 3650), sobre condena á Administración demandada ó pago dunha indemnización ós actores como consecuencia dunha anterior cesión de terreos por estes, en base ós preceptos que regulan a responsabilidade patrimonial da Administración, aínda que a concreta fundamentación da estimación parece responder máis ben á doutrina do enriquecemento sen causa.

III. En calquera caso, a falta de cumprimento do convenio urbanístico do planeamento, obxecto do presente expediente, que esta Administración municipal ten expresamente recoñecido nas actuacións deste expediente, non se rexe polo artigo 113.3 TRLCAP, como afirma "Miraflores Vigo, S.A.", senón, como contrato nulo que é, polos artigos 61 e seguintes do mesmo texto e 1.272 do Código Civil.

Así, teñase ou non incorporado o dito convenio ó vixente planeamento urbanístico xeral de Vigo, o certo é que, tendo o solo no que se contemplaba o emprazamento dos aproveitamentos urbanísticos previstos no convenio a clasificación de urbanizable, a obriga municipal de incluír no devandito solo, ademais da súa propia edificabilidade de 1 m²/ m², a de 2 m²/ m², pola parcela cedida, era orixinariamente imposible, pois os artigos 26 da LASGA, e 24 da Lei do solo de Galicia de 1997 establecían unha densidade máxima de 75 vivendas por hectárea, pudiendo establecerse densidades de ata 100 vivendas/Ha. sempre que a superficie total construída non superase os 8.250 m² por hectárea; do que resultaba que no ámbito do Plan Parcial Quiros, de 46.125 m² de superficie, a edificabilidade residencial máxima sería de 38.053,125 m². Tamén o artigo 46.3 da vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, establece para o solo urbanizable delimitado de uso residencial, hotelero ou terciario unha superficie edificable total para cada sector non superior a 1 metro cadrado edificable por cada metro cadrado de solo, en municipios con poboación superior a 50.000 habitantes.

A imposibilidade orixinaria da prestación municipal de ordenar no ámbito do Plan Parcial Quiros, como solo urbanizable que é, os aproveitamentos urbanísticos correspondentes a este ámbito --1 m²/ m²-- máis os 32.964 m² de edificabilidade --2 m²/ m²-- pola parcela cedida, determina, de conformidade cos artigos 62.1.C. LRXPA -nulidade dos actos que teñan un contido imposible--, 61 e seguintes TRLCAP e 1272 CC, a nulidade de pleno dereito do convenio obxecto do expediente.

IV. As consecuencias da dita nulidade establécense nos artigos 65 TRLCAP e 1303 e seguintes CC. De acordo cos ditos preceptos, as partes deberanse restituir recíprocamente as cousas que recibiran a virtude do convenio e se

esto non fora posible o seu valor. Ademais, como queira que a causa da impositividade da modificación de planeamento, debera ser coñecida por esta Administración ó tempo de concluir o convenio concorre, tamén, no presente caso, un suposto de responsabilidade por "culpa in contrahendo" municipal, de igual natureza extracontractual, a virtude da cal o Concello de Vigo deberá responder fronte a "Miraflores Vigo, S.A." polo interese negativo no cumprimento do convenio, isto é, pola cantidade que coloque a dita mercantil na mesma situación na que se atoparía se o contrato non se tivese realizado, o que inclúe os gastos ocasionados polo convenio e as ganancias que a mercantil deixou de obter, non polo incumprimento do convenio, senón pola conclusión do mesmo.

V. Pero, ademais de canto vimos de dicir, non cabe admitir tampouco as teses da alegante sobre as consecuencias xurídicas do apartamento pola Administración da ordenación prevista no convenio naqueles supostos nos que non quepa constatar a orixinaria imposibilidade de aprobar definitivamente a ordenación contemplada nos convenios urbanísticos de planeamento.

Non obstante a claridade e rotundidade con que se afirma o principio de indispoñibilidade da potestade de planeamento pola xurisprudencia, tal afirmación ven resultar, nalgúns ocasións, contradictoria, polo menos aparentemente, coas demais declaracións que soen acompañala nas sentenzas nas que se produce: naqueles supostos en que tal declaración ten lugar - polo xeral de petición de anulación do acto recorrido por non axustarse ó pactado- a pretendida configuración bilateral ou sinalagmática do convenio debería conducir a declarar a súa nulidade por inidoneidade de obxecto e ilicitude de causa, de acordo cos artigos 1.261, 1.271 e 1.275 do Código Civil. Sen embargo o Tribunal Supremo entende que tal indispoñibilidade éo "sen prexuízo das consecuencias que xa noutro terreno poida desencadear o apartamento de convenios anteriores", ou "independentemente de que poidan xerar o dereito a unha indemnización" así como que "calquera suposto incumprimento por parte da Administración ó formular un Plan non deixa aberto a este outro camiño que o da reclamación con base no artigo 1124 do Código Civil, sobre as accións resolutorias (sentenzas do 29 de novembro de 1989, RX 8371; do 7 de febreiro de 1990, RX 9709; e 13 de marzo de 1991, RX 1998).

¿Cáles son estas consecuencias?

A referencia ó artigo 1.124 do Código Civil resulta contradictoria porque, como advirte Rodríguez de Santiago ("Los convenios entre Administraciones Públicas", Marcial Pons, Ediciones Jurídicas y Sociales, S.A.. Madrid 1997, pag. 208, nota 166), a reclamación conforme a este artigo presupón un contrato válido e eficaz -que é incumplido polas partes- mentras que das argumentacións do Tribunal Supremo, dedúcese a invalidez deste tipo de convenios; pero tamén resulta contradictoria tal referencia porque a condición resolutoria tácita do artigo 1.124 do Código Civil refírese a obrigas recíprocas, a contratos bilaterais ou sinalagmáticos, e das declaracións do Tribunal Supremo resulta tamén patente que dos convenios axuizados non naceu ningunha obriga recíproca -de modificación do planeamento nun concreto sentido- para a Administración.

Máis matizada, sen embargo, se presenta a expresión, que veu consolidarse na xurisprudencia, de "apartamento de convenios anteriores" para xustificar, en tal caso, a posibilidade de consecuencias resolutorias ou indemnizatorias. E isto, porque "apartamento" non é equivalente de "incumprimento" -cando menos parece que se quere evitar polo Tribunal

Supremo a utilización desta última expresión- senón mais ben, e no que aquí interesa, lícita rectificación respecto dunha inicial postura adoptada pola Administración actuante en materia de ordenación urbanística e, ademais, porque, con todo, o Tribunal Supremo admite, implícitamente, a existencia dun posible contrato ou convenio, válido e xerador de obrigas, no pacto previo do cal se apartou a Administración.

Parece como se o Tribunal Supremo, nunha interpretación extensiva do precepto contido no artigo 1.276 do Código Civil ("A expresión de causa falsa nos contratos dará lugar á súa nulidade se non se probara que estaban fundados noutra verdadeira e lícita") reinterpretara o convenio admitindo a posibilidade de que a causa das obrigas privadas non fora a prestación da Administración consistente nunha determinada modificación do planeamento, senón a propia vontade do oferente que asume obrigas por riba das legais co propósito de que tales compromisos, devidos firmes pola aceptación da Administración, poidan ser ponderados por esta no procedemento e no momento da decisión sobre a concreta ordenación urbanística a adoptar.

Así as cousas, non obstante a indispoñibilidade da potestade de planeamento, existiría un verdadeiro contrato no convenio previo; un contrato polo que a parte privada asume obrigas distintas das establecidas pola lexislación urbanística, para o caso de que a modificación de planeamento proposta se produza. A dita obriga en canto que aceptada pola Administración é, aínda que suxeita a condición, é perfectamente válida, e non suscita -por aquela aceptación- os problemas que presenta, como fonte das obrigas, a mera vontade unilateral non aceptada. A modificación do planeamento constitúese en condición suspensiva ou resolutoria dun contrato unilateral no que só se obriga ó administrado contratante coa finalidade de que a súa prestación configure unha hipótese de interese público que aconselle ou xustifique a modificación de planeamento pretendida.

Desta forma, o lícito apartamento -que non incumprimento- da Administración, respecto da decisión de ordenación inicialmente pactada provoca, ou pode provocar, consecuencias resolutorias -ordinariamente devolución, en forma específica ou por equivalencia, das cousas anticipadas a virtude do convenio, cando a modificación do planeamento prevista non pode operarse por razóns de interese público-, que derivan directamente do convenio urbanístico cando este está suxeito, ou se entende suxeito, a unha condición resolutoria expresa.

Cando, polo contrario, as obrigas da parte privada e, no seu caso, as lícitamente contraídas pola Administración se suxeitan, ou se entenden suxeitas, a condición suspensiva -a modificación do planeamento prevista no convenio- a declaración contida na sentenza do 15 de decembro de 1993 (RX 9.561) -os convenios urbanísticos por si mesmos carecen de validez e obrigatoriedade, pero en canto se incorporan ó plan gozan e corren a mesma sorte que este- cobra pleno sentido, pois só coa aprobación do Plan que contén a ordenación proposta despreza o convenio os seus efectos; ata ese momento o convenio, se ben válido, non é eficaz.

A doutrina alemana, tal e como sinala Rodríguez de Santiago (Ob. cit. páxs. 216 e 217), no mesmo sentido que acabamos de apuntar, ten posto empeño en destruír calquera aparencia dunha configuración sinalagmática destes convenios, co obxecto de poñelos a salvo dos reparos que esta configuración traería consigo. O Municipio -se di- non contrae en sentido estricto ningunha obriga esixible de aprobar un plan cun contido determinado. Aquí, o acto xurídico público (a aprobación do plan) non é unha prestación á que

se obrigue o municipio, senón só unha condición para que despregue a súa eficacia a obriga da contraparte (a do empresario). Segundo a doutrina maioritaria, unha auténtica obriga só é a de pagamento -ou cesión de terrenos- do particular, que, non obstante, queda condicionada á aprobación dun plan urbanístico. Non estamos ante un contrato sinalagmático, senón ante un contrato unilateral, do que nacen obrigas para unha soa das partes. Entroutras consecuencias, esta construción implica a imposibilidade de esixir a aprobación do plan nos termos previstos, porque non hai aquí incumprimento ningún da Administración se definitivamente se afasta do proxecto inicial, así como que a indemnización que, no seu caso, correspondese ó particular tampouco se deba en concepto de incumprimento.

Sen embargo, outra liña doutrinal alemana, representada por Stettner, Dossmann e Birk (A. HUERGO LORA: "Los convenios urbanísticos" Ed. Cívitas, S.A., Madrid 1998, pax. 201), sostén que nos convenios de planeamento a Administración asume unha auténtica obriga de aprobar o plan, ben que suxeita á condición de que o procedemento da súa aprobación non a revele como inadecuada ou menos adecuada ó interese público que outras solucións de ordenación; condición que poderá terse por cumprida cando a Administración impida voluntariamente o seu cumprimento.

As diferencias entre estas dúas teses radican na estrutura obrigacional dos convenios de planeamento e o seu réxime de responsabilidade.

O réxime dos convenios de planeamento, configurados como contratos unilaterais suxeitos a condición, viría dado, no noso Dereito, polas disposicións contidas nos artigos 1.113 e seguintes do Código Civil, dedicados ás obrigas puras e ás condicionais e, concretamente, polo que se refire as condicións que teñan por obxecto resolver obrigas de dar, polos artigos 1.123: "cumpridas aquelas (os interesados) deberán restituirse o que percibiran" e 1.122, para o caso de perda, deterioro ou mellora da cousa.

Se, polo contrario, se entende que a potestade de planeamento pode ser obxecto de convenio para a regulación do seu exercicio nun caso concreto, sempre que non se predetermine o resultado do procedemento de aprobación do plan, xa suxeitando a obriga da Administración á condición vista, xa aprobando o texto definitivo do convenio con posterioridade ó trámite de información pública do procedemento de aprobación do plan, entón a configuración do convenio sería diferente. Trataríase dun convenio bilateral no que a Administración asume unha obriga de aprobar ou modificar o Plan, suxeita a condición -que o procedemento de aprobación non a revele como inadecuada ó interese público- e que, de acordo co artigo 1.119 del Código Civil, poderá terse por cumprida cando o debedor impida voluntariamente o seu cumprimento, o que daría lugar á responsabilidade contractual da Administración que cubrirá o interese positivo no convenio, isto é, non só o dano emerxente senón, tamén, o lucro cesante. Pero, se o incumprimento da condición se fundase en motivos de interese público, a consecuencia sería a resolución do contrato e a restitución do entregado.

En ámbalas dúas hipóteses os réximes de responsabilidade propostos enténdense sen prexuízo das indemnizacións procedentes pola redución do aproveitamento urbanístico nos supostos de alteración do planeamento, cando producida a modificación de planeamento en termos distintos ós contemplados no convenio, concorran as circunstancias do artigo 41 LSRS e da reparación do dano polo interese negativo, nos casos de concurrencia de "culpa in contrahendo".

As devanditas posicións doctrinais son sostidas na nosa doutrina científica por Rodríguez de Santiago e Huergo Lora, respectivamente.

Sen profundizar nesta discusión, creemos que pode sosterse a consideración dos convenios de planeamento como contratos bilaterais nos que a promesa ou prestación, condicionada á aprobación del planeamiento, da parte privada - ou pública non urbanística- ten por causa inmediata o mero compromiso da Administración urbanística de tramitar, sobre a base da inicial oportunidade da ordenación contemplada no convenio, o procedemento para a aprobación ou modificación do planeamento, no que se pondere a conveniencia para o interese público da oferta realizada por aquela e se adopte a resolución que con arreglo ó mesmo proceda. A súa vez, este compromiso da Administración urbanística tería a súa causa na promesa ou prestación condicionadas da outra parte. Poderá discutirse que esta obriga de tramitar o procedemento de modificación ou aprobación do planeamento ten a súa orixe na Lei ou no contrato -o que determinaría a súa consideración como contrato unilateral ou bilateral, pero o certo é que a actuación da Administración ven directamente determinada pola promesa ou prestación condicionadas da outra parte.

Por otro lado, a cuestión da admisibilidade da preferencia do interese público pola solución de ordenación convida, como auténtica condición dunha verdadeira obriga da Administración urbanística de aprobar a solución de ordenación contemplada no convenio de planeamento e a posibilidade do seu cumprimento ficticio, parece resolverse, á luz da doutrina xurisprudencial sentada sobre a posibilidade de substitución polos tribunais das determinacións de planeamento anuladas na vía xurisdiccional. De acordo con esta doutrina, toda vez que a Administración non pode adoptar caprichosamente calquera decisión de planeamiento e que esta, baixo pena de nulidade, ten de estar necesariamente xustificada e fundada en criterios de racionalidade; anulada en vía xurisdiccional -na que ordinariamente se resolverá o problema que nos ocupa- a solución de ordenación aprobada, distinta da contemplada no convenio, pola súa insuficiente ou inadecuada xustificación, so procederá á incorporación forzosa ó plan da ordenación prevista no convenio "si las líneas del planeamiento conducen a (esa) solución que se impone por razones de coherencia.", toda vez que, "si son posibles varias soluciones todas ellas lícitas y razonables, únicamente la Administración, actuando su potestad discrecional de planeamiento, podrá decidir al respecto" (STS de 2 de abril de 1991).

En consecuencia con esta doutrina, e á vista do novo precepto contido no artigo 71.2 LRJCA, creemos que se non é posible substituir as determinacións de planeamento anuladas polas pactadas no convenio, tampouco cabe condenar ó cumprimento destas por equivalencia: en tanto non se produza unha declaración sobre a preferencia do interese público pola solución de ordenación convida, a imposibilidade da prestación debe considerarse como absoluta e non como subxectiva, polo que non cabe o seu cumprimento por equivalencia. O que en tal caso procederá será unha nova e motivada decisión da Administración no exercicio da súa potestade discrecional de planeamiento que nos devolve ó momento da aprobación provisional ou definitiva do planeamiento a que se refira o convenio.

VI. No que a parcela cedida, a devolver por equivalencia, se refire, e habida conta a indicada responsabilidade -polo valor da cousa cando se perdeu, cos seus intereses (artigo 1307 do Código Civil), e polos gastos ocasionados e ganancias deixadas de obter a causa da conclusión do

contrato-, cabe entender que a necesidade de proporcionar a "Miraflores de Vigo, S.A." a mesma situación patrimonial na que se atoparía se o contrato non se tivera realizado, esixe, para cuantificar a indemnización polo equivalente económico da parcela, a taxación á mesma ó día de hoxe, de modo análogo e co mesmo fundamento que a "retaxación" no procedemento de expropiación forzosa: a deprezación da moneda e as variacións no precio das cousas que fan que, en moitas ocasións, os intereses non compensen o valor do ben expropiado, no presente caso o valor da parcela a devolver polo seu equivalente económico.

Neste sentido a pretensión de "Miraflores Vigo, S.A." da valoración da parcela a restituir por equivalencia con referencia a data na que o Concello-Pleno acordou esixir á dita mercantil a restitución dos bens entregados en permuta debe entenderse asumida no propio acordo iniciador deste procedemento.

VII. A valoración foi realizada polo arquitecto técnico municipal á vista da clasificación do solo no que se empraza a parcela no vixente PXOU de Vigo -solo urbanizable non programado, incluído no núcleo de nova creación 16 07 CAMPELOS B, para o que se sinalan como usos característicos os residenciais, dotacionais e de zonas verde-- e partindo dunha consolidada doutrina xurisprudencial, segundo a cal o destiño dotacional ou para sistemas xerais a-vocados a servir ó conxunto urbano polo planeamento-, dun determinado solo xustifica que a súa valoración se faga como se de solo urbanizable programado se tratase aínda que no planeamento veña clasificado como urbanizable non programado. (Sentenzas do Tribunal Supremo de 6 de xuño de 2000, RX 5937, 12 e 19 de decembro de 2000, RX 10026 e 10030, respectivamente, e todas as que estas citan); xurisprudencia que, no caso que nos ocupa -sistema xeral loca-- non resulta excepciónada polo disposto no artigo 25 da Lei 6/1998, de 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións (LSRSV), na súa nova redacción dada pola Lei 53/2002, de 30 de decembro.

De acordo con esta doutrina e en aplicación do artigo 27. 2 LSRSV, calculouse o aproveitamento correspondente á parcela, de conformidade coa precisión do apartado oitavo da Memoria xustificativa do Plan Xeral. Ámbito exterior ó Núcleo Central -Clasificación e cualificación do solo-, segundo a cal: "En canto ós Núcleos de nova creación de carácter residencial en Solo Urbanizable Programado establece unha densidade de vinte vivendas por hectárea e unha edificabilidade de 0.5 m²/m² (...)".

Tamén, de conformidade co mesmo artigo 27 LSRSV, e dado que os valores das ponencias catastrais perderon a súa vixencia, o estar calculadas por plans xerais anteriores, empregouse para a obtención do valor de repercusión do solo o método residual contido na propia normativa catastral (R.D. 1020/93), partindo de valores de venda do produto inmobiliario a realizar e deducindo de éste os custos de produción do dito produto.

Por último en canto a superficie da parcela a considerar para proceder a súa valoración, tomouse como tal a real da parcela a devolver por equivalencia, isto é os 14.860 m², consignados no informe do topógrafo municipal de 22 de outubro de 2002 e non os 16.482 que figuran na súa inscrición rexistral.

Seguíronse, pois os criterios de valoración da Lei 6/98, do 13 de abril, sobre réxime do solo e valoracións.

VIII. En canto á clasificación urbanística do solo correspondente á parcela a devolver por equivalencia coincidimos co arquitecto técnico municipal en que "independientemente da "discusión" de que a propiedade debe ser valorada como solo urbano, o que non ten dubida para o que subscribe é que o aproveitamento máximo bruto para a propiedade é de 0,5 m²/ m² e que en todo caso para poder edificar sería necesaria a urbanización do ámbito, datos obviados no informe presentado, xa que parte sempre dun aproveitamento de 2 m²/ m² e non aplica nos custos de construción os gastos de urbanización."

IX. Se o Concello-Pleno, a virtude do principio de indisponibilidade da potestade de planeamento, non poida asumir unha obriga pura de aprobar a ordenación prevista no repetido convenio no que as intensidades edificatorias previstas nel se refire, tampouco pode afirmarse que o mesmo, en virtude do convenio asumíu a obriga de satisfacer o equivalente económico dos aproveitamentos urbanísticos contemplados no convenio para o caso de que estes non puidesen chegar a crearse, como efectivamente sucedeu por imposibilidade legal. A asunción dunha tal responsabilidade nin resulta do convenio nin sería válida, pois implicaría, en realidade, unha compravenda, convenida con carácter subsidiario para o caso de que os aproveitamentos contemplados no convenio non puideran crearse, prescindindo absolutamente do procedemento sinalado polo artigo 11 RBEL e por un prezo casi dez veces superior ó que o preceptivo e previo dictame parcial habería atribuído a esta parcela para a súa adquisición a título oneroso polo Concello, dada a súa clasificación como solo urbanizable non programado, cun aproveitamento global máximo no Plan Xeral de 0,25 m²/ m².

Unha cousa é que o planeamento xeral clasifique o solo como urbanizable en función das ofertas dos particulares; práctica habitual en Madrid, a traveso da técnica dos convenios Programa do Avance do PXOU de Madrid, aprobado polo Pleno municipal en decembro de 1981, (Memoria do Avance do PXOU de Madrid, páx. 273 e ss., citada por Martín Hernández no seu artigo "Os Convenios Urbanísticos" Revista de Derecho Urbanístico, N.º. 144 de 1995), que establecía como criterio de clasificación do solo urbanizable a colaboración do particular, ó considerar este solo como "campo de juego que se ofrece a la iniciativa privada para que formule propuestas a partir de la exposición al público, abriendo un periodo de negociación que permita tanto la definitiva clasificación, como la confección del programa del plan". E outra, ben distinta, que o valor das ofertas dos particulares nos convenios que teñan por obxecto a clasificación dun determinado solo como urbanizable equivalga ó valor dos aproveitamentos urbanísticos cuxa creación e ordenación se prevé no propio convenio .

Nun convenio de planeamento como é o que nos ocupa, nin hai nin ten que haber esta equivalencia de valores. Nunha compravenda concluída por unha Administración pública, o prezo debe gardar relación co valor da cousa obxecto da mesma, sobre todo cando, como ocorre no presente caso, o Ministerio de Obras Públicas e Transportes iniciara expediente expropiatorio da parcela cedida para a execución do primeiro cinto de circunvalación de Vigo.

A valoración ten de realizarse, xa que logo, non polo aproveitamento contemplado no convenio, senón, de conformidade coa LSRSV polos aproveitamentos que correspondan segundo a clasificación do solo no que se empra a parcela coas correccións que resultan da doutrina xurisprudencial citada sobre expropiacións de solos rústicos e urbanizables non programados para sistemas locais.

X. Por último, no que a valoración da finca a devolver por equivalencia se refire, o arquitecto técnico municipal no seu informe de 25 de agosto de 2004, chama a atención sobre o feito de que:

"En canto ó valor en venda, con data 14 de febreiro de 2003, Doc. nº 372338, a sociedade "Miraflores Vigo, S.A.", presentou unha proposta de permuta ó Concello dunha serie de propiedades, entre as cales figuraba a parcela nº 5 da unidade de execución 1 do proxecto de compensación do Plan Parcial Quirós, parcela situada -como xa sabemos- nun ámbito colindante coa propiedade obxecto do informe e pertencente ó concello de Vigo, valorando os aproveitamentos dos 2.974,50 m² edificables en residencial libre en 928.882,40 €, a razón de 312,28 €/m² edificable. Á vista da proposta esta Oficina de Planeamento valorou o aproveitamento da parcela do Concello a razón de 387,26 €/m², prezo un pouco superior ó proposto por "Miraflores, S.A.2.

Con estes antecedentes a mesma entidade presenta un valor por metro cadrado edificable para a finca obxecto de informe que é 2,853 veces máis alto que o que a mesma valorou para un aproveitamento nun ámbito colindante e para os mesmos usos, non xustificándose este incremento do valor."

Conclúe o devandito técnico neste informe ratificándose na valoración efectuada no informe transcrito no acordo de iniciación do presente procedemento.

XI. A valoración total final da parcela ten de incluír un 5 por 100 do valor estimado para a mesma, como premio de afección, toda vez que as razóns que xustifican o seu pago na expropiación -a privación do ben o dereito de maneira forzosa- concorren, tamén, aquí o devir imposible a devolución.

XII. A "culpa in contrahendo" municipal que esta Administración recoñece na conclusión do convenio obxecto do expediente e a necesidade desta de responder fronte a "Miraflores Vigo, S.A." polo interese negativo na conclusión do mesmo ten determinado neste expediente, a fin de procurar a indemnidade da dita mercantil pola anulación do repetido convenio, a asunción dos mecanismos e técnicas que a Lei de expropiación forzosa contén a fin de procurar tal indemnidade ós expropiados, e isto a pesares de que a adquisición, no seu día, da finca a devolver por equivalencia non se produciu no seo dun procedemento de expropiación forzosa que seguira esta Administración Local.

De acordo con este criterio, procede acoller a alegación de "Miraflores Vigo, S.A.", sobre indemnización nun vintecinco por cento do valor de substitución material do terreo pola privación sen título válido da finca en cuestión dacordo coa doutrina sentada pola sentenza invocada pola alegante de 18 de xaneiro de 2000 (RX 903) e as demais que esta cita, pois aínda que non estamos ante unha actuación equiparable a unha "vía de feito", se nos encontramos coa adquisición dun ben pola Administración municipal a virtude dun título nulo de pleno dereito e a fin de non equipar dúas actuacións completamente distintas -unha válida e outra radicalmente nula- procede establecer unha indemnización acudindo ós criterios seguidos nos precedentes xurisprudenciais citados a cuantificación dos prexuízos.

De conformidade, tamén, coa doutrina sentada nesta sentenza e na de 16 de xuño de 1997 (RX 4688) e as que esta última cita a estas cantidade deberán

S.Ordinaria 28.02.04

engadirse os intereses legais, dende a data da ocupación da parcela sobre o valor que esta tiña o tempo de conclusión do convenio, para o cal se tomará como valor de referencia os prezos xustos definitivamente fixados no procedemento seguido polo hoxe Ministerio de Fomento para a expropiación dos terreos afectados polo Primeiro Cinto de Circunvalación de Vigo coa mesma clasificación urbanística que o que é obxecto deste expediente; data e valor que serán solicitados do Ministerio de Fomento en fase de execución do acordo que se propón.

XIII. Finalmente, polo que se refire ós demais danos alegados por "Miraflores Vigo, S.A." o xefe dos Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo, con data 13 de outubro de 2004 emitiu o informe que segue:

"En relación co escrito de data 19 de agosto de 2004 (número de documento do Rexistro Xeral 40086689), presentado por D. Ubaldino Rodríguez Bello, en representación da entidade "Miraflores Vigo, S.A.", e comparecendo no expediente número 4490/401 sobre declaración de nulidade do convenio de data 26 de outubro de 1992 (ratificado polo Pleno por acordo de 27 de novembro de 1992) entre dita entidade e o Concello de Vigo, infórmase:

1º) Que o presente informe refírese exclusivamente á reclamación de danos e prexuízos que, como parte do devandito escrito, realiza "Miraflores Vigo, SA".

2º) Que a relación de gastos e documentos presentados refírense na súa totalidade a gastos xerados como consecuencia do acordo plenario de 3 de agosto de 1998 de transferir 31.786 metros cadrados de edificabilidade ás parcelas municipais 9 a 13 do proxecto de compensación do polígono I do PERI da Bouza Sur. Este acordo plenario foi anulado por sentenza de 17 de xullo de 2003 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (procedimento nº 02/6866/1998).

3º) Que esta relación de gastos e documentos presentados resulta totalmente insuficiente para realizar unha avaliación económica precisa (non a realiza tampouco o comparecente) que non lesione nin os lexítimos intereses da entidade "Miraflores Vigo, SA", nin o interese público. Falta, con carácter xeral, especificación da relación de causalidade entre o acordo plenario anulado xudicialmente e o gasto relacionado ou aportado documentalmente.

4º) Que dado que o expediente no que comparece "Miraflores Vigo, SA" refírese exclusivamente á declaración de nulidade do convenio de data 26 de outubro de 1992 e que os gastos relacionados non son consecuencia directa do mesmo, entende o técnico informante, debe separarse esta reclamación de danos da tramitación daquel, e ser obxecto de expediente independente sobre responsabilidade patrimonial deste Concello de Vigo; o que poderá iniciarse de oficio, de conformidade co previsto polo artigo 142 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de procedemento administrativo común, e o artigo 4 do "Regulamento dos procedementos das Administracións públicas en materia de responsabilidade patrimonial", aprobado polo Real Decreto 429/1993, de 26 de marzo".

XIV. Polo demais, en canto as alegacións formuladas por "Miraflores vigo, S.A." no seu escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de 26 de xullo de 2004, cumpre contestar:

1º) Os acordos de 21 de novembro de 2003 e de 28 de xuño de 2004 son acordos completamente distintos: no acordo de 21 de novembro de 2003 decidiuse, unha vez resolta a permuta de parcelas aprobada baixo condición resolutoria expresa por acordo plenario de 28 de abril de 2003, a restitución recíproca dos bens dados en permuta, fronte a opción que o Concello na mesma permuta se reservara de considerar entregados os bens dados en permuta como pago das obrigas asumidas por esta Administración municipal a virtude do convenio urbanístico de planeamento de 1992. Acordada a restitución recíproca dos bens, no acordo de 28 de xuño de 2004 decídese, habida conta a imposibilidade orixinaria de cumprimento do dito convenio de planeamento, iniciar expediente de declaración de nulidade do mesmo e fixar as indemnizacións procedentes a favor da alegante.

2º) A argumentación formulada en defensa da eficacia do convenio de planeamento de 1992, no RCA 02/6866/1998, por esta Administración municipal foi rexeitada polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia na súa sentenza de 16 de xullo de 2003. O acordo iniciador do presente procedemento pretende ser congruente coas conclusións da dita sentenza.

3º) Sendo o convenio de planeamento nulo de pleno dereito as responsabilidades que da nulidade se derivan son necesariamente de natureza extracontractual, como o son as que se derivan da nulidade do acordo de transferencia de aproveitamentos urbanísticos de 3 de agosto de 1998.

4º) O convenio suscrito o 26 de outubro de 1992 pode, seriamente, cualificarse de convenio urbanístico de planeamento en canto abarca no seu obxecto a preparación dunha modificación ou revisión do planeamento en vigor (STS 15 de marzo de 1997, citada pola alegante (RX 1.667). ou como di o artigo 235 da vixente LALGA, en canto inclúe e pretende ter como consecuencia ou resultado "posibles modificacións do planeamento urbanístico, ben directamente, ben por ser estas precisas en todo caso para a viabilidade do estipulado". O convenio foi concluído por esta Administración municipal paralelamente a un procedemento expropiatorio iniciado polo hoxe Ministerio de Fomento, pero á marxe deste -o Concello non era a Administración expropiante-, a fin de impulsar e facilitar a actuación da Administración do Estado.

5º) Efectivamente, o suposto que nos ocupa é un caso de responsabilidade patrimonial da Administración e, xa que logo, extracontractual -o capítulo I do Título X LRXPA, titulado Responsabilidade patrimonial da Administración Pública, trata exclusivamente da responsabilidade non dimanante de contrato- derivada dun convenio nulo de pleno dereito.

6º) Anulado por sentenza firme do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia de 16 de xullo de 2003 o acordo plenario aprobatorio da transferencia de aproveitamentos urbanísticos ás parcelas da Bouza Sur e transmisión destas mesmas parcelas a "Miraflores Vigo, S.A." , dita anulación, por forza, ten de afectar ás transmisións efectuadas a virtude da habilitación para allear anulada.

7º) A resolución de pleno dereito do contrato de permuta autorizado polo Concello-Pleno con data 28 de abril de 2003, co exercicio da opción de restitución acordada o 21 de novembro de 2003, provoca a necesidade de restitución recíproca dos bens entregados en permuta. A execución da sentenza firme anulatoria do acordo plenario de 3 de agosto de 1998, dictada no RCA nº 02/6866/1998, provocará a restitución ó Concello de Vigo das parcelas da Bouza Sur transmitidas a virtude do dito acordo e escritura

pública de 9 de xuño de 1999, autorizada polo notario de Vigo D. Alejo Calatayud Sempere ó número 1.497 de orde do seu protocolo.

XV. Sendo o convenio que nos ocupa, aprobado no seu día polo Concello-Pleno, un convenio urbanístico de planeamento, en canto incluía e pretendía ter como resultado unha modificación de planeamento, e correspondendo a aprobación dos tales convenios ó Pleno da Corporación (artigos 235. 4. d) LOUGA e 123. 1. i) LRBRL), é competente para a súa revisión de oficio, de conformidade co artigo 123, apartado 1. l) LRBRL, o mesmo Concello-Pleno

Por todo o exposto e de acordo coas precedentes consideracións e artigos citados propónse ó Concello-Pleno, previo dictame favorable do Consello Consultivo da Comunidade Autónoma de Galicia, a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Declarar a nulidade do convenio asinado o 26 de outubro de 1992, entre o entón concelleiro de Planeamento Urbanístico e "Miraflores Vigo, S.A.", ratificado polo concello-Pleno con data 27 de novembro de 1992 a virtude do cal a devandita entidade comprometeuse a ceder ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m² de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, entoutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñecían á parcela cedida -2 m²/m²- que é de 32.964 metros cadrados.

Segundo.- Recoñecer a "MirafloresVigo, S. A.", como consecuencia da declaración de nulidade do referido convenio, o dereito a ser indemnizada por esta Administración municipal nas cantidades que seguen: 2.589.607,62 €, en concepto de valor actual da finca a devolver por equivalencia; 129.480,38 €, en concepto de 5 por cento de premio de afección -toda vez que as razóns que xustifican o seu pago na expropiación: a privación do ben o dereito de maneira forzosa, concorren, tamén, aquí o devir imposible a devolución-; 647.401,9 € -vintecinco por cento do valor de substitución material do terreo- como indemnización pola adquisición sen título válido da finca cedida a virtude do título nulo, así como, por último, nos intereses legais, desde a data da ocupación da parcela que se calcularan, sen anatocismo, sobre o valor que esta tiña o tempo de conclusión do convenio, para o cal se tomará como valor de referencia os prezos xustos definitivamente fixados no procedemento seguido polo hoxe Ministerio de Fomento para a expropiación dos terreos afectados polo Primeiro Cinto de Circunvalación de Vigo que contasen coa mesma clasificación urbanística que o que é obxecto deste expediente no momento da ocupación; data e valor que serán solicitados do Ministerio de Fomento en fase de execución do presente acordo.

Terceiro.- As anteriores indemnizacións enténdense sen prexuízo das que poidan corresponder á mesma mercantil como consecuencia da anulación por sentenza firme do acordo plenario de 3 de agosto de 1998, aprobatorio da transferencia de aproveitamentos urbanísticos ás parcelas da Bouza Sur e transmisión destas mesmas parcelas a "Miraflores Vigo, S.A.", dictada no RCA número 02/6866/1998, así como das eventuais indemnizacións que, a favor da repetida mercantil, poidan derivarse da resolución de pleno dereito da

permuta aprobada polo concello-Pleno con data 28 de abril de 2003, as cales serán determinadas no procedemento que, de oficio, se iniciará ó efecto.

Cuarto.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución á interesada no expediente.

19.- Posto de manifesto o expediente a "Miraflores Vigo, S.A.", en trámite de audiencia, por prazo de dez días hábiles, a contar do 14 de outubro de 2004, pola representación desta, a medio de comparecencia de 21 de outubro de 2004, solicitouse, de conformidade co artigo 42.5 e) LRXPA, a suspensión do prazo para resolver o procedemento a fin de iniciar negociacións con vistas a alcanzar unha terminación por convenio do expediente, nos termos previstos no artigo 88 da mesma Lei; solicitude que foi formulada sen prexuízo das accións xudiciais que a mercantil "Miraflores Vigo, S.A." se propuña emprender contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade contractual polo incumprimento do convenio de 27 de novembro de 1992, que co número 4544/401, se tramita pola Xerencia Municipal de Urbanismo e foi aceptada polo concelleiro-delegado de Urbanismo que, coa mesma data, acordou a suspensión por dous meses do prazo para resolver o procedemento.

20.- No curso das negociacións iniciadas solicitouse da Demarcación de estradas do Estado en Galicia, con data 16 de novembro de 2004, informe sobre a data na que foi ocupada polo Ministerio de Fomento a finca obxecto do expediente, sen que ata esta data se teña recibido a resposta solicitada.

21.- Por acordo do Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, de 18 de novembro de 2004, incoouse expediente de responsabilidade patrimonial deste Concello de Vigo polos danos causados á "Miraflores Vigo, S.A.", como consecuencia da anulación polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do acordo do Concello-Pleno de Vigo de 3 de agosto de 1998, sobre transferencia de aproveitamentos urbanísticos á que se refire o convenio de 26 de outubro de 1992, tendo por incorporado ó expediente a documentación aportada ó expediente 4490/401 por "Miraflores Vigo, S.A." en xustificación dos danos sufridos a consecuencia da anulación do dito acordo de 3 de agosto de 1998.

22.- Igualmente, no curso das negociacións foi aportada por "Miraflores Vigo, S.A." escritura pública de compravenda de data 31 de xullo de 2003, autorizada polo notario de Madrid D. Carlos María García Ortiz, co número 2.950 de orde do seu protocolo, a virtude da cal a dita mercantil transmitiu á Tesourería Xeneral da Seguridade Social, unha parcela sita na unidade de execución I do plan parcial de Quirós, próxima á parcela obxecto do expediente por un prezo de 7.327.586,20 €, cun aproveitamento de 10.400,00 m2 construídos de uso residencial.

Á vista desta transmisión o arquitecto técnico municipal emitíu novo informe sobre a valoración da parcela obxecto de cesión no convenio de 1992, do que, no que agora interesa, transcríbese o que segue:

"VALORACIÓN.- No presente caso, dado que os valores das ponencias catastrais non teñen vixencia, ó estar calculadas por plans xerais anteriores, emprégase o método residual contido na propia normativa catastral (R.D. 1020/93), partindo de valores de venda do produto inmobiliario a realizar e deducindo de este os custos de produción de dito

producto. Na norma 16 do citado R.D., establece a fórmula que debe empregarse para o cálculo do valor de repercusión do solo.

Independente de realizar o citado cálculo, con data 31 de xullo de 2003, a sociedade Miraflores Vigo, S.A., transmitiu en escritura pública á Tesorería Xeral da Seguridade Social, unha parcela da unidade de execución I do plan parcial de Quirós, próxima á parcela obxecto de informe por un prezo de 7.327.586,20 €, cun aproveitamento de 10.400,00 m² construídos de uso residencial. O prezo por repercusión de m² construído é de 704,58 €, libre de cargas.

A valoración realízase, calculando o valor en base ó seu mais intensivo e mellor uso posible, e consistindo a súa estimación na detracción dos valores de inmobles actuais en venda o conxunto de gastos de urbanización, xestión, etc.

A fórmula a empregar e a seguinte:

$$V_v = (V_s + V_c) \times 1,40 \times K$$
$$V_s = V_v / 1,40 \times K - V_c$$

Sendo:

V_v = Valor en venda de edificacións similares no mercado da zona. (Edificación en bloque colectivo, uso residencial, calidade media alta, nova construción).

V_c = Valor de construción de calidade similar, engadindo neste caso os gastos dos custos de urbanización por executar.

K = Factor de localización que depende do mercado.

V_s = Valor residual do solo, neste caso valor da edificabilidade expresado en €.

Como valor en venda V_v , e por datos do mercado, adóptase a cifra de 1.983,34 €/m².

Como valor de construción, utilízase a media dos custos de execución material para a construción dun edificio de vivendas de clase media, 691,16 €/m²

Os custos de urbanización correspondentes ó aproveitamento, cífranse na cantidade de 57,10 €/m² c

O custo total da construción e da urbanización é de:

$$V_c = 691,16 + 57,10 = 748,26 \text{ €/m}^2\text{c.}$$

Tendo en conta as condicións de mercado, utilízase un factor de localización K de 1,00.

O valor do solo por repercusión, en aplicación da fórmula resulta:

$$V_s = 1.983,34 \text{ €/m}^2 / 1,4 \times 1,0 - 748,26 \text{ €/m}^2\text{c}$$
$$V_s = 668,41 \text{ €/m}^2\text{c}$$

Tendo en conta o aproveitamento neto de 6.687,00 m² construídos, resultado de aplicarlle á superficie do ámbito de 14.860,00 m² o coeficiente 0,5 m²/m² e ó resultado aplicarlle o 90% derivado das determinacións do artigo 23º da lei 9/2002, o valor da parcela resulta ser:

$$V_s = 668,41 \text{ €/m}^2 \times 6.687,00 \text{ m}^2 \text{ c}$$

Vs = 4.469.657,67 €

Ó citado valor será necesario incluírle o 5% de premio de afección, que resulta ser de 223.482,88 €, polo que o total da valoración supón a cifra de:

4.693.140,55 €"

23.- Como queira que o Ministerio de Fomento non facilitou a esta Administración municipal a información antes referida sobre a data de ocupación da finca a devolver por equivalencia, o arquitecto técnico municipal tomando como tal a da ratificación do convenio en decembro de 1992, emitíu, con data, 20 de decembro de 2004, sobre ós intereses ós que se refire o apartado XII, *in fine*, do informe proposta de 13 de outubro de 2004, do que se deu vista a "Miraflores Vigo, S.A.", o informe que segue:

"Para a valoración da parcela que conforma o nudo da Avda de Madrid, no entronque do 1º cinturón de circunvalación, tramo Avda de Madrid e Avda de Castrelos, se toma como valor de tasación con data decembro de 1992, o prezo de 70,685 €/m² (11.761 pts/m²) fixado polo tribunal contencioso administrativo do tribunal superior de xustiza de Galicia no expediente 03/0009167/95, pola expropiación dos terreos necesarios para a execución do 1º cinto de circunvalación, contra acordo resolutorio de xustiprezo con motivo das obras de penetración a Vigo, tramo Avda de Madrid- Avda de Castrelos. Estes terreos figuraban clasificados como urbano e incluídos nun plan especial de reforma interior cun aproveitamento de 0,5 m²/m².

Os xuros acumulados para un capital 1.050.379,60 € (174.768.460,00 pts), resultado de aplicarlle á superficie de 14.860 m² o prezo de 70,685 €/m², dende o mes de decembro de 1992 ata finais do mes de decembro de 2004, é de 804.416,02 €."

24.- As negociacións iniciadas con vistas a lograr unha terminación convencional do procedemento prolongáronse máis alá dos días 21 e 28 de decembro de 2004, datas nas que finalizaban, respectivamente, o prazo de dous meses fixado polo concelleiro-delegado de Urbanismo para acadar a terminación convencional do procedemento e o prazo para resolver e notificar a resolución do expediente de declaración de nulidade do convenio de 1992, sen que se acadara a terminación do procedemento por acordo pretendida e sen que por "Miraflores Vigo, S.A." se manifestara o propósito de ampliar o prazo para lograr tal solución de terminación convencional do procedemento.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I. Na sentenza de 16 de xullo de 2003, dictada no recurso contencioso-administrativo número 02/6866/1998, anulatoria do "acuerdo plenario del Ayuntamiento de Vigo de 3 de agosto de 1998, sobre transferencias de aprovechamiento urbanístico que se había reconocido a la sociedad MIRAFLORES VIGO, S.L. en convenio de 26 de outubro de 1992, aprobado por el Ayuntamiento en 27 de noviembre seguinte" dícese que "en el escrito de demanda se denuncia que el convenio no llego a plasmarse en el Plan General de Ordenación Urbana ni en ningún otro instrumento de planeamiento, antes al contrario, los terrenos aparecían clasificados en el PGOU de 1993 como Suelo Urbanizable No Programado en cuya clase de suelo no está fijado el aprovechamiento tipo" e afirmase que "efectivamente, dicha categoría --reconvertida al régimen del suelo rústico en la Ley 1/1997, del suelo de Galicia-- no aparece sujeta en la citada ley al sistema de aprovechamientos

establecido para los suelos urbanos o urbanizables, (arts. 71 y 73) en los cuales, además, es competencia del Plan General fijarlos (art. 10. b), función que no puede asumir un simple convenio, como el de autos que aparece asignando "ex novo" un aprovechamiento de 2 m²/m² sin respaldo de Plan alguno y sin que ello pueda entenderse sanado por una vaga y confusa alusión que hace la ficha del "P.P. 1 Quirós" que es ajeno a la finca que nos ocupa al ceñir su ámbito territorial a otra que no se incluyó en el convenio. Así pues, la indebida asignación del aprovechamiento determina la inexistencia legal del mismo y, por consecuencia, la imposibilidad de transferirlo a cualquier otro PERI"

II. No informe-proposta de 15 de setembro de 2003 que serviu de fundamento ó acordo plenario de 21 de novembro de 2003, sobre resolución da permuta aprobada o 28 de abril de 2003 e requerimento de restitución recíproca dos bens entregados a virtude da mesma, sostense que a determinación sobre a intensidade de uso, entendido como residencial, prevista no convenio de 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno en 27 de novembro seguinte, contravén o límite que para o uso residencial establecían os artigo 26 da LASGA e 24 da Lei do solo de Galicia de 1997, para os plans parciais, polo que a modificación de planemento contemplada no dito convenio era orixinariamente imposible:

Era orixinariamente imposible a tramitación dun Plan Especial de Reforma Interior para o ámbito do actual Plan Parcial Quirós -plan especial que presupón o carácter urbano do ámbito e que podería posibilitalo emprazamento dos aproveitamentos previstos no convenio- por ser o solo urbano unha categoría regrada, determinada pola concurrencia dos requisitos que naquel momento se determinaban no artigo 10 do TRLS/1992 e que non se daban neste ámbito tal e como se afirma no informe da CPTOPV emitido na tramitación do PERI que, coa natureza de non previsto, se intentou sen éxito aprobar para este ámbito con anterioridade a aprobación do vixente PXOU que recolleu a clasificación deste solo como urbanizable programado.

Era orixinariamente imposible, tamén, a materialización dos aproveitamentos urbanísticos contemplados no convenio de 1992 no ámbito dun solo urbanizable con ordenación remitida a un Plan Parcial -no presente caso o Plan Parcial Quiros- polas limitacións de intensidade residencial establecida para estos solos urbanizables nos artigos 26 da LASGA e 24 da Lei do solo de Galicia de 1997, que derogou a primeira, segundo os cales a densidade máxima nos plans parciais será de 75 vivendas por hectarea, podendo establecerse densidades de ata 100 vivendas/Ha, sempre que a superficie total construída non supere a de 8.250 m² por hectarea; preceptos conforme ós cales a edificación residencial máxima no ámbito do Plan Parcial Quiros, de 46.125 m² de superficie, sería a de 38.053,125 m².

En consecuencia, sendo a modificación de planemento contemplada no dito convenio orixinariamente imposible o convenio sería nulo, toda vez que segundo o artigo 1.272 do Código Civil non poderán ser obxecto de contrato as cousas ou servizos imposibles e, de acordo co 1261 do mesmo texto, non hay contrato senón cando concurren o consentimento dos contratantes, obxecto certo que sexa materia de contrato e causa da obriga que se estableceza.

A falta de obxecto posible provoca a nulidade radical do convenio. O convenio nulo non pode producir, nin produce, o efecto pretendido polas partes e estas deben restituírse reciprocamente as cousas que houberan sido materia de contrato, cos seus frutos e o precio cos seus intereses (artigo

1303 do Código Civil) e se a devolución fora imposible, restituíranse os frutos percibidos e o valor que tiña aquela cando se perdeu, cos intereses desde a mesma data. (artigo 1307 do Código Civil).

No caso que nos ocupa procedería a restitución a "Miraflores Vigo, S.A." da parcela cedida por esta para o vial de circunvalación e, ante a imposibilidade da devolución en forma específica, a súa restitución polo equivalente económico.

III. Conclúe o dito informe-proposta, no que a esta cuestión interesa, afirmando que ademais desta obriga de devolución, de natureza extracontractual, no presente caso concorre tamen un suposto de responsabilidade por *culpa in contrahendo* municipal, tamén de natureza extracontractual, toda vez que a causa da imposibilidade da modificación do planeamento prevista no convenio debeu ser coñecida por esta Administración; o que obriga a esta a responder fronte a "Miraflores Vigo, S.A." polo interese negativo no cumprimento do convenio, isto é pola cantidade que coloque a esta contratante na mesma situación en que se encontraría se o contrato non se tivera celebrado, o que inclúe os gastos ocasionados polo contrato e as ganancias que deixou de obter ó concluir o mesmo.

IV.- De acordo co artigo 102. 1. da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: "As Administracións públicas, en calquera momento, por iniciativa propia ou a solicitude do interesado, e previo dictame favorable do Consello de Estado ou órgano consultivo equivalente da Comunidade Autónoma, se o houbese, declarararán de oficio a nulidade dos actos administrativos que puxesen fin á vía administrativa ou que non foran recorridos en prazo, nos supostos previstos no artigo 62.1". Artigo, este último, que inclúe, no seu apartado 1º, dentro dos actos nulos de pleno dereito: "c) os que teñan un contido imposible".

V.- Igualmente establece o apartado 4º do devandito artigo 102 da LRJPA que: "As Administracións públicas, ó declarar a nulidade dunha disposición ou acto, poderán establecer, na mesma resolución, as indemnizacións que proceda recoñecer ós interesados, se se dan as circunstancias previstas nos artigos 139. 2 e 141. 1 desta Lei (...)"

VI. Da nulidade do convenio de 1992, da imposibilidade de restitución en forma específica a "Miraflores Vigo, S.A." da parcela cedida por esta para o vial de circunvalación a virtude do mesmo e da culpa in contrahendo en que esta Administración municipal incurriu ó realiza-lo repetido convenio de 1992, resulta para esta mercantil un dano efectivo, avaliable economicamente e individualizado, que determina a obriga da súa indemnización por este Concello.

VII. De acordo cos informes que obran transcritos nos antecedentes desta proposta de acordo e a falta doutras xustificacións por parte de "Miraflores Vigo, S.A." dos prexuízos sufridos por esta a consecuencia da conclusión do convenio obxecto do presente expediente de revisión de oficio, as indemnizacións que procede recoñecerlle, a fin de procura-la súa indemnidade pola conclusión do convenio nulo, serán, de acordo cos informes que anteceden, as que seguen:

- Indemnización por importe de 4.469.657,67 €, en concepto de valor actual da finca a devolver por equivalencia

- Indemnización por importe de 223.482,88 €, en concepto do 5 por cento de premio de afección, toda vez que as razóns que xustifican o seu pago na expropiación: a privación do ben o dereito de maneira forzosa, concorren, tamén, aquí o devir imposible a devolución.

- Indemnización por importe de 1.117.414,5 € -vintecinco por cento do valor de substitución material do terreo- como indemnización pola adquisición sen título válido da finca cedida a virtude do título nulo

- Por último, indemnización por importe de 804.416,02 € en concepto de intereses legais, desde a data da ocupación da parcela, considerando como tal a do mes de decembro de 1992, na que se ratificou o convenio polo Concello-Pleno, calculados, sen anatocismo, sobre o valor que esta tiña o tempo de conclusión do convenio, para o cal se tomou como valor de referencia o prezo xusto definitivamente fixado no procedemento seguido polo hoxe Ministerio de Fomento para a expropiación dos terreos afectados polo Primeiro Cinto de Circunvalación de Vigo que contaban cunha clasificación urbanística análoga á da parcela obxecto deste expediente no momento da ocupación; concretamente, tomouse como referencia o valor sinalado pola Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no RCA núm. 03/0009167/95, en impugnación do prezo xusto fixado polo Xurado provincial de expropiación para terreos afectados pola execución do Primeiro Cinto de Circunvalación clasificados como urbanos e incluídos no ámbito dun plan especial de reforma interior cun aproveitamento de 0,5 m²/m².

VIII. Non obstante téndose prolongado as negociacións iniciadas con vistas a lograr unha terminación convencional do procedemento máis alá dos días 21 e 28 de decembro de 2004, datas nas que finalizaban, respectivamente, o prazo de dous meses fixado polo concelleiro-delegado de Urbanismo para acadar a terminación convencional do procedemento e o prazo para resolver e notificar a resolución do expediente de declaración de nulidade do convenio de 1992, iniciado por acordo plenario de 28 de xuño de 2004 e prorrogado por un mes máis a virtude de novo acordo plenario de 13 de setembro de 2004, sen que se acadara a terminación pretendida do procedemento por acordo e sen que por "Miraflores Vigo, S.A." se manifestara o propósito de ampliar o prazo para lograr tal solución de terminación convencional do procedemento, procede, de acordo co artigo 102.5 LRXPA declarar a caducidade deste, se ben, ó subsistir as razóns de feito e de dereito que xustificaron a súa incoación, tal declaración de caducidade deberá ir acompañada dun acordo de iniciación dun novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do mesmo convenio ó que se terán por incorporados todas as actuacións e probas practicadas e informes emitidos no declarado caducado.

IX. Sendo o convenio que nos ocupa, aprobado no seu día polo Concello-Pleno, un convenio urbanístico de planeamento, en canto incluía e pretendía ter como resultado unha modificación de planeamento, e correspondendo a aprobación dos tales convenios ó Pleno da Corporación (artigos 235. 4. d) LOUGA e 123. 1. i) LRBRL), é competente para a súa revisión de oficio, de conformidade co artigo 123, apartado 1. l) LRBRL, o mesmo Concello-Pleno; competencia que comprende, igualmente, a declaración de caducidade do procedemento de revisión de oficio iniciado por acordo do Concello -Pleno de 28 de xuño de 2004, como acto que é, tamén, de finalización do procedemento e a incoación do novo expediente para a declaración de nulidade do convenio."

Polo anteriormente exposto o técnico de administración xeral da Xerencia de Urbanismo emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo. O Consello da Xerencia, en sesión do 24 de febreiro de 2005, propón a aprobación da devandita proposta.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Vou votar a favor pero xa manifestei na Xerencia a miña preocupación por este asunto e por cómo se ten levado polos demais grupos, pero si lle quero facer unha suxestión, recomendación ou como o queira chamar.

Pídolle ó Goberno municipal que lle pregunte formalmente a Fomento se o propietario fixo valer no seu día a cláusula resolutoria que figura no convenio que se fixo entre o Concello de Vigo e o propietario, porque de non ser así -como coido que non foi- o Concello de Vigo tería unha arma importantísima nas súas mans para o que poida vir, se hai que negociar algo que se negocie, se son os Tribunais os que diriman que así o fagan.

Paréceme moi importante que esa situación se clarifique e xa nos informou o Sr. Figueroa que está facendo xestións; que teña sorte, pero nós pensamos que o non exercemento desa cláusula resolutoria que levaría en todo caso ó propietario a pedir indemnizacións a Fomento e non ó Concello de Vigo, é o mellor xeito de defender os intereses municipais.

SR. TOBA GIRÓN: Dende a perspectiva do noso grupo o fundamental está acadado. O obxecto daquel convenio de novembro do 92 era a consecución dos terreos para facer Arquitecto Palacios e efectivamente está construída. As operacións posteriores tiveron que ver con evitar que se construíra na Bouza e iso tamén está acadado.

Dende a perspectiva do noso grupo pensamos que non temos moito máis que falar a respecto do famoso acordo do 92. Estamos ante un sinxelo proceso de indemnización e debe ser tratado como tal, con todo o sentido común necesario e tendo en conta que as valoracións son moi dispares, entre a nosa que está feita polos nosos técnicos e a pretensión derivada dos informes da parte privada.

Como xa dixemos nunha ocasión en que presentabamos un expediente similar ó Sr. Ruiz Cenicerós cando era concelleiro de Urbanismo, imos votar a favor para facilitar un acordo que coidamos debe existir e debe buscarse sen voltar mirar o acordo de novembro do 92, é dicir, a cláusula citada polo

Sr. Soto refírese a un convenio que é o acordo do 27 de novembro do ano 1992 que precisamente agora declaramos nulo.

Para a propia administración voltar sobre unha cláusula dun documento que declaramos nulo é complicado pero de calquera xeito a posición do noso grupo é que, acadada a construción de Arquitecto Palacios e evitada a construción na Bouza, estamos perante un proceso indemnizatorio e desexamos que se chegue a un acordo canto antes non vaia ser que o resultado sexa peor para a administración.

SR. RUIZ CENICEROS: Só para lembrar os argumentos que expuxemos o pasado xoves no Consello da Xerencia. No tema importante de fondo que é convenio do 92, o remate do primeiro cinto e a posterior vontade deste Concello de que non se construíse na Bouza, certamente están acadados.

No tema de que trata este expediente que efectivamente se iniciou hai máis dun ano cando nós tiñamos concellerías de Goberno, é sinxelamente indemnizar ó propietario daquela parcela ocupada segundo o convenio do 92, a nosa crítica é só unha cuestión de forma pero que afecta fundamentalmente ó patrimonio do Concello e é que efectivamente este expediente leva un ano e tres meses de atraso na súa resolución.

Sería moi bo que o Concello chegase a un acordo coa propietaria pero, se iso non é así, o Concello o que debería de facer dunha vez é fixar unha cantidade, entregarlle ou consignala e posteriormente se terá oportunidade de chegar a un acordo pero sen que segan devengando intereses que agora están en suma e segue en canto á cantidade que no seu día haberá que pagar á antiga propietaria dos terreos.

Por iso, aínda que estamos de acordo en que a única solución que parece viable é a nulidade do convenio do 92 e a correspondente indemnización, no que non queremos ser copartícipes é deste retraso que está a causar un dano patrimonial ó Concello e nese sentido hoxe absterémonos sen prexuízo que o Goberno nos presente a resolución definitiva que fixe a indemnización e nós cremos que a correcta é a dos técnicos municipais, por suposto.

SR. FIGUEROA VILA: Dende o Goberno estanse a facer todas as xestións co promotor para tentar chegar a un acordo que consideramos que é o mellor para o Concello pero como todos vostedes xa coñecen hai unha diferenza de perto de trinta millóns de euros, unha cantidade respectable. Se non chegamos a un acordo nestes dous meses que temos por diante, tomaríamos a

decisión que coidásemos conveniente e definitiva para que este expediente quede rematado.

Por parte do promotor hai momentos nos que parece que hai posibilidade de chegar a acordo e noutros non. Coido que a obriga do Goberno é tentar de chegar a un acordo porque senón a decisión definitiva coa resolución sería moi prexudicial para este Concello e por iso estamos tentando de esgotar todas as vías posibles de diálogo e buscar ese consenso que esperamos acadar, pero dependerá das dúas partes e non dunha soa.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezasete votos a favor dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Polo Lima, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e dez abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Declarar a caducidade e ordear o arquivo das actuacións do expediente de revisión de oficio, incoado por resolución do Concello-Pleno do 28 de xuño de 2004, para a declaración da nulidade do convenio do 26 de outubro de 1992, ratificado polo Concello-Pleno por acordo do 27 de novembro de 1992, realizado entre "Miraflores Vigo, S.A." e esta Administración local, a virtude do cal a devandita entidade cedeu ó Concello de Vigo unha parcela da súa propiedade de 16.482 m2 de superficie, segundo rexistro, sita na parroquia de Sárdoma, afectada pola expropiación do vial de circunvalación entre a Avda. de Madrid e a de Castrelos e o Concello de Vigo, pola súa parte, obrigouse a tramitar un Plan Especial de Reforma Interior, ou a correspondente figura de planeamento urbanístico derivada do expediente de subsanación de deficiencias na adaptación do PXOU de Vigo á LASGA, no que se ordenaría, sobre a primeira das parcelas que no convenio se describen, entroutros, o aproveitamento que no mesmo convenio se lle recoñece á parcela cedida -2 m2/m2- que é de 32.964 metros cadrados.

Segundo.- Ter por iniciado, a virtude do presente acordo, novo expediente de revisión de oficio para a declaración de nulidade do referido convenio e fixación das indemnizacións que proceda recoñecer a "Miraflores Vigo, S.A." como consecuencia de tal declaración e por incorporados ó mesmo todas as actuacións e probas practicadas e informes emitidos no declarado caducado.

Terceiro.- Toda vez que no expediente que por este acordo se inicia figuran practicadas todas as probas propostas por "Miraflores Vigo, S.A." no expediente declarado caducado para a determinación dos prexuízos sufridos por ista como consecuencia da conclusión do convenio de 1992, así como todos os informes técnicos e xurídicos precisos para dictar resolución, póñase o expediente de manifesto á interesada a fin de que no prazo de dez días poida, de conformidade co artigo 84 LRXPA, presentar as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Cuarto.- Notifíquese, en legal forma, a presente resolución á interesada no expediente.

11.- (40).- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO XERAL PARA O EXERCICIO DO ANO 2005 DO CONCELLO E DOS SEUS ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

ANTECEDENTES.- O Pleno do Concello, na sesión extraordinaria do día 14 de xaneiro de 2005, aprobou inicialmente o orzamento do Concello e dos seus organismos autónomos que deberá rexer durante o exercicio económico de 2005.

Durante o sinalado no edicto deste Concello, publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 13, de data 20 de xaneiro de 2005, presentáronse no Rexistro Xeral as seguintes alegacións:

1. ENRIQUE PEREZ REGO (CIG), DOC 50011208.
2. JOSE RAMON ALONSO GONZALEZ E OUTROS, DOC 50011181.
3. JOSE MANUEL SUAREZ MARQUEZ, DOC 50011345.
4. ANTONIO APERADOR PRIETO E OUTROS, DOC 50011446.
5. CRISTINA GOMEZ GARCIA E OUTROS, DOC 50011459.
6. DELIÑANTES DA XERENCIA URBANISMO, DOC 50011449.
7. RAFAEL GONZALEZ SANMARTIN, DOC 50011652.
8. CONCELLEIRO-DELEGADO DA AREA XESTION MUNPAL, DOC 50011650.
9. XOSE GREGORIO FEIXO CID (EMAO), DOC 50011634.
10. MARIA JESUS CUARTERO EGIDO, DOC 50011545.
11. MARCELINO LOPEZ MARTINEZ-MORAS, DOC 50011336.
12. XOSE CABALEIRO GONZALEZ (CIG), DOC 50011578.
13. XAQUIN MARTINEZ POSADA E OUTROS, DOC 50011558.
14. FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO, DOC 50011565.
15. FEDERACIÓN VECIÑAL EDUARDO CHAO, DOC 50011560.
16. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADAS, DOC 50011553.
17. CONCEPCION RODRIGUEZ GARRIDO, DOC 50011479.
18. XAQUIN MARTINEZ POSADA E OUTROS, DOC 50011477.
19. RICARDO RODRIGUEZ FEIJOO (XEFE INFORMÁTICA), DOC 50010997.
20. CONCELLEIRO-DELEGADO DO AREA DE ASUNTOS SOCIAIS, DOC 50007628
21. GILBERTO MOLDES CRESPO, DOC 50010549.
22. RAFAEL LAGE VEIGA, DOC 50010551.
23. YOLANDA AGUIAR CASTRO, DOC. 50010823.

24. SECCION SINDICAL DE CC00, DOC. 50010968.
25. FERNANDO SOLVEIRA DE LA FUENTE, DOC. 50010230.
26. GUILLERMO DOMINGUEZ LOPEZ, DOC. 50008265.
27. AUREA SOTO LAGO, DOC. 50011585.
28. FERNANDO VILABOA PEREZ, DOC 50011185.
29. BIBLIOTECA CENTRAL DE VIGO, DOC 50010470
30. JESUS M SAAVEDRA RGUEZ, DOC 50011358.
31. JAVIER PINAL FALQUE, DOC 50009237-342.
32. AMPARO SALGADO LOPEZ, DOC 50011241.
33. JUANA MARIA RAMIRO GARCIA, DOC 50011246.
34. JOSE MANUEL VIEITES ALEN, DOC 50009824.
35. COMITÉ DE PERSOAL, DOC. 50010235.
36. FCO. JAVIER GUTIERREZ ORUE, DOC. 50006028.

As anteriores alegacións informáronse polos responsables dos distintos departamentos e organismos do xeito que segue:

Informe de data 11 de febreiro de 2005 de la directora de Ingresos, Sra. Magdalena Vila.

A reclamación ós orzamentos do exercicio 2005 presentada por D^a Elena González Sánchez na súa condición de presidenta da Federación Veciñal de Vigo "Eduardo Chao" debe considerarse inadmisibile porque as reclamacións ós orzamentos só versarán sobre os supostos establecidos no artigo 170.2 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004 do 5 de marzo).

Non obstante o anterior, e a título meramente explicativo, esta Dirección de Ingresos informa que:

- O momento procedimental oportuno para formular unha redución de calquera tipo impositivo dun tributo municipal é o período de exposición pública dos acordos de aprobación provisional de Modificacións de Ordenanzas Fiscais para o exercizo seguinte. Os acordos provisionais de Moficiacións de Ordenanzas Fiscais para o ano 2005 estiveron en exposición pública para presentación de alegacións entre os días 1 de outono e 6 de novembro de 2004.

- Para o suposto de que se tivera formulado a presente reclamación no momento procedimental oportuno, o resultado sería desestimatorio porque o texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (RDL 2/2004) non permite o establecemento de máis diferenciación de tipos impositivos que os que expresamente se establecen no artigo 72:

- Un tipo para inmobles urbanos.
- Un tipo para inmobles rústicos.
- Un tipo para inmobles de características especiais.

A petición que formula a Federación de Asociacións de veciños de establecer tipos diferenciados para diferentes tipos de solo urbano non ten viabilidade legal. Non obstante, cómpre dicir que os solos urbanos, que na actualidade están en situación de "inedificabilidade temporal", foron obxecto dunha redución do valor catastral do 40% a solicitude do Concello (acordo plenario de data 26 de xaneiro de 2004 e acordo da Xunta de Goberno de data 15 de marzo de 2004).

En consecuencia, a redución de tipo impositivo destinada a diminuír a carga fiscal do IBI, aplicouse xa para o exercizo 2004 polo método viable legalmente: redución do 40% na base imponible do Imposto.

Informe de data de data 11 de febreiro de 2005, emitido polo xefe de Persoal, Sr. Córdoba Ardao.

Con carácter xeral e vistas pormenorizadamente as alegacións presentadas ao capítulo I do orzamento de 2005, debemos informar que non se detectou ningunha reclamación susceptible de ser encadrada tanto na súa dimensión formal coma material dentro dos distintos orzamentos impugnatorios que o artigo 170.2 do Texto Refundido da lei Reguladora das Facendas locais artella taxativamente como supostos legais de reclamación orzamentaria, e que serían os seguintes:

- Por non se ter axustado a elaboración e aprobación do orzamento aos trámites establecidos na lei de facendas locais.
- Por omisión do crédito necesario para o cumprimento das obrigas esixibles á entidade local en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo.
- Por ser de manifesta insuficiencia os ingresos con relación aos gastos orzamentarios ou ben destes verbo ás necesidades para as que estea previsto.

Moi pola contra, a práctica totalidade das reclamacións presentadas durante o trámite de exposición pública respontan ben a solicitudes de incrementos salariais -no que ven sendo xa unha habitual e singular práctica reivindicativa realizada durante este trámite orzamentario- ou ben a outro tipo de reclamacións que pretenden incidir nas facultades autoorganizativas municipais, especialmente habida conta que van orientadas máis á confección e deseño da vindeira Relación de postos e non tanto ao orzamento municipal, circunstancia que motiva a necesidade de desvincular o seu obxecto reclamatorio con esta fase orzamentaria de exposición pública.

De feito, son competencias da Xunta de Goberno Local e non do Pleno do Concello tanto a aprobación das retribucións dos seus empregados coma a aprobación da relación de postos de traballo, razón pola que as reclamacións dirixidas contra estas facultades autoorganizativas deberán promoverse inescusablemente contra o acordo municipal que a Xunta de Goberno adopte no seu día, unha vez aprobado o orzamento de 2005, a través do pertinente recurso contencioso administrativo, unha vez se proceda á súa publicación.

Dito isto, procedemos a relacionar as alegacións presentadas contra o Capítulo I.

Alegación presentada por D. Francisco Javier Gutiérrez Orúe, con data de entrada 21 de xaneiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria para o estudo da súa alegación, presentada con data 8 de febreiro de 2005, dáse por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

Alegación presentada por D. Guillermo Domínguez López, con data de entrada no Rexistro xeral de 28 de xaneiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD legislativo 2/2004, do 5 de

marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegacións presentadas por D. Javier Pinal Falque, con data de entrada no rexistro xeral do 1 de febreiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria para o estudo da súa alegación, presentada con data 7 de febreiro de 2005, dase por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

Alegación presentada por D. José Manuel Vieites Alén, con data de entrada 2 de febreiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria para o estudo da súa alegación, presentada con data 7 de febreiro de 2005, dase por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

Alegación presentada por D^a Rosa M^a. Díaz Naya, do 3 de febreiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria para o estudo da súa alegación, presentada con data 7 de febreiro de 2005, dase por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

Alegación presentada por D. Fernando Solveira de la Fuente, con data de entrada no Rexistro xeral do 3 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegación presentada pola sección sindical de CC00, con data de entrada no Rexistro xeral do 4 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.

Alegación presentada por D^a. Beatriz Senra González, en nome e representación de D^a Yolanda Aguiar Castro, con data de entrada no Rexistro xeral do 4 de febreiro de 2005. Aínda cando na reclamación presentada si se invoca expresamente unha das causas susceptibles de reclamación orzamentaria previstas no artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais, entendemos a procedencia da súa desestimación na medida en que a mera invocación dunha resolución precedente da Alcaldía do 3 de xaneiro de 2001 relativa ao establecemento dun complemento de produtividade non pode considerarse por si mesma título lexítimo susceptible de xerar un devengo automático e irreversible desta retribución complementaria (artigo 5.3º do RD 861/86, do 25 de abril), eminentemente discrecional, máxime cando o decreto invocado a condicionan á percepción deste emolumento tanto á acreditación do cumprimento de determinadas funcións coma á conformidade da respectiva concellería delegada da área, órgano competente tanto para propoñer como para avaliar inicialmente o rendemento e dedicación dos funcionarios das respectivas áreas.

Alegación presentada por D. Rafael Lage Veiga, con data de entrada no Rexistro xeral do 4 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegación presentada por D. Gilberto Moldes Crespo, con data de entrada no Rexistro xeral do 4 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegacións presentadas por D^a Cristina Gómez García e outros, con data de entrada no rexistro xeral do 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.

Alegacións presentadas por D. Xaquín Martínez Posada e outros, con data de entrada no Rexistro xeral do 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegación presentada por D^a Concepción Rodríguez Garrido con data de entrada no Rexistro xeral do 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegación presentada por D^a María Jesús Cuartero Egido, con data de entrada no Rexistro xeral de 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegación presentada por D. Juan Luis Piñeiro Ferradás, con data de entrada 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegación presentada por D. Rafael González Sanmartín con data de entrada no Rexistro do 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais

Alegación presentada por D^a Aurea Soto Lago con data de entrada no Rexistro xeral do 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.

Alegación presentada por D. Fernando Vilaboa Pérez, con data de entrada no Rexistro xeral do 7 de febreiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria

para o estudo da súa alegación, presentada coa mesma data, dase por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC.

Alegación presentada por D. José Ramón Alonso González e outros, con data de entrada 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.

Alegación presentada por D^a Amparo Salgado López, con data de entrada 7 de febreiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria para o estudo da súa alegación, presentada coa mesma data, dase por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC

Alegación presentada por D^a Juana Ramiro García, con data de entrada 7 de febreiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria para o estudo da súa alegación, presentada coa mesma data, dase por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC

Alegación presentada por D. Jesús M^a. Saavedra Rodríguez, con data de entrada 7 de febreiro de 2005. Considerando a renuncia voluntaria para o estudo da súa alegación, presentada coa mesma data, dase por desistido conforme ao artigo 90 da Lei 30/92, de RXAP e PAC

Alegacións presentadas por D. Antonio Aperador Prieto e outros, con data de entrada no Rexistro xeral do 7 de febreiro de 2005. Procede a súa desestimación en tanto en canto non se atopa encadrada en ningún dos supostos reclamatorios especificamente taxados polo artigo 170.2 do RD lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas locais.

Informe de data 17 de febreiro do director técnico do Instituto Municipal dos Deportes, Sr. Otero Lamas.

Atendendo a solicitude de informe sobre os escritos de alegacións presentados polos Delegados Sindicais da UGT e da CIG no IMD, en relación ós orzamentos do Organismo Autónomo IMD, emítese o seguinte informe:

1.- En relación ás reclamacións presentadas por D. Jose Antonio Pérez Rodríguez, en calidade de Delegado Sindical da UGT, fanse as seguintes consideracións:

1.1. En relación á solicitude do incremento de 50.000,00 €, informar que esta proposta tratouse na reunión de negociación do orzamento realizada cos delegados de persoal do IMD e a Presidenta do IMD acordou trasladar dita solicitude de incremento para estudar a súa viabilidade, tal como se recolle na acta do Consello de Administración do IMD de data 6 de outubro de 2004, na cal se aproba a proposta de orzamento do IMD para o ano 2005, que se ben non se contempla este suplemento, poderíase tramitar modificación orzamentaria dende o capítulo I unha vez aprobado o orzamento do 2005.

1.2. En relación ó apartado b) das reclamacións, informar que os estudos realizados para cubrir as demandas de carácter social que se deriven da creación dos 8 novos postos de axudantes de mantemento, orientan que estas necesidades quedarán cubertas dentro da bolsa de vinculación dos créditos

S.Ordinaria 28.02.04

tanto no capítulo I, como no II, xa que non supoñen un incremento cuantitativo do orzamento.

1.3. En relación ó apartado C) de cara a crear un fondo adicional para a adecuación dos postos de traballo do IMD en base ó estudo de valoración de postos de traballo, considérase necesario que dito apartado se atope incluído na valoración xeral realizada polo Concello e polo tanto o crédito que dispón o Concello de 660.000,00€ incluía ó Organismo Autónomo IMD.

1.4. En relación ós apartados d), e), sobre as demandas de créditos para as axudas de fins deportivos e culturais, debe ser estudada a contía que corresponde ó IMD en relación ó descrito no convenio vixente atendendo as peculiaridades do cadro de persoal do IMD, podendo en todo caso e segundo o importe que resulte, ser asumidas dentro da bolsa de vinculación xurídica das dipoñibilidades orzamentarias do Capítulo I. Este mesmo criterio é de aplicación para a dispoñibilidade para facer fronte ó fondo social extraordinario se fose o caso e concorresen os requisitos de sucesos graves e extraordinarios previstos no art. 30 do Acordo Regulador.

En canto ó cumprimento do art. 37 do Acordo Regulador, a póliza de cobertura de responsabilidade civil que ten contratada a entidade local, cubre o risco de todo o persoal, incluído os dos 00.AA

1.5. En relación ás demandas que afectan á estrutura do cadro de persoal do IMD, é importante salientar os datos que se desprenden dos informes realizados dende o ano 1998 no IMD, en relación á valoración de postos de traballo e ás conclusións das diversas reunións da Comisión de Persoal do IMD. Estes informes establecen a necesidade da realización dun estudo en profundidade da situación da estrutura de traballo dun Organismo Autónomo que na actualidade, se constitúe coma unha unidade xestora cunha proposta de orzamento para o ano 2005 de 5.565.173,44 euros, con máis de 16 instalacións deportivas baixo a súa responsabilidade de xestión e dando servizo de forma directa a máis de 90.000 cidadáns, polo cal, é necesario establecer as pautas adecuadas para a realización dunha proposta de reorganización do organigrama de traballo das diversas unidades, co obxectivo de adecuar esta estrutura á demanda actual, na cal deben primar os principios de mellorar a calidade da prestación dos servizos e de forma paralela acadar a mellora da xestión destes recursos. Polo que se estima necesario a realización dun estudo global sobre a estrutura de persoal do IMD.

1.6. En canto ó apartado g) da reclamación, indicar que teñe moita relación co apartado anterior e que deberá ser revisado unha vez executada a incorporación dos novos recursos humanos contemplados na actual proposta de orzamentos e posteriormente deberá ser estudada de forma global a situación do IMD en base ós temas expostos anteriormente.

2. Sobre as reclamacións efectuadas por D. Enrique Pérez Rego, como representante sindical da CIG, informase que

2.1. Os puntos 1.1, 1.3 e 1.4, da súa reclamación xa están respostados nos apartados 1.2, 1.3 e 1.4 do presente informe, por coincidir o contido da reclamación,

2.2. Sobre o seguro do carnet de conducir que se reclama, infórmase que as pólizas contratadas na actualidade polo IMD, cubren xa as contixencias previstas no art. 35 do Acordo Regulador.

2.3. Sobre os puntos incluídos no apartado 2) da reclamación, sinalar os mesmos criterios que os expostos no apartado 1.59 do presente informe, por se tratar de temas comúns.

En base ó anterior informe, con data 17 de febreiro, o presidente accidental do IMD, formula a seguinte proposta:

No período de exposición pública do orzamento do Organismo Autónomo Instituto Municipal dos Deportes, que rematou o 7 de febreiro, presentáronse as alegacións que están relacionadas na certificación emitida polo Rexistro Xeral de data 11 dos correntes. Emitidos os informes preceptivos sobre as mesmas, en uso das competencias que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía Presidencia e da Xunta de Goberno Local do 2 e 5 de xaneiro de 2004 respectivamente, propónse para a súa inclusión na proposta que se formule ó Pleno da Corporación, previo dictame da Comisión Informativa de Economía e Facenda, a resolución das reclamacións presentadas.

Reclamacións presentadas por D. José Antonio Pérez Rodríguez en calidade de Delegado Sindical da UXT.

En canto á reclamación feita sobre incremento de dotacións orzamentarias en distintas partidas por un importe de 50.000 euros, ista non se corresponde con algún dos supostos taxados no art. 170.2 do TRLRFL, non supoñendo omisión de crédito vinculado ó cumprimento de obrigas contractuais, en consideración co anterior, desestímase a reclamación e, en función da execución orzamentaria en cada caso, poderanse tramitar as preceptivas modificacións orzamentarias de acordo ó contido nos arts. 177 e seguintes do RDL 2/2004 (TRLRFL).

En canto á reclamación feita sobre a adecuación das partidas que poidan quedar afectadas pola ampliación do cadro de persoal e as contraprestacións de carácter social que se deriven da creación dos 8 novos postos de axudantes de mantemento, estas necesidades quedarán cubertas dentro da bolsa de vinculación dos créditos tanto do capítulo I, como no capítulo II, non supoñendo un incremento cuantitativo do orzamento. Polo tanto de acordo os informes técnicos desestímase a reclamación.

En canto á reclamación feita para a creación e dotación dunha partida con 30.000 euros para adecuación de postos de traballo do OA, faise a seguinte consideración: a dotación que figura na partida 1210.1210100 do orzamento da Entidade Local por un importe de 660.000 euros, ten a súa aplicación para o conxunto dos cadros de persoal tanto da Entidade Local como dos seus Organismos Autónomos. En consecuencia desestímase este apartado da reclamación.

En canto a dotación de 1.500 euros para axudas a fins culturais e deportivos, non procede esa contía, xa que a mesma debe manter a proporcionalidade en relación coa dotación que a Entidade Local ten (6010,12 €) para o seu cadro de persoal. Unha vez feita esta aclaración, os devanditos gastos se imputarán á bolsa de vinculación xurídica, xa que o seu importe é perfectamente asumible dentro das dispoñibilidades orzamentarias do capítulo I. Este mesmo criterio é de aplicación para a dispoñibilidade para facer fronte ó fondo social extraordinario se fose o caso e concorresen os requisitos de sucesos graves e extraordinarios

previstos no art. 30 do Acordo Regulador, polo tanto, ó estar cubertos orzamentariamente os devanditos gastos sociais, desestímase a reclamación.

En canto ó cumprimento do art. 37 do Acordo Regulador, a póliza de cobertura de responsabilidade civil que ten contratada a entidade local, cubre o risco de todo o persoal, incluído os dos 00.AA, en consecuencia desestímase este apartado da reclamación

En canto ás posibles modificacións que afectan ó cadro de persoal, istas no teñen a consideración dos supostos de reclamación contidos no art. 170.2 do TRLRFL tal e como fai constar con carácter xeral o Xefe de Persoal nas reclamacións feitas polo persoal da Entidade Local. Polo anteriormente exposto, desestímase a reclamación relativa a reorganización do cadro de persoal do OA quedando para un estudo global.

En canto á dotación de 120.000 euros para o cumprimento da legalidade vixente na atención nas distintas instalacións deportivas, desestímase por non se cuestionar o cumprimento da legalidade vixente no funcionamento da Administración, por ser este un mandato constitucional (art. 103 de la CE). En todo caso, as ampliacións previstas no cadro de persoal con 8 axudantes de mantemento que figuran orzamentados, deberá dar resposta ás demandas formuladas, en consecuencia desestímase a reclamación.

D. Enrique Pérez Rego en representación da CIGA, presenta as seguintes reclamacións:

Sobre os puntos 1.1, 1.3 e 1.4 (dotación para fins culturais e deportivos, fondo de acción social e fondo adicional para adecuación de postos de traballo) da súa reclamación, desestímase polas razóns expostas anteriormente e xa respostadas na reclamación presentada polo Delegado Sindical da UXT, por coincidir exactamente no seu contido.

Sobre o seguro do carné de conducir que se reclama, infórmase que as pólizas contratadas na actualidade polo OA, cubren xa as contingencias previstas no art. 35 do Acordo Regulador. En consecuencia desestímase a reclamación.

Sobre o apartado 2 da reclamación, as posibles modificacións que afectan ó cadro de persoal, non teñen a consideración dos supostos de reclamación contidos no art. 170.2 do TRLRFL tal e como fai constar con carácter xeral o Xefe de Persoal nas reclamacións feitas polo persoal da Entidade Local. Polo anteriormente exposto, desestímase a reclamación relativa á reorganización do cadro de persoal do OA. para un estudo global.

Proposta de data 17 de febreiro de 2005, do presidente accidental do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, Sr. Figueroa Vila.

No período de exposición pública do orzamento do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e Oficios, que rematou o 7 de febreiro, presentáronse as alegacións que están relacionadas na certificación emitida polo Rexistro Xeral de data 11 do mes que andamos. Emitidos os informes preceptivos sobre as mesmas, en uso das competencias que me foron delegadas por Resolución da Alcaldía Presidencia e da Xunta de Goberno Local do 2 e 5 de xaneiro de 2004, respectivamente, propónse para a súa inclusión na proposta que se formule ó Pleno da Corporación, previo dictame da comisión informativa da Area de Xestión Municipal, a resolución das reclamacións presentadas.

En canto á reclamación feita para a creación e dotación dunha partida para adecuación de postos de traballo do cadro de persoal do organismo autónomo, faise a seguinte consideración: a dotación que figura na partida 1210.1210100 do orzamento da entidade local por un importe de 660.000 euros, ten a súa aplicación para o conxunto dos cadros de persoal tanto da entidade local como dos seus organismos autónomos. En consecuencia desestímase a reclamación presentada.

Visto o anterior, o concelleiro delegado de Xestión Municipal, Sr. Guerra Fernández, con data 17 de febreiro de 2005, formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de febreiro, dictamina favorablemente a devandita proposta.

Emenda formulada polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, Sr. Guerra Fernández:

Examinado o documento orzamentario sometido a exposición pública, relativo á aprobación inicial do orzamento e cadro de persoal correspondente ó exercicio 2005, este concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, en execución das facultades delegadas pola Alcaldía-Presidencia e pola Xunta de Goberno Local, formula a seguinte emenda á referida aprobación inicial co obxecto de que o Pleno do Concello proceda ó seu debate, estudo e, no seu caso, aprobación.

As modificacións orzamentarias e organizativas do cadro de persoal incluídas na presente emenda, respostan a unha vontade de optimizar os recursos humanos axustados e corrixir o que se entende por disfuncións orgánicas puntuais susceptibles de seren corrixidas co acto da aprobación definitiva do orzamento correspondente ó exercicio 2005.

Primeiro.- Adecúase, por imperativo legal, a orzamentación inicial do capítulo I á porcentaxe do incremento retributivo previsto na Lei 2/2004, do 27 de decembro, que establece un 2% de incremento aplicable ós conceptos retributivos dos empregados públicos.

Segundo.- Transfórmanse dúas prazas de auxiliar de deliñación e dúas prazas de auxiliar de administración xeral en dúas prazas de deliñante e dúas de administrativo de administración xeral, respectivamente.

Terceiro.- Incluir no cadro de persoal unha praza de diplomado en traballo social no servizo de Muller.

O incremento orzamentario global derivado da presente emenda, equilibrase co 0,3% inicialmente orzamentado dentro do capítulo I.

INTERVENCIÓN DO SR. GUERRA FERNÁNDEZ: Como vostedes saben o período de exposición pública do orzamento municipal rematou o pasado día 7 de febreiro. Nese período presentáronse 23 alegacións ó orzamento das que practicamente da súa totalidade só unha pode ser considerada realmente coma

unha alegación porque as outras vintedúas non están encadradas dentro dos parámetros que legalmente se fixan para alegacións que, como vostedes saben, teñen que ir enfocadas a defectos de forma na tramitación do orzamento, omisións de créditos para obrigas da entidade local e o terceiro motivo de alegación é pola manifesta insuficiencia dalgún ingreso para cubrir un gasto ou que eses gastos sexan manifestamente insuficientes.

Como digo ningunha das alegacións agás unha están encadradas dentro destes casos e por tanto en puridade non se poden considerar coma alegacións.

A única realmente considerada como tal é a que presentou o xefe de Informática desta casa que fai uns comentarios sobre a insuficiencia de crédito en dúas partidas dese servizo. Unha vez estudada en detalle, obsérvase que dentro da vinculación de créditos formulados nese servizo existen suficientes como para que poida funcionar con normalidade e por tanto se considera pertinente desestimar a mencionada alegación.

O resto das alegación pola súa forma non poden ser consideradas como tales se ben algunhas delas teñen interese dende o punto de vista político e imos consideralas, os servizos traballarán sobre elas e no futuro verase se algunha desas alegacións se poden complementar sen que sexan alegacións ó orzamento.

Dende este punto de vista da non aceptación das alegacións, propóñolles a corrección de catro erros detectados na denominación de catro partidas que xa teñen no expediente. Tamén o cambio de nome de seis partidas para clarexar a súa clasificación sen que supoña en absoluto ningún cambio de contía ou de programa.

Por outra parte propoño individualizar os custos correspondentes ó Tribunal Económico-Administrativo sen ningún incremento adicional de gasto, sinxelamente creando un orzamento funcional propio dentro da función 611 e considerar ampliables seis partidas que teñen que ver con traballos de regulación de distintos impostos e taxas.

Estudando o expediente e como xa comenteis ós voceiros dos grupos, tamén observei que hai unha emenda que presentara o día 7 de febreiro e penso que se traspapelou. Nesa emenda solicitaba a inclusión dentro do cadro de persoal dunha praza de diplomado en traballos sociais no Servizo de Muller, así como a transformación de dúas prazas de auxiliar de deliñación e dúas prazas de auxiliar de administración xeral en dúas prazas de deliñante e dúas prazas de administrativo de administración xeral. Eses incrementos de gastos cubriríanse por unha diferenza que existe no orzamento entre o 2/3

que estaba orzamentado o incremento salarial dentro do capítulo I de persoal e o 2 que finalmente se ten que consignar.

Isto é todo pola miña parte e solicito que se aprrobe o orzamento.

VOTACIÓN E ACORDO: Con dez vostos a favor dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, dez abstencións dos Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Barros Puente, Calviño Rodríguez, Graña Barcia, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Ceniceros, Sío Lourido e Soto Ferreiro, e sete votos en contra dos Sres. e Sras. Bermúdez Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Toba Girón e Vieitez Alonso, acórdase:

Primeiro.- Corrixir os erros detectados pola Intervención Xeral na definición das partidas seguintes: 4324.6110005, 4521.6320200, 5110.6110008 e 5110009, xa que o seu texto non se correspondía coa remisión de datos feita polo servizo xestor nin con código do proxecto, senón coas táboas de datos de anos anteriores. En consecuencia, se corrixen os erros relativos ós nomes das partidas, quedando como seguen: 4324.6110005 Iluminación pública Cabral Igrexa , 4521.6320200 2ª anualidade obras de urxencia en Balaidos, 5110.6110008 Remodelación de escaleira de acceso á igrexa de Valladares e 5110009 Acondicionamento escaleira Pi y Margall interior, manténdose a súa contía invariable así como o centro xestor.

De se producir algunha discordancia entre as denominacións que figuran no estado de gastos do orzamento e o proxecto que o sustenta (código do proxecto), prevalecerá iste por conter todas as características que o definen.

Segundo.- Cambiar a definición das partidas seguintes, sen que supoña alteración ningunha nin en contías nin en programas orzamentarios, quedando coas denominacións que de seguido se indican: 1110.2260102 Protocolo eventos internacionais, 1210.2120001 Obras reparación en departamentos, 4521.2270603 Actividades eventos internacionais, 6110.2270608 Novas aplicacións informáticas, 4510.2270613 Asistencias técnicas para elaboracións estratéxicas, 2220.2270609 Asistencias técnicas para elaboración plans de traballos.

Terceiro.- Co obxecto de dar cumprimento ó mandato previsto na Lei 57/2003, creouse o Tribunal Económico Administrativo. Ós efectos de ter individualizado os custos de cada un dos programas, debe crearse un programa orzamentario funcional propio dentro da función 611, no que se incluan os custos de persoal que desempeñan as súas tarefas neste órgano, procedendo á súa diminución do capítulo I naquel programa orzamentario no que están incluídos os custos actualmente. Así mesmo é necesario estimar unha dotación para dietas, locomoción e adquisición de textos legais que garanten o funcionamento ordinario deste órgano.

As partidas a crear con independencia daquelas que procedan para a imputación dos gastos de persoal, serán as seguintes:

- Creación do programa 611.1 Tribunal Económico Administrativo.
- Creación das partidas:

6111.2300100	Dietas do persoal	1.500 euros
6111.2310000	Locomoción	1.500 euros
6111.2200100	Libros, revistas e públic.	6.000 euros

A baixa para facer fronte ós incrementos correspondentes por un importe de 9.000 euros, farase con cargo á partida 2220.2270601

Cuarto.- Ó abeiro do previsto no art. 178 do TRLRFL, considerar ampliables as seguintes partidas e conceptos, sempre en función dos efectivos ingresos que se recaden:

Gastos		Ingresos	
6110.2270604	Trab.Regul. IAE	130.01	Reg. Atrasos IAE
6110.2270606	" " ICIO	282.01	" " ICIO
6110.2270607	" " Tax.Empr.Explot. S.P	320.05	Reg. Tax. Emp.S.P
6110.2270609	Trab.Reg. L. Comercial	311.07	Reg. Lixo comercial
6110.2270610	" " entrada vehículos	322.05	Reg.Ent. vehículos
6110.2270611	" " outras Taxas	322.06	Reg. Outras taxas

En consecuencia co anterior, substitúese o anexo das Bases de Execución relativo a créditos ampliables aprobado inicialmente en sesión plenaria realizada o 14 de xaneiro de 2005 polo que se propon.

Quinto.- Desestimar a alegación presentada por D^a Elena González Sánchez, Presidenta da Federación AA.VV Eduardo Chao relativa ó establecemento de dous tipos de gravame do IBI en base ó informe da Directora de Ingresos que se transcribe nos antecedentes. Desestimar igualmente a posibilidade de establecer un convenio único de xestión coa Federación de Veciños, xa que cada Concellería desenvolve as súas propias políticas orzamentarias dentro dun contexto xeral, non sendo igualmente os supostos presentados causa de reclamación de acordo ós supostos previstos no art. 170.2 o TRLRFL (RDL 2/2004). Non obstante o anterior, estudarase para o futuro tal posibilidade se con isto se consegue unha mellor eficiencia na xestión dos recursos orzamentarios.

Sexto.- En canto á alegación presentada por don Marcelino López Martínez-Morás relativa á dotación orzamentaria para poñer en marcha o Instituto Sociolóxico de Vigo e o Instituto Vigués de Estatística, sendo considerada de interese a iniciativa, é necesario en primeiro lugar estudar as competencias que a Entidade Local ten nesta materia en relación coa Administración Autonómica e Central, polo que se desestima en canto á posibilidade de dotar unha partida específica para esta finalidade, sen prexuízo do estudo en canto ás posibilidades da creación do citado Instituto Sociolóxico de Vigo e o Instituto Vigués de Estatística.

Sétimo.- Desestimar a reclamación feita por D. José Manuel Suárez Márquez, en representación da asociación Amigos da Bicicleta "A Golpe de Pedal", relativa á creación de infraestructuras e circuitos de educación vial para infraestructuras ciclistas, por non ter a consideración dos supostos previstos no art. 170.2 do TRLRFL, tendo a reclamación un carácter básicamente político. Polo anterior, tomarase en conta a iniciativa a efectos de estudo e posibilidades de futuro en función dos recursos orzamentarios dispoñibles.

Oitavo.- En canto á reclamación presentada polo Xefe do Servizo de Informática e Comunicacions, na que se acredita insuficiencias orzamentarias en dúas partidas, hai que considerar que os créditos funcionan a nivel bolsa de vinculación xurídica, polo que a análise debe facerse sobre os créditos correspondentes á bolsa 1217,22, e non sobre a partida de acordo ó previsto na Base 4ª de Execución Orzamentaria e art. 172.2 do TRLRFL. En consecuencia co anterior, desestímase a reclamación presentada por ser os créditos dotados suficientes para dar cobertura ás obrigas contractuais así como para o funcionamento operativo do servizo.

Noveno.- En canto ás reclamación presentadas contra o Capítulo I (Gastos de persoal), resólvense de conformidade co informe do xefe da unidade de Persoal, de data 7 de febreiro, que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Décimo.- En canto ás reclamación presentadas contra o orzamento do Organismo Autónomo Administrativo Instituto Municipal dos Deportes, desestímase en base os informes técnicos e a proposta formulada polo Presidente Accidental do Organismo Autónomo que se transcriben nos antecedentes.

Décimo primeiro.- A reclamación presentada contra os orzamentos da Escola Municipal de Artes e Oficios, desestímase en base ás consideracións feitas na proposta do Presidente Accidental do Organismo Autónomo que se transcriben nos antecedentes deste acordo.

Duodécimo.- Aprobar a emenda formulada polo concelleiro delegado da área de Xestión Municipal, Sr. Guerra Fernández, ó cadro de persoal e documento orzamentario do capítulo I de gastos correspondente ó exercicio 2005, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Décimoterceiro.- Aprobar definitivamente o orzamento municipal para o ano 2005 integrado por:

- Entidade Local.
- Organismos Autónomos Administrativos:
 - Instituto Municipal dos Deportes.
 - Parque das Ciencias Vigo Zoo.
 - Escola Municipal de Artes e Oficios.
 - Xerencia Municipal de Urbanismo.

Décimocuarto.- Aprobar as Bases de Execución e o seu anexo sobre partidas ampliables que se relacionan no apartado 4º da proposta. As Bases de Execución serán de aplicación á Entidade Local e ós seus Organismos Autónomos, coa salvedade das Bases específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Décimoquinto.- Aprobar as Bases de Execución específicas da Xerencia Municipal de Urbanismo.

Décimosexto.- Aprobar o cadro de persoal da Entidade Local e os seus Organismos autónomos que se relacionaron anteriormente.

Do Orzamento definitivamente aprobado, insertarase no Boletín Oficial da Provincia un resume por capítulos, tanto do correspondente á Entidade Local como o correspondente ós seus Organismos Autónomos, así como o resume do orzamento consolidado igualmente por capítulos.

Contra a aprobación definitiva e conxunta do orzamento, así como do cadro de persoal e demais documentos que o conforman (art. 90 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local), poderá interpoñerse directamente recurso contencioso administrativo, na forma e prazo de dous meses a partir da publicación do anuncio de aprobación definitiva, tal e como establecen as normas da devandita xurisdicción (art. 25 a 43 da Lei 29/1988, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso Administrativa). A interposición de recursos non suspenderá por si soa a aplicación do orzamento definitivamente aprobado pola Corporación.

Remitir copia do orzamento definitivamente aprobado á Administración do Estado e a Comunidade Autónoma.

O orzamento entrará en vigor unha vez publicado na forma prevista no apartado 3 do artigo 169 do TRLRFL, aprobado polo RDL 2/2004.

Explicación de voto do Sr. Toba Girón polo Grupo municipal do BNG:

Sen redundar en toda a argumentación xa expresada no momento da aprobación inicial, si insistir en que se trata dun orzamento que dende o noso punto de vista non responde ás características desta Corporación, non é o noso orzamento, coidamos que non é o orzamento da maioría da Corporación, pensamos que hai outro xeito de xestionar o Concello e polo tanto esa é a razón de que votemos en contra.

Polo demáis, o carácter improvisatorio da documentación orzamentaria ponse de manifesto nesta última emenda da que tivemos coñecemento antes do Pleno polo Sr. Guerra, o que lle agradecemos, pero que unha vez máis actúa sobre o capítulo I sen ningún criterio técnico. Efectivamente nós bótáramos de menos unha praza de diplomado en traballo social alomenos porque hai un déficit importante nesa área, pero se segue cun posicionamento de creación de prazas non en razón de ningún tipo de características organizativas.

Un apunte sen máis para que o teñan en conta e imos facelo con toda a lealdade. Recentemente tivemos coñecemento na comisión de Control da Contratación dos pregos de condicións para a convocatoria do concurso dos guindastres; o tipo de licitación dese concurso está agora en 1.700.000 euros aproximadamente e os ingresos previstos están en 1.900.000 euros, é dicir, prevense en ingresos 150.000 euros máis do custo do servizo e dende o noso punto de vista iso está en contradicción co artigo 24.2 da Lei de Facendas locais.

12.- (41).- DAR CONTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE
21.506,16 € A FAVOR DA EMPRESA GLOBAL SALES SOLUTIÓNS LINES,

S.Ordinaria 28.02.04

S.L., POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DO
TELÉFONO 010. EXPTE. 570.321.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 27 de
decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"5.- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 21.506,16 € A FAVOR DA
EMPRESA GLOBAL SALES SOLUTIONS LINES, S.L., POLA PRESTACIÓN DOS
SERVIZOS DE INFORMACIÓN A TRAVÉS DO TELÉFONO 010. EXPTE. 570/321.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora
xeral do 17.12.04, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de
Atención Cidadá, do 20.11.04, conformado pola concelleira da Área de
Promoción Económica e Desenvolvemento Local, a Xunta de Goberno acorda:

Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 21.506,16 € con cargo á
aplicación orzamentaria 463.1.2270600 e recoñecer a obriga a favor da
empresa Global Sales Solutions Line, S.L., pola prestación do servizo de
información telefónica a través do teléfono 010, dende o mes de xuño ao mes
de xullo de 2004."

*Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedande este
informado.*

13.- (42).- DAR CONTA DE INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE
28.467,93 € A FAVOR DE FRANCISCO CARDAMA, S.A., POLO MANTEMENTO
BÁSICO E ESTANCIA NO VARADERO DO BUQUE MUNICIPAL "BERNARDO
ALFAGEME". EXPTE. 2612/307.

ANTECEDENTES.- A Xunta de Goberno Local, na súa sesión que tivo lugar o día
20 de decembro de 2004, adoptou o seguinte acordo:

"25(1643).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 28.467,93 € A FAVOR
DE FRANCISCO CARDAMA, S.A., POLO MANTEMENTO BÁSICO E ESTANCIA
NO VARADOIRO DO BUQUE MUNICIPAL "BERNARDO ALFAGEME". EXPTE.
2612/307.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe da interventora
xeral do 13.12.04 e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de
Patrimonio Histórico do 29.11.04, conformado polo concelleiro delegado de
dito servizo, a Xunta de Goberno acorda:

1º.- A indemnización substitutiva por importe de 28.467,93 euros a favor da
empresa "FRANCISCO CARDAMA, S.A." (NIF A-36600849) polos traballos de
mantemento básico e estancia do buque municipal "BERNARDO ALFAGEME",
atracado nos peiraos da citada entidade, durante os meses de xaneiro a

S.Ordinaria 28.02.04

outubro do ano 2004 e segundo a súa factura nº 4113 do 15/10/2004, presentada no Rexistro Xeral na data do 25/11/2004 (nº doc. 40119996).

2º.- Imputalo á partida 4531.2130001 MANTEMENTO BUQUE BERNARDO ALFAGEME dos orzamentos do 2004.

3º.- A imputación do gasto ós orzamentos vixentes non provoca prexuízo nin limitación ningunha para a realización de todas as atencións obrigadas do exercicio corrente na conseguinte partida."

Do anterior a Presidencia da conta ó Pleno da Corporación quedande este informado.

14.- (43).- RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS NO SEU EPÍGRAFE 1, VÍAS PÚBLICAS, DANDO DE BAIXA A RÚA FIGUERIDO NO TRAMO QUE DISCORRE DENDE A RÚA TUI, NUNHA LONXITUDE DE 55,66 METROS LIÑAIS E UNHA ANCHURA DE 5,42 M. EXPTE. 15632/240.

ANTECEDENTES.- Con data 27 de xaneiro de 2005, o xefe de Patrimonio,, Sr. Rodríguez Cadarso, coa conformidade do xefe da Área de Réxime Interior e máis do concelleiro delegado de Patrimonio, informa o que segue:

"Por sentenza ditada polo Xulgado de 1ª Instancia de Vigo nº 8, de data 5 de xullo de 2004, en Procedemento Ordinario nº 550/2003 de exercicio de acción declarativa de dominio interposto por D. Sergio Rodríguez Fernández, declarouse a titularidade do demandante do terreo chamado Figueirido na parroquia de Coia, condenando a este Concello a estar e pasar por dita declaración, así como á cancelación das inscricións contradictorias rexistras que poideran existir a favor da mesma.

A teor da mentada sentenza e resultando afectado o epígrafe 1, Vías públicas do Inventario municipal de Bens e Dereitos, ò coincidir a parcela en cuestión co trazado da rúa Figueirido no seu tramo inicial dende a rúa Tui, emitiuse informe polo arquitecto municipal de Patrimonio no que sinala a anulación da dita vía no tramo de 55,66 m liñais e un ancho de 5,42 m. achegando a planimetría corrixida das vías públicas resultante (follas 13-29 e 14-29).

Conseguíntemente e a fin de actualizar a planimetría municipal de vías públicas á realidade resultante da sentenza xudicial anteriormente citada, corresponde a rectificación do Inventario municipal de bens e dereitos no epígrafe 1 vías públicas en relación á rúa Figueirido, dando de baixa o tramo afectado de acordo co informe técnico anteriormente sinalado, así como a rectificación da súa planimetría.

Resulta competente para a adopción do presente acordo de rectificación do Inventario municipal de Bens e Dereitos deste Concello o Pleno municipal, de acordo co disposto no art. 123.1.p da LRBRL en relación cos artigos 278 e 279 da LALG e art.34 do RBEL."

S.Ordinaria 28.02.04

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de febreiro de 2005, dictamina favorablemente a devandita proposta.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Rectificar o Inventario municipal de Bens e Dereitos no seu epígrafe 1, vías públicas, dando de baixa a rúa Figueirido no tramo que discorre dende a rúa Tui, nunha lonxitude de 55,66 m. liñais e un ancho de 5,42 m., anulándose a súa grafía na planimetría correspondente ás follas 13-29 e 14-29, todo isto consonte ó informe do arquitecto municipal de Patrimonio que obra no expediente.

15.- (44).- DESAFECTACIÓN DO ELEMENTO 2 DA PARCELA DE PROPIEDAD MUNICIPAL NÚM. 136. EXPTE. 17143/240.

ANTECEDENTES.- Con data 17 de febreiro de 2005, o xefe de Patrimonio,, Sr. Rodríguez Cadarso, coa conformidade do xefe da Área de Réxime Interior, do Secretario Xeral do Pleno e máis do concelleiro delegado de Patrimonio, informa o que segue:

1º.- Polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, solicitouse que se procedese á desafectación ó dominio público o chamado Mercado de Cabral, onde viña desenvolvendo as súas actividades o Fondo de Promoción do Emprego de acordo co convenio de cesión concertado co Concello no ano 1993 e que quedou sen efecto segundo acordo da Comisión de Goberno do 10.11.2003.

2º.- Na instrucción do expediente emitíu informe a Oficina de Planeamento e Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo en data 26.11.2004, no que sinala con respecto ó Plan Xeral de Ordenación Urbana vixente do ano 1993, que a dita propiedade figura en solo clasificado coma urbano e cualificado coa ordenanza 4.6 de Servizos Urbanos, ó tempo que reflicte as condición de uso e volume permitido pola dita ordenanza.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

1º.- O edificio obxecto do presente expediente de alteración da súa natureza xurídica, situado na Avda. Ramon Nieto esquina Rúa da Vía, consta como de titularidade municipal inscrito no Inventario municipal de bens e dereitos baixo o número de propiedade 000136 e coa denominación Mercado Municipal de Cabral e natureza xurídica de ben de servizo público.

S.Ordinaria 28.02.04

De acordo cos datos que obran no expediente de división horizontal da propiedade nº 000136, que se tramita baixo o número de expediente 1714-240, a edificación existente divídese horizontalmente en dous elementos: elemento 1, destinado ó servizo público do mercado (Mercado municipal de Cabral), dunha superficie útil de 475,50 m²; e o elemento 2, que se viña destinando ó Fondo de Formación do Emprego, dunha superficie útil de 1885,15, distribuído en tres plantas.

2º.- A facultade das Entidades Locais para proceder á alteración da cualificación xurídica dos seus bens ven recoñecida no art. 81 da Lei 7/85 RBRL, art. 269 da Lei 5/97 de ALG e art. 8 do RD 1372/86 RBEL, ó dispoñer que a dita alteración xurídica se levará a cabo mediante a tramitación do correspondente expediente no que se acredite a súa oportunidade e legalidade, requirindo a súa adopción a cumprimentación de diversos requisitos que a mesma normativa establece.

No presente caso, a alteración xustifícase ó non se destinar o elemento 2 ó servizo público do mercado e adicarse pola contra, como queda sinalado anteriormente, ás actividades do Fondo de Promoción do Emprego ata a súa extinción e liquidación, motivando a solicitude do Servizo Municipal de Desenvolvemento Local de proceder á desafectación do dito local para a recuperación do seu uso.

3º.- De acordo coa normativa vixente, a alteración da natureza xurídica do ben, desafectándoo do servizo público co que consta reflectido no Inventario Municipal de Bens e Dereitos, require como presuposto necesario, a adopción do acordo resolutorio que corresponda polo órgano competente, téndoa atribuída o Pleno do Concello de acordo co disposto no art. 123.1.p) da LRBRL en relación co art. 269.1 da LALG.

4º.- O expediente someteráse a información pública durante o prazo dun mes e polo procedemento regulamentario mediante as publicacións correspondentes no Taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia, debendo resultar aprobado definitivamente se no prazo de información pública non se formulan alegacións ó mesmo e, noutro caso, tra-la resolución que para o efecto adopte o Concello en Pleno (art. 8.2.RBEL)."

Polo anteriormente exposto, o técnico informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de febreiro de 2005, dictamina favorablemente a devandita proposta.

INTERVENCIÓN DO SR. TOBA GIRÓN: O noso grupo está de acordo e imos votar a favor pero a este Pleno ven a desafectación do elemento segundo do que é o mercado de Cabral. Evidentemente o proceso de convenio coa entidade para a posta en marcha e para a utilización do local é competencia da Xunta de Goberna Local e non do Pleno da Corporación, por tanto nós estaremos atentos á redacción dese convenio no seu día e sinxelamente poñemos enriba da mesa para que vostedes os teñan en conta os cambios que poida haber no conxunto no novo Plan Xeral e se peche un convenio que teña en conta a

S.Ordinaria 28.02.04

situación transitoria non vaia se-lo conto que posteriormente xeremos un dereito derivado convenio que logo nos obrigue á toma de decisión non congruentes co Plan Xeral.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con vintecinco votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Figueroa Vila, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García, Ruiz Cenicerros, Sío Lourido, Toba Girón, Vieitez Alonso e a Presidencia, e a abstención dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a alteración da natureza xurídica do elemento 2 do inmovible do Mercado Municipal de Cabral (propiedade municipal nº000136), situado na Avda. Ramon Nieto esquina Rúa da Vía, desafectándoo ó servizo público co que consta no Inventario municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario do 04.05.93.

Segundo.- Someter, polo procedemento regulamentario, o presente expediente a información pública durante o prazo dun mes de acordo co art. 8.2 RBEL.

Terceiro.- O presente acordo resultará aprobado definitivamente, se transcorrido o prazo de información pública non se presentasen alegacións ó mesmo, o que se acreditará mediante a correspondente certificación que para o efecto emita a Secretaría Xeral.

Cuarto.- Que pola oficina do Inventario municipal se proceda, unha vez acadada a aprobación definitiva da presente alteración da natureza xurídica do elemento 2 da propiedade nº 000136, a efectuar a correspondente rectificación no Inventario municipal reflectindo a nova natureza xurídica de ben patrimonial resultante.

16.- (45).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PG RELATIVA A INSTAR Ó MINISTERIO DE FOMENTO A CONSTRUCCIÓN DE FALSOS TÚNELES NO II CINTO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 15 de febreiro, o voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, formula a seguinte moción:

"Malia que non nos gusta reiterar mocións xa presentadas, polas circunstancias que atinxen a esta parécenos conveniente.

Achegamos pois a moción que presentamos no seu día e que foi aprobada por unanimidade.

Sigue a estar vixente e esperamos que o Ministerio de Fomento, con responsábeis socialistas ó fronte, cambie de talante pra acoller estas razoábeis propostas que non obtiveron froito cando gobernaba en Madrid o Partido Popular.

Consonte co antedito propoñemos:

1.- Pedirlle ó Ministerio de Fomento unha solución constructiva con falsos túneles no segundo cinto de circunvalación de Vigo na zona das Presas, na zona preto do enlace con Ricardo Mella e máis en Valladares.

2.- Que o Goberno Municipal inclúa esta reivindicación nas negociacións que está a facer diante do Ministerio de Fomento."

O Sr. Soto Ferreiro achega copia da moción presentada con data 24 de marzo de 2004, aprobada polo Pleno en sesión do 30 de marzo do mesmo ano.

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de febreiro de 2005, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. SOTO FERREIRO: Hai aproximadamente un ano faciamos unha moción semellante, daquela o Ministerio de Fomento dependía do Partido Popular. Aquela moción aprobouse por unanimidade por esta Corporación pero lamentablemente non produciu efectos.

Verdade é que polas datas en que se fixo a moción hai un ano máis ou menos, pouco despois o Partido Popular perdeu as eleccións. Agora governa o Partido Socialista e nós reiteramos a moción porque o importante son os fondos e non as circunstancias de quen governa, dito con todos os respectos.

Sen nada de demagogia quero dicirlles ós tres partidos restantes desta Corporación que no seu día foron responsables de que se aprobaran os proxectos do II cinto de circunvalación, que se ó Partido Galeguista lle poñen a pistola ó peito, e perdoen a metáfora tan agresiva, dicindo cinto así ou cinto non, nós votariamos cinto si e ista é unha declaración que non teríamos porqué facer pero a dicimos de verdade no sentido de nos solidarizar cos demais.

Agora ben, tamén teño que dicir que se o Partido Galeguista chega estar naquela Corporación tivera formulado obxeccións e tentado negociar con Fomento cambios no traxecto porque os cambios que están a pedir os veciños son máis que razoables, hai van quedar unhas trincheiras tremendas que van

afectar gravisamente á paisaxe e á seguridade das zonas onde se van facer.

Estes días, cando os veciños falaban con nós outra vez deste tema, empezaban facer comentarios que ó Partido Socialista lle deberan preocupar porque eran no sentido de qué máis da que governe o PP ou o PSOE, o resultado en canto á sensibilidade para estes casos parece o mesmo.

Non teño en ningún sentido porqué implicar ó grupo municipal Socialista nesta sensibilidade ou non porque non coñezo a súa posición e vouna coñecer agora aínda que será a mesma de hai un ano. En todo caso gustaríanos que puxesen da súa banda todo o que puidesen para xestionar co Ministerio de Fomento a reparación deste desaguisado urbanístico.

Volvo dicir que o cinto é absolutamente imprescindible mesmo se fora necesario, que non o é, causar males tan graves coma estas trincheiras que se van facer nesas tres zonas de Vigo.

Perdoen que llo diga pero a verdade é que non teño demasiada confianza nas xestións que se estean a facer con Fomento, nin polo representante do Grupo Socialista nin polo Goberno municipal a quen lle pido que implique este asunto nas negociacións que está a levar co Ministerio de Fomento e polo tanto que asuma a responsabilidade de negociar con Fomento, entre outras cousas, un tema que me parece importante para todos e por tanto todos deberamos poñer da nosa parte o mellor que poidamos. Nós facémolo modestamente dende esta proposición, ós demais tócalles a palabra.

SR. IGLESIAS CARRERA: Por riba do respecto ós grupos e ás súas opinións teño que estar totalmente de acordo co Sr. Soto porque eu vivín nas miñas carnes a interlocución con Fomento e direino se está o PP en Madrid ou se está o PSOE. Hai que dicir aquí, ós cidadáns de Vigo porque é a nosa obriga máis alá da disciplina de voto de cada quen, que o Ministerio de Fomento terá que cambiar o seu organigrama nas Autonomía porque senón haberá que gastar moitos cartos para ir a Madrid.

Vexo nos xornais moitos concelleiros, agora do PSOE, falando cos veciños de Valladares para resolver o desaguisado. Teño que lembrar que cando se fixo a autoestrada ó Val Miñor os veciños de Valladares dende a Xunta foron axeitadamente compensados para evitar un túnel e agora mesmo existe un auditorio en Valladares gracias ás boas conversas entre políticos da mesma liña que estaba a falar no Consorcio a Sra. Graña.

Máis alá diso eu teño que pensar que ou Fomento instala a algunha persoa que poida ter autoridade para a interlocución inmediata ou aquí será

imposible, governe quen governe en Madrid, falar con alguén que non sexa un enxeñeiro que dirá o que lle mandan dende Madrid.

Por iso estou totalmente de acordo co Sr. Soto e teño moita desesperanza, non sei que teñen que facer os concelleiros do PSOE, ou do PP, ou do BNG cando verdadeiramente o problema é a interlocución cunha Demarcación de Estradas na Coruña que se limita a informar a Madrid, que logo vai un a Madrid pero governe quen governe aquí estamos totalmente abandonados e xa verán cando veña o PAU de Navia por onde está a pasar o segundo cinto.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do PG, Sr. Soto Ferreiro, relativa a instar ó Ministerio de Fomento á construcións de falsos túneles no II cinto de circunvalación, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

17.- (46).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA Á REDACCIÓN DO NOVO ESTATUTO DE GALICIA.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 3 de febreiro de 2005, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

"O debate sobre o modelo de Estado e sobre a súa reformulación está definitivamente aberto e ocupa boa parte da actualidade política e mediática. Como galegos e galegas podemos asistir como simples espectadores a ese debate, pero tamén podemos asistir como protagonistas, coas nosas propias propostas e demostrando que pode e debe haber unha vía galega para a transformación positiva, construtiva e dialogada.

De como se resolva este debate depende que Galiza teña ou non as ferramentas que precisamos para construír a Galiza do século XXI: a Galiza do benestar, das ideas e das oportunidades para todos e todas. E para que Galiza saia con ben deste reto é necesario institucionalizar unha nova cultura política respectuosa co pluralismo, na que todos temos moito que aportar, sen exclusións e sen prexuízos, e nese empeño os concellos galegos deben ter un gran protagonismo.

O actual marco estatutario concibiuse como un punto de partida para o desenvolvemento dinámico do autogoberno e das institucións galegas. Neste novo tempo político o BNG quere impulsar un desenvolvemento leal do marco competencial en beneficio do autogoberno, estipulando un novo marco económico baseado na autonomía fiscal e financeira, garantindo máis

compromiso do Estado con Galiza e facendo posíbel máis Galiza no mundo, abrindo novos escenarios competenciais que permitan defender ós nosos intereses alá onde se deciden.

Galiza non pode agardar. A historia non entende de ritmos electorais e é o momento de asumir colectivamente un plan de traballo para asegurar que Galiza teña o seu papel protagonista na historia e no futuro que nos merecemos.

En consecuencia, o grupo municipal do BNG propón ao Pleno da Corporación Municipal a adopción dos seguintes acordos:

1.- Apoiar a creación no Parlamento Galego dunha "Comisión do Novo Estatuto" que nos vindeiros meses, e con independencia dos ritmos electorais, se ocupe de elaborar un documento de bases consensuado. Un decálogo de intencións e compromisos que leve o optimismo e a esperanza á sociedade galega e meta ao noso país no debate estatal.

2.- Apoiar institucionalmente o compromiso colectivo dun consenso reforzado para garantir que o Novo Estatuto sexa efectivamente de todas e todos os galegos, comprometéndonos como representantes da cidadanía galega na colaboración co novo Parlamento que xurda das eleccións, que terá a responsabilidade de consensuar o texto definitivo, para que ninguén se sinta excluído e todos nos sintamos parte.

3.- Apoiar o obxectivo de someter o Novo Estatuto, unha vez aprobado polas Cortes do Estado tal e como determina o actual Estatuto, a unha consulta popular, comprometéndonos a traballar para acadar unha participación masiva nesa consulta na que a cidadanía galega se manifeste dona de sí mesma.

4.- Comprometémonos, como representantes de distintas forzas políticas, a deixar fóra da confrontación electoral o consenso para o Novo Estatuto, traballando dende hoxe nun texto de consenso, sen interferencias foráneas."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 21 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame empezar a defensa desta moción lendo algo que o día 25 de xullo de 1948 dicía no seu derradeiro discurso Castelao, sen dúbida ningunha o discurso máis lembrado e máis fermoso porque foi o seu derradeiro discurso e porque coido que dixo cousas moi interesantes para que os que vivimos, queremos e loitamos por Galicia as teñamos presentes.

Dicía así Castelao: *"Esas ánimas sen nome son as que crearon o idioma en que eu os estou falando, a nosa cultura, as nosas artes, os nosos usos e costumes e, en fin, o feito diferencial de Galicia. Elas son as que en longas centurias de traballo humanizaron o noso territorio patrio, infundíndolle a tódalas cousas que na paisaxe se amostan o seu propio espírito co que poder dialogar o noso corazón antigo. Elas son as que gardan*

en custodian no seo da terra nai os legados múltiples da nosa tradición, os xermes incorruptibles da nosa futura historia, as fontes enxebres e purísimas do noso xenio racial. Esa moitedume de luciñas representa ó pobo que nunca nos traicionou, representa á enerxía colectiva que nunca perece e, en fin, representa á esperanza celta que nunca se cansa. Esa en fin de moitedume de luciñas e vagalumes representa o que nós fomos, o que nós somos e o que nós seremos sempre, sempre, sempre."

Castelao facía esta intervención deixando moi claro o noso quefacer colectivo na procura dun país mellor, dunha terra mellor. Pois ben, estase hoxe a falar moito sobre a nova formulación das novas relacións que o Estado Español debe ter, debe asumir coas nacionalidades históricas que configuran un Estado español que ninguén dubida que é un Estado plurinacional.

Logo de 25 anos de Constitución penso que hoxe hai unha opinión unánime de todos e todas de que hai que reformar esa Constitución e hai que traballar en conxunto para que aqueles territorios históricos, como é o noso, que conformamos o Estado Español nos atopemos máis cómodos dentro del e nos atopemos ademais cunha relación que nos axude a vivir mellor, a desenvolvernos mellor e en definitiva que nos axude a acadar as cotas de benestar social, de calidade de vida, de emprego, de economía, etc. que merecemos os galegos e galegas.

Foi moi ilustrativa a intervención anterior do noso compañeiro Xosé Manuel Iglesias cando dicía que mal andamos se cada vez que temos que negociar temos que ir a Madrid; mal andamos, engado eu, se cada vez que se deciden as políticas futuras de pesca, do agro, etc., temos que ir a algún sitio moito máis lonxano e os galegos e galegas non temos representación.

Os nacionalistas dicimos hoxe que é necesario o novo Estatuto porque está demostrado que o vixente non servíu para que alomenos Galicia non sega a ser un territorio pouco desenvolvido e que as nosas diferencias de benestar e de índices de calidade de vida segan a ser bastantes distantes do que son outros territorios do Estado Español e mesmo de Europa.

Un novo Estatuto que pensamos que é necesario porque temos que respectar o pluralismo, España é un Estado plurinacional e temos que respectar ese pluralismo e unhas nacionalidades que a mesma Constitución española recoñece que temos uns dereitos, unha historia e unha tradición que hai que respectar.

Un novo Estatuto e por iso estamos a presentar esta moción en todos os Concellos de Galicia porque coidamos que os Concellos tamén teñen moito que

dicir. Os Concellos son os primeiros servidores dos cidadáns e os Concellos, como dicía antes o Sr. Iglesias, atopámonos que por non ter máis competencias e máis cercanas a onde están ós nosos representados, vémonos moitas veces en moitísimas dificultadas para acadar aquilo que os nosos veciños e veciñas demandan.

Un novo Estatuto porque pensamos que é necesario tamén un novo marco económico onde poidamos ter maior autonomía fiscal e financeira, que pase porque os nosos recursos, os recursos que xeramos en Galicia, se reinvestan dun xeito racional na propia Galicia, para que poidamos utilizar mellor eses recursos e poidamos xerar máis riqueza e en definitiva máior autonomía, maiores competencias para que Galicia estea representada dun xeito directo e absoluto alí onde se deciden as políticas futuras que nos van afectar.

Dende o Bloque Nacionalista Galego presentamos un plan de traballo para que dende o consenso, porque dicimos que queremos chegar ó novo Estatuto cun consenso reforzado, o BNG quere facer un esforzo para que este novo Estatuto saia sen ningún voto en contra e para iso xa nos temos ofrecido e nos ofrecemos a dialogar, a consensuar con todas as forzas políticas que representan a Galicia para que este novo Estatuto sexa o Estatuto dos homes e mulleres galegos e galegas, sen exclusións de ningún tipo, sen loitas partidistas.

Tamén dicimos e xa anunciamos que o Bloque Nacionalista Galego pretende deixar fóra da batalla electoral esta redacción do novo Estatuto porque nos parece que esta redacción e este traballo teñen que ir moito máis alá do que son as distintas ideoloxías dos partidos que temos hoxe representación en Galicia.

Por todo isto, cun ánimo total e absoluto de consenso, de traballo e de diálogo, presentamos hoxe esta moción.

A seguir o Sr. Domínguez Olveira procede a ler o texto da parte resolutiva da moción que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

SR. SOTO FERREIRO: Vou empezar por dous temas que vostede cita e que me parecen moi estimables. Por unha banda cando fala de deixar o novo Estatuto fóra da batalla electoral para preservar a posibilidade de chegar a consensos, paréceme un ben altamente estimable e un esforzo do Bloque que o Partido Galeguista aplaude sen reservas. Pero se vostede ademais fai unha mención explícita á súa vontade inequívoca de chegar a acordos entre todos,

de buscar un reforzamento na aprobación, dende a responsabilidade do Partido Galeguista eu dígolle que lles está a faltar un esforzo previo pola incapacidade das tres forzas parlamentarias galegas de dicir cando se sentan e cómo a falar do tema.

Vostedes teñen este problema, que o teñen, por discrepancias de criterios entre as tres forzas políticas e non do fondo, o que sería máis que lóxico. Paréceme que é público e notorio que o Partido Galeguista, coma vostedes, coida que estamos nun estado plurinacional, etc., hai cousas que se saben do que pensamos uns e outros e polo tanto que queremos cambiar a Constitución, non como a queren outros senón doutro xeito. Vaia por diante que non teño porqué dubidar das súas intencións pero nós si temos intencións de server a Galicia a través dunha fórmula que sexa de todos porque nós coidamos que Galicia é de todos, independentemente do que pensemos uns e outros e que temos que ser quen de construír a Galicia de todos entre todos, por iso empecei por loubar dúas pezas fundamentais do seu discurso: en primeiro lugar deixar o Estatuto fóra da batalla electoral e en segundo lugar facer todos os esforzos polo consenso.

Despois de loubar todo iso e de agradecer a súa cita a Castelao, déixeme dicirlle que eu estou absolutamente convencido pola lectura da traxectoria histórica da obra de Castelao e por coñecemento dalgúns dos seu coetáneos, que Castelao tivera tentado de chegar a acordos en ben de Galicia que non en ben do Partido Galeguista e digo isto porque foi un dos máximos guieiros do Partido Galeguista na súa historia. Así o fixo durante toda a súa vida.

Os dirixentes actuais do Partido Galeguista seguramente non somos quen nin de lle limpar as sandalias, pero dende logo que si somos quen de seguir o seu espírito e hai un desacerto na súa moción que nós non podemos compartir despois de facer todas as loubas a todo o positivo que contén e é que vostedes queiran trasladar ós Concellos a batalla non resolta no Parlamento Galego de cómo se sentan a falar do Estatuto. Queren traernos aquí o que vostedes non son quen de resolver en Santiago e, independentemente de que o Partido Galeguista poida ter co seu partido unha identidade de criterios bastante grande polo que temos sentido de vostedes e polo que vostedes teñen sentido de nós, non imos axudar ó lume que hai no Parlamento Galego nin cunha soa faisca senón que ó revés.

Seguramente non seremos quen e ó mellor non saberemos pero tentaremos axudar a que realmente se chegue a bases mínimas de acordo para que ese Estatuto que vostede di que hai que deixar fóra da batalla electoral e que debe ser consensuado, poida percorrer ese camiño porque se vostede

manifesta esa intención pero non a confrontación inicial, por non saber cando, cómo ou de que xeito se senta un co outro, eu non dubido da súa intención pero dende logo iríamos por mal camiño.

Eu tería toda a gana do mundo de lle votar a favor da súa moción pero nos imos abster porque como lle dixen non imos contribuir nin cunha faisca a meter máis lume no Parlamento Galego; ímonos abster para tentar, aínda que seguramente non o imos conseguir, na medida en que poidamos e saibamos axudar a que se produzan decisións conducentes a que haxa un Estatuto de todos en Galicia. Ademais non me importa dicirlle que me gustaría que o proceso tiveses empezado hai moito tempo pero estamos onde estamos e para reconducir ese tema déixeme dicirlle que con propostas públicas deste tipo seguramente non é o camiño.

Píddolles a todos os grupos parlamentarios, ó Partido Galeguista que é o meu partido, a todas as forzas sociais, empresarios e sindicatos que axuden e ás veces para axudar nun tema tan importante e transcendental para Galicia e ó mesmo tempo tan delicado, convén utilizar algunhas fórmulas que non sexan estrictamente a confrontación política.

Confrontación política sería hoxe aquí votar a favor ou en contra e por iso, independentemente das nosas múltiples e declaradas coincidencias coa súa moción e mesmo con parte das súas boas intencións, nós non imos votar hoxe a favor, espero que para os axudar a todos para atopar un camiño porque a verdade é que estou a ser pulcrísimo cos tres partidos para lles dicir ós tres de que xa é hora de que atopen un lugar e un día para se sentar a falar de temas coma iste.

Dende logo o Partido Galeguista que foi parte corresponsable da aprobación dos dous Estatutos anteriores ofrécese axudar neste terceiro. Na medida en que lles poida server ás demais forzas políticas nese traballo imos estar, queremos renderlle ese servizo a Galicia e por iso unha decisión que hoxe pasa por riba do que pensamos para nos poñer ó servizo do que queremos.

SR. BARROS PUENTE: O Grupo Municipal Socialista estima que nun xesto para contribuir a algún dos obxectivos que a nós nos parecen fundamentais, debemos intervir e facelo de xeito favorable.

Dicimos isto porque no discurso político ten que haber momentos para a síntese e o feito de que o propio partido nacionalista dunha cultura de confrontación pase aceptar unha cultura política do pluralismo valorativo é para nós un avance importantísimo na consolidación dunha democracia de calidade en todo o país.

Por outra banda o feito de que un acordo tan importante se pronuncie por unha vía galega parécenos tamén un xeito de amosar unha rebeldía democrática absolutamente necesaria e indispensable, entre outras cousas porque aquel pobo que non se sente seguro de si mesmo, que non se estima, non se aprecia, non pode chegar a solucións colectivas importantes.

Dicímolo tamén porque o consenso reforzado alonxa a tentación hexemonista de calquera signo.

Se este novo Estatuto Galego reformado se pretende que sexa dalgunha forza ou que teña a paternidade dalgunha inspiración política trabucarémonos, porque o texto desta mesma moción propón que a partir do consenso reforzado, como non pode ser menos por Lei e pola Constitución, teña que gozar tamén dun apoio masivo do pobo.

A nosa experiencia anterior co Estatuto hoxe vixente eu si entendo que servíu e moito, coido que a Constitución Española do 78 e o Estatuto Galego son dous documentos dunha importancia substancial para a reconciliación do país e para a consolidación dun sistema de convivencia absolutamente exemplar, pero tamén acepto que a reforma do Estatuto é unha necesidade xa universalmente sentida.

O Partido Socialista tamén ten feito un grande esforzo de aproximación a ese punto de síntese onde nos atopamos pero un paso máis adiante, tanto ó anunciar o presidente Zapatero que se inicia un curso da reforma da Constitución, como a vontade do Partido Socialista de Galicia expresada xa nun documento de bases que seña consensuado.

Se nós procuramos que as institucións representativas do pobo galego formen parte e dun xeito activo promovan o acordo, os partidos políticos vanse liberar dunha tentación increíble; os partidos políticos están institucionalizados nos Concellos como forzas representativas, teñen a autoridade e a lexitimidade os membros que aquí se sentan da forza que lle concede ás súas palabras a representividade do voto popular.

Polo tanto este traballo que pola súa propia natureza é moito máis pacífico, máis reflexivo, pódenos permitir a todos que o que foron sonos noutro momento, sexan hoxe ideas maduras e reflexionadas que nos acheguen a compromisos que fagan viable politicamente un documento consensuado por todos

Por isto o Grupo municipal Socialista de Vigo vai apoiar a presenza dos concellos, a presenza do Parlamento que ten que sobardar a todas as institucións coma institución básica e pilar fundamental da autonomía de Galicia, esta vontade de consenso e de aceptación de pluralismo, coloca ó

nacionalismo galego e ás forzas políticas nun punto de diálogo, de coincidencia, de síntese política que de ningún xeito o Partido Socialista e este grupo municipal van desprezar.

Polo tanto anunciamos o noso voto favorable na súa literalidade á moción proposta polo BNG.

SR. LOPEZ-CHAVES CASTRO: Sobre a moción teño que dicir que o actual Estatuto de Autonomía é froito do consenso e da unanimidade da maioría das forzas políticas e no actual marco estatutario ten tamén un amplo consenso social por iso é necesario acadar un amplo e unánime consenso polo reto que supón a trascendencia da reforma estatutaria, que pensamos que neste intre non existe.

Por iso o grupo municipal do Partido Popular non vai votar a favor desta moción senón que vai votar en contra.

VOTACIÓN E ACORDO.- Con quince votos a favor dos Sres. e Sras. Arias Moreira, Barros Puente, Bermúdez Pérez, Calviño Rodríguez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Pérez Mariño, Porteiro García, Ruiz Cenicerós, Sío Lourido, Toba Girón, e Vieitez Alonso, dez votos en contra dos Sres. e Sras. Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Figueroa Vila, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Molares Pérez, Polo Lima e a Presidencia, e dúas abstencións dos Sres. Alonso Vázquez e Soto Ferreiro,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, relativa á redacción do novo Estatuto de Galiza co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

18.- (47).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A ADOPTAR MEDIDAS PARA RESOLVER A INSEGURIDADE NO CONTORNO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de febreiro, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martíns Vilanova, formula a seguinte moción:

"Vigo, con 300.000 habitantes, conta cunha soa Biblioteca Municipal, situada, moi céntrica, no Casco Vello da cidade, zona que se pretende

S.Ordinaria 28.02.04

transformar coa recién aprobada creación do Consorcio do Casco Vello, e despois do parón sufrido logo das 341 vivendas rehabilitadas no anterior goberno.

Ultimamente o vecindario da zona, así como os/as usuarios da biblioteca veñense queixando do alto grao de inseguranza e degradación da zona, que é pasto de cultivo de todo tipo de grupos de indixentes e drogodependentes que teñen o seu punto de encontro na rúa Fermín Penzol, onde crean problemas diversos entre os que podemos destacar: ameazas, liortas, roubos, borracheiras, defecacións na rúa etc. etc.

Somos conscientes de que as solucións a esta problemática son complexas e deben ser abordadas desde o traballo conxunto de diferentes áreas entre as que non podemos esquecer a de Benestar Social, pero non podemos deixar de actuar para asegurar o correcto funcionamento dun servizo público como a Biblioteca Municipal, única na cidade e polo tanto de uso indispensable para tantos e tantas estudantes para os que estas condicións do contorno supón unha barreira na súa utilización.

Por todo isto, propónse para a súa aprobación o seguinte acordo:

O Pleno do Concello insta ao Goberno Municipal a adoptar as medidas oportunas para resolver os problemas relacionados coa inseguranza e degradación no contorno da Biblioteca Municipal."

A Comisión informativa de Mobilidade e Seguridade, na súa sesión do 21 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. MARTINS VILANOVA: A inseguranza e crecente degradación do Casco Vello é o obxecto desta moción. Esta situación de deixadez e degradación que existe no Casco Vello é pasto de cultivo para uso e abuso de diferentes grupos de drogodependentes, de indixentes que coa presenza habitual nesa zona, xunto con toda a problemática que carrexan, está a xerar diversos efectos negativos.

Por un lado a imaxe da cidade; isto di moito da imaxe de Vigo xa que os turistas é o primeiro sitio que visitan, o noso casco histórico é a nosa tarxeta de presentación.

Por outra banda actúa tamén como elemento disuasorio de cara a persoas que se puideran interesar en ir vivir por esta zona.

A recuperación dun casco histórico hai que abordala dende distintas perspectivas; hai que recuperar edificios pero iso non basta, hai que incentivar á xente para que viva aí, sobre todo xente nova e tamén crear servizos.

Se todo isto leva un tempo, aínda que este traballo xa se empezara a facer no goberno anterior, tamén é certo que o que temos que asegurar urxentemente é que os servizos existentes na actualidade, como pode ser a

Biblioteca Municipal que é a única da cidade, situada na rúa Fermín Penzol e por tanto moi céntrica, non se vexa coma unha barreira para o uso das persoas que necesiten acudir a ela e polo tanto temos que crear as condicións no seu contorno que permitan a súa utilización.

Por todo isto propónse instar ao Goberno Municipal a adoptar as medidas oportunas para resolver os problemas relacionados coa inseguranza e degradación no contorno da Biblioteca Municipal.

SR. COELLO BUFILL: Agradezo o ton da súa moción pero no parágrafo terceiro vostede cita entre as diferentes áreas que non se poden esquecer e que poden colaborar na solución dos problemas, ó departamento de Benestar Social. Podo asegurarlle que na memoria deste departamento do último cuatrimestre, dos datos totais que ten o programa Sereos do Casco Vello, asistiron ó programa "Café, calor e merenda" 444 persoas, atendéronse en información para recursos de asistencia básicas, roupeiros, comedores, albergues, 84 persoas; outros datos para o programa de intercambio de materiais de inserción, xiringas usadas recibidas 5.994, xiringas novas entregadas 8.430 e así unha serie de datos que me trasladaron.

O que si lle podo dicir é que estamos de acordo coa proposta da súa moción e que en todo o mes de febreiro a Policía Local fixo un control, sobre todo nas horas nocturnas de 22 a 6,30 horas, e agás o día 8, soamente se localizou a un indixente durmindo na zona, se ben é certo que algúns días da semana se produciron molestias á xente e ós estudantes que ían á Biblioteca Municipal.

Seguen a facerse controis de seguridade na zona en todos os horarios, incrementándose esta presenza no período de apertura da mencionada Biblioteca e coido que hoxe, coa noticia que temos de que se aprobaron definitivamente os orzamentos municipais, hai unha partida orzamentaria de 60.000 euros para a creación dun centro de atención na zona do Casco Vello. Coido que ise é o xeito de resolver os problemas nun entorno que estaba degradado e que tentamos por todos os medios solucionar.

Votaremos a favor da súa moción e faremos a vixilancia policial para que as persoas que queiran acceder ou pasear polo Casco Vello non sexan importunadas.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Figueroa Vila e López-Chaves Castro e as Sras. Graña Barcia e Porteiro García).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Martiáns Vilanova, instando a adoptar medidas para resolver a inseguridade no contorno da Biblioteca Municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

19.- (48).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A NOVA CONEXIÓN DO II CINTO COA ESTRADA DE CAMPOSANCOS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 14 de febreiro de 2005, o concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"Estando por fin próximas a rematar as obras do II cinto de Vigo polo Ministerio de Fomento, faise necesario que a COTOPV, faga un estudo axeitado das variacións e necesidades tanto de seguridade vial como de melloras que redunden nunha mellor interconexión entre ditos viais, máxime cando no proceso laborioso para Vigo do cinto axeitado e cun sistema construtivo que evitase no posible o efeto barreira nas zoas máis pobladas, incrementouse o orzamento tope inicial de 12.m.M. ata superar os 17.m.M., dito encarecemento do proxecto, fixo necesario chegar a un convenio con Zona Franca para que asumise o custo da conexión dende Balsa ata o Polígono Industrial de Balaidos.

Sendo a Xunta de Galicia a única administración que por medio do IGVS participou na negociación do estudo e proxecto de trazado e que non aportou ata hoxe ningunha obra que mellore as interconexións do cinto cos viais de titulariedade autonómica como son a Estrada de Camposancos e a Avda. de Ricardo Mella é polo que propoño a seguinte moción:

1.- Iniciar de forma inmediata a negociación entre o Concello de Vigo, a Xunta e o Ministerio de Fomento para facer posible a conexión de entrada e saída entre a Estrada de Camposancos e o II cinto.

2.- Facer por parte dos servizos técnicos municipais a proposta técnica axeitada para asegurar a máxima seguridade peonil nas estradas afectadas polo II cinto, especialmente Camposancos e Ricardo Mella."

A comisión informativa de Servizos Xerais, en sesión do 21 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: A moción que presentou o PG facía mención á dificultade que tivo que se producir para acadar que Vigo neste intre poida dicir que ten un cinto. Efectivamente foi moi difícil, unha

negociación moi laboriosa porque ó Bloque, que foi a quen lle correspondeu tomar esa decisión política, nin tiña goberno Vigo na Xunta, nin tiña goberno en Madrid, pero eu creo que cando se traballa arreo, se demostra que unha cidade coma Vigo non se lla pode marxinar e ponse detrás dun goberno a todas as forzas políticas isto acádase.

Iste foi o caso dese proxecto que hoxe estamos a ver que cada día avanza máis e que nun prazo breve vai solucionar moitos problemas de tráfico nesta cidade.

Foi duro negociar con outras administracións como a Xunta, a Autoridade Portuaria, Zona Franca e Fomento que era quen tiña a responsabilidade e ter que deixar polo camiño ideas iniciais posto que a mellora do proxecto que agora se está a facer, incrementou o custo de forma que Fomento chegou un momento que, como calquera administración, dixo ata aquí chegamos. Noutros momentos poderase ampliar pero agora non hai máis orzamento.

Por iso quedaron fóra deste proxecto propostas iniciais como foron a Baixada de Balsa ó polígono industrial de Balaídos e tamén a conexión da estrada de Camposancos que é posible tecnicamente, alomenos iso foi o que me afirmaron, porque Fomento non as asumía.

Eu coido que mentres Zona Franca asumiu o custo de baixar dende Balsa ó Polígono Industrial de Balaídos, transferíndolle a Xunta fondos suficientes e necesarios para facer esta obra, a Xunta neste caso o único que fixo foi negociar para liberar o PAU de Navia como era a súa obriga, pero non aportar ningún orzamento e eu coido que cando unha administración ten un vial da importancia do de Camposancos, sen conexión ningunha coa maior infraestrutura que vai ter a cidade de Vigo, si é necesario que dende a CPTOPV se estude e se faga alomenos ese estudo inicial en tempo e forma para asumir, se se considera necesario, unha conexión para que a xente do entorno de San Andrés, Citroen, Portanet, Saians, a parte alta de Coruxo, poidan entrar perfectamente cunha conexión bastante sinxela nun entronque moi importante.

A máis disto, en todos os cruzamentos que se producen co segundo cinto, aínda que había sistemas afectados que sei que os controlaron os técnicos, o que pido é que neste momento, que o remate da obra está moi perto e en toda obra sempre é mellorable o sistema constructivo, calquera proxecto que se teña feito, se faga o necesario para que se mellore dentro do posible coa aportación de todos.

Moitas veces a interlocución é necesaria pero laboriosa, pero se un non cesa no intento de mellorar as cousas dende logo se consegue e unha

demostración disto é que este cinto que levamos case que corenta anos falando del, acádase nun período breve demostrándolle a Madrid que en Vigo é posible facer obras e negociando e traballando día a día acádase que os veciños de Vigo participen, colaboren e os afectados asuman que a necesidade que esta cidade tiña desta infraestrutura vai por riba dos seus intereses lexítimos e persoais de cando a unha persoa se lle quita a súa vivenda.

Por isto se de algo me sinto satisfeito é de pertencer a un grupo como o BNG e traballar para acadar que esta cidade teña esta infraestrutura tan imprescindible e tamén seguir traballando para que Vigo se sega dotando de novas infraestruturas e ista é unha delas.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e Figueroa Vila e as Sras. Graña Barcia, Porteiro García e Sío Lourido).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintedous membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, relativa á nova conexión do II cinto coa estrada de Camposancos, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

20.- (49).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A URXENTE REPARACIÓN DA RÚA DR. CORBAL EN TEIS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de febreiro de 2005, o concelleiro do grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, formula a seguinte moción:

"De todos é coñecida a utilización inaxeitada que ultimamente se está a facer de esta vía urbana. O paso de grandes camións cargados de entullos con destino ao porto deportivo da Lagoa está producindo graves roturas, tanto na banda de rodadura como nas instalacións de abastecemento de auga, o que está a facer que os servizos se vexan afectados lamentabelmente, sendo por iso necesaria e urxente a súa reparación inmediata.

No pasado Pleno aprobamos anular o paso de camións polo cortalume do Monte da Guía. A aplicación deste acordo fai necesaria a reparación definitiva e urxente de todo o que foi deteriorado pola defensa inadecuada do patrimonio municipal nos últimos meses. Por todo o exposto propoño a seguinte moción:

Iniciar de xeito urxente a reparación de rúa Dr. Corbal de Teis, para protexer a seguridade dos peóns e o axeitado abastecemento de auga."

A Comisión informativa de Servizos Xerais, na súa sesión do 21 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

(No momento da votación están ausentes os Sres. Domínguez Olveira e Figueroa Vila e as Sras. Graña Barcia e Porteiro García).

INTERVENCIÓN DO SR. FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ: Espero que a aprobación desta moción non faga necesario iniciar as obras senón que se iniciaran xa porque coido que se algúns veciños teñen dereito a reclamar que se lles reparen as súas estradas e rúas son estes veciños de Teis.

Os veciños de Teis levan tres anos esperando que se fagan viais alternativo; por circunstancias que non é momento de explicitar aquí non están feitos e o que está pasando é que se fan obras que os veciños rexeitan e que os grandes camións que por aí circularon destrozaron o erario municipal, polo que dalgún xeito somos todos responsables de que as rúas se destrocen. As infraestructuras máis danadas foron por desgracia as de abastecemento de auga e saneamento.

Á parte diso é lamentable ver na zona de Dr. Corbal o aspecto e a inseguranza que teñen os peóns cando pasan por alí polo que a resolución que lles propoñemos é bastante sinxela: "Iniciar de xeito urxente a reparación da rúa Dr. Corbal en Teis para protexer a seguridade dos peóns e axeitar o abastecemento de auga". Coido que as roturas que tiveron recentemente non son de recibo.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintetrés membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Fernández Fernández, instando a urxente reparación da rúa Dr. Corbal en Teis, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

21.- (50).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A REALIZACIÓN DE POLÍTICAS TENDENDES Á CONSECUCIÓN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DE TRATO ENTRE HOMES E MULLERES.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de febreiro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do BNG, Sra. Bermúdez Pérez, formula a seguinte moción:

"É innegábel que a incorporación xeralizada das mulleres ao mercado laboral supuxo un dos cambios socio-económicos máis relevantes nas últimas catro décadas que alterou radicalmente o mapa da desigualdade entre os xéneros, supoñendo avances incontestábeis para a sociedade en xeral e en particular para as propias mulleres.

Porén, a progresiva feminización do mercado de traballo é un proceso incompleto e sen consolidar (con avances e tamén retrocesos), toda vez que o obxectivo do acceso pleno das mulleres á vida laboral e en igualdade, tense mostrado como fuxidío e incerto. Así, a crise do emprego, o aumento e mantemento de altas taxas de desemprego, a crecente precariedade, a reestruturación, o declive do chamado *estado de benestar*, xunto coa pervivencia da tradicional división sexual do traballo -no que os 'roles' produtivo-reprodutivo aparecen atribuídos automática e respectivamente a homes e mulleres-, son algunhas das tendencias que na actualidade obstaculizan a conquista dunha verdadeira igualdade.

En Galiza, as estatísticas reproducen e avalan fielmente a situación anteriormente relatada. En efecto, abonda con sinalar que a unha elevada e preocupante taxa de desemprego (13,5%) que supera en 2,57 puntos á media estatal (10,93%), os indicadores laborais femininos son especialmente negativos e intolerábeis: 19,1% de paro feminino, fronte ao 9% de desemprego masculino (datos do ano 2004, segundo a EPA). Mais, para frear ou -polo menos- paliar esta desigual situación, faise obrigado artellar políticas que incidan directamente na principal orixe da mesma. Neste sentido, é ben sabido o tradicional rol asignado ás mulleres, respecto das actividades de asistencia dentro do fogar (traballo non remunerado) e que é esencial para a reprodución social, mais que non ten recoñecido un valor de mercado cando é realizado por membros femininos da unidade familiar. É este un factor que opera como condicionante básico da participación das mulleres no traballo asalariado. Esa dupla actividade (remunerada e non remunerada) frea o avance cara a igualdade real entre homes e mulleres. Con efecto, o traballo 'doméstico' destas últimas repercute sobre o seu traballo asalariado, segregándoas aos segmentos laborais máis precarios. Asemade, esa posición debilitada das mulleres no ámbito laboral contribúe a reforzar a división do traballo na esfera doméstica ao mantelas nunha situación de dependencia económica dos homes. A superación desta situación require actuar, simultaneamente nos dous ámbitos: o público e o privado; no privado, asegurando a corresponsabilidade e unha redistribución equitativa do traballo reprodutivo no interior das unidades de convivencia; no público, asegurando a corresponsabilidade da sociedade na reprodución social, coa implantación dunha rede suficiente de servizos públicos que substitúan boa parte do traballo que agora realizan as mulleres de forma individual e privada. O obxectivo de aumentar a taxa de emprego feminino conleva, ineludibelmente, a necesaria dotación de fondos destinados, dunha parte, á incrementación de servizos e dispositivos de atención ás persoas dependentes, que libere -ao menos parcialmente- ás futuras mulleres ocupadas, así como para o financiamento de campañas orientadas á mudanza de mentalidades, actitudes e roles sexistas.

Paralelamente ao irrenunciábel obxectivo da igualdade entre homes e mulleres e á correspondente interdicción de toda discriminación por razón de xénero, Galiza precisa artellar medidas contra o despoboamento e o forte

envellecemento da súa poboación e concretamente contra o baixo crecemento da taxa de natalidade; cuestión, esta última, que debe ser relacionada coa feble situación económica das mulleres, tal e como o demostran todos os indicadores socio-económicos.

A emblemática data do 8 de Marzo -Día Internacional das Mulleres- é unha boa ocasión para recordar, unha vez máis, a necesidade de arbitrar políticas eficaces contra a desigualdade feminina.

Por todo o exposto, presentamos a seguinte moción para a súa consideración e aprobación polo Pleno da Corporación Municipal.

1.- Esta Corporación comprométese á realización de políticas transversais de xénero que conleven a posta en práctica de medidas de acción positiva, de cara á consecución dunha verdadeira igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres.

2.- Esta Corporación impulsará a corresponsabilidade no ámbito familiar ou doméstico. Con tal obxectivo,

a) Levará a cabo campañas orientadas á mudanza de mentalidades, actitudes e roles sexistas, con cursos de aprendizaxe de labores tradicionalmente femininas (cociña, limpeza, hixiene do fogar...) destinados a homes, e cursos de aprendizaxe e perfeccionamento que completen o proceso educativo e formativo das mulleres (informática, mecánica, electricidade...)

b) Promoverá e reivindicará das institucións públicas e, en colaboración coas ANPAS, a posta en práctica de programas educativos e formativos nos Centros de Ensino, en materia de igualdade.

3.- Esta Corporación impulsará servizos públicos de carácter asistencial que redunden nun maior benestar da sociedade en xeral e das mulleres, en particular.

4.- Esta Corporación comprométese a velar pola eliminación de toda clase de discriminacións -tanto directas como indirectas- nos procesos de selección e contratación do persoal ao seu servizo."

A comisión informativa de Asuntos Sociais, na súa sesión do 21 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. BERMÚDEZ PÉREZ: Sen dúbida a incorporación da muller ó mundo do traballo supuxo nas últimas décadas uns cambios socioeconómicos importantes e que ninguén pode poñer en dúbida e uns avances incontestables no que son os dereitos e o avance cara á igualdade real das mulleres que nas últimas catro décadas. Sen embargo temos que dicir que este proceso iniciado é incompleto, aínda que non se acadou o final que todas e todos queremos e así este proceso incompleto amosa que, pola crise do emprego, as altas taxas de precariedade que sofren as mulleres no mercado laboral, a reestructuración do mercado do emprego, así como o declive do estado do benestar son obstáculos á consecución dunha igualdade real.

Por desgraza en Galiza temos exemplos estatísticos de sobra para ilustrar esta situación, só citar coma exemplo os datos da enquisa de poboación activa do ano 2004 que sitúan a taxa de desemprego galega 2,57 puntos por riba da media estatal sendo especialmente preocupante a desempregabilidade feminina, situándose a taxa de desemprego feminina nun 19,1% mentres que a masculina é dun 9%. Por todo iso e para acadar a igualdade real coidamos que é necesario realizar políticas que incidan na orixe desta desigualdade. A dupla actividade que temos que desenvolver as mulleres cun dobre traballo, un no fogar e outro nos nosos centros de traballo, free o avance cara á igualdade real condeando ás mulleres a ocupar os segmentos máis precarios do mundo do emprego.

Para cambiar esta situación coidamos necesario instar políticas que actúen en dous ámbitos; por un lado no ámbito privado para tentar concienciar nunha corresponsabilidade do que son as tarefas domésticas e a súa realización, e por outro lado tamén hai que actuar no ámbito público ofrecendo uns servizos públicos que nos liberen ás mulleres desta dupla actividade que temos que realizar tanto no traballo coma no noso fogar. Por iso, repito que para tentar aumentar a taxa de emprego feminina se deben aumentar os servizos públicos que liberen ás mulleres do traballo do fogar e facer campañas que tenten cambiar os roles sexistas do reparto de tarefas.

Tamén a crise na taxa de natalidade non está exenta da realidade aquí descrita senón que máis ben é unha consecuencia da realidade socioeconómica que vivimos as mulleres e tamén coidamos que o 8 de marzo, esa data emblemática para todas as mulleres do mundo, é unha oportunidade única para reclamar esas políticas tendentes á igualdade real.

Por todo o antedito propoñemos os seguintes acordos no Pleno de hoxe: Que esta Corporación se comprometa á realización de políticas transversais de xénero que conleven a posta en práctica de medidas de acción positiva de cara á consecución dunha verdadeira igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres, ó pulo á corresponsabilidade no ámbito familiar e doméstico. Con tal obxectivo levaranse a cabo campañas orientadas á mudanza de mentalidades, de actitudes e roles sexistas, con cursos de aprendizaxe de labores tradicionalmente femininos coma poden ser cociña, limpeza, hixiene no fogar destinados a homes e cursos de aprendizaxe e perfeccionamento que completen o proceso educativo e formativo das mulleres coma informática, mecánica, electricidade.

Tamén propoñemos a promoción e a reivindicación das institucións públicas en colaboración coas ANPAS e posta en marcha de programas educativos e formativos nos centros de ensino en materia de igualdade.

Pedimos tamén o pulo de servizos públicos de carácter asistencial que redunden nun maior benestar da sociedade en xeral e das mulleres en particular.

Por último, o compromiso de velar pola eliminación de toda clase de discriminacións tanto directas coma indirectas nos procesos de selección e contratación do persoal ó seu servizo.

SRA. SÍO LOURIDO: A miña intervención é para anunciar o noso voto a favor da súa proposta. Agradecerlle a súa presentación anque dicirlle tamén que estas propostas xa foron obxecto doutras iniciativas ó mellor máis globais pero que tentan recoller isto. De todos os xeitos seméllanos importante porque fan que todos e todas lembremos que estamos nunha data que fai que todas as mulleres sexan as protagonistas.

Nada máis que lle dicir que imos votar a favor e agradecerlle a súa proposta.

SRA. MOLARES PÉREZ: En primeiro lugar quero anunciar o noso voto a favor desta moción como non podería ser doutro xeito e xa comentou a compañeira do PSOE, Sra. Sío.

Estes catro puntos nos que se concreta a moción do BNG a través da súa nova concelleira, Sra. Bermúdez, son catro puntos nos que ven traballando o Concello de Vigo dende hai tempo. Dende logo que hai moito camiño feito no ámbito de acadar esa igualdade real pero aínda estamos lonxe de lograr realmente esa igualdade teoricamente xa alcanzada.

Eliminar toda discriminación por razón de sexo ten que ser o noso obxectivo principal así coma acadar que a participación plena na vida política civil e tamén na vida cultural, social e deportiva sexa unha realidade entre homes e mulleres e dende logo que nestes meses estamos a traballar no Concello de Vigo en lograr esa igualdade en distintos ámbitos con políticas transversais. Así neste Pleno aprobouse o Plan de Emprego 2004-2007 por unanimidade de todos os grupos, no que coma colectivo prioritario estaban as mulleres.

No programa VIAL que se acaba de contratar o número de mulleres é superior ó dos homes malia que as solicitudes dos homes foron máis numerosas cas das mulleres. Sobre todo un colectivo prioritario é o das mulleres que sofren

violencia de xénero, así un 15% deste programa está destinado e referenciado a elas. En concreto neste programa VIAL coma novidade se incorporan axudas ás mulleres que teñen fillas e fillos para os coidar durante o tempo que elas traballan.

Tamén dentro do programa da Mancomunidade, e Vigo é un dos municipios que forman parte dela, acadouse un programa que vai loitar precisamente contra esa segregación horizontal e vertical das mulleres no traballo e ese programa que está comezando a se desenvolver conta con elas.

Teño que dicir tamén que no ámbito da corresponsabilidade cremos que a educación é fundamental por iso xa temos preparada e presentaremos precisamente o día 8 de marzo unha guía didáctica para entregar en todos os colexios e coido que a portada é significativamente impactante en canto a esa igualdade.

Pero tamén me alegra e congratula que a nova concelleira comparta co Grupo Popular a iniciativa en canto ás políticas e campañas de sensibilización cara a cambiar eses roles. Por iso neste novo ano, nos cursos 2004-2005, cursos nos que participan todas as asociacións de mulleres da cidade de Vigo cambiamos "O noso tempo" por "Eu tamén sei", a imaxe é para tentar impactar graficamente precisamente en que as mulleres a través dun programa que é acadar a igualdade na vida cotiá, fagamos cursos de mecánica, de reparacións de electricidade e fontanería e coidamos fundamental incrementar esa formación para lograr esa igualdade real.

Por outra banda tamén se asinou co colexio que hoxe é "Manoel Antonio" un convenio para que nos vindeiros meses de abril e maio os homes poidan facer cursos de cociña e así rachar con eses roles sexistas tradicionais.

En canto a esa formación sobre corresponsabilidade e coeducación asinamos a finais de ano un convenio coa Universidade de Vigo para desenvolver o primeiro master de igualdade; tamén se elaborou un manual de linguaxe non sexista e no Nadal editouse unha guía do xoguete que precisamente se centraba en que os nenos e as nenas elixan os xoguetes sen eses roles sexistas tradicionais.

Polo tanto cremos que, aínda temos que seguir a traballar e sobre todo incidir na educación, tamén se repartiron guías, lotes de libros ós colexios públicos, libros relacionados coa educación para facilitar conxuntamente coas concellerías e en liña con ese traballo transversal, material ós colexios da cidade e ós seus educadores coma así tamén o establecía o propio Plan de Igualdade aprobado neste Pleno, que sigamos a traballar e entre todos academos esa igualdade real que está nos textos e

na propia Constitución do ano 78 pero sen embargo que segue a estar lonxe da igualdade real na vida práctica.

Dende logo que dende a Concellería da Muller, co apoio de toda a Corporación e sobre todo tamén do Consello Municipal da Muller onde están todos os grupos políticos presentes e tamén as distintas asociacións de Muller, imos tentar seguir a traballar por esa igualdade real.

Finalmente aproveitar esta moción para dicir que precisamente en relación con ese Día Internacional da Muller o 8 de marzo, tamén en colaboración co Consello da Muller que teño que dicir que traballa dende hai tempo con moita rigorosidade e en colaboración coa Administración Local, editamos por primeira vez un calendario coas actividades para celebrar non só o día 8 de marzo, senón todo o mes. Todas as asociacións puxeron os seus eventos, os seus días de festa do Día Internacional da Muller e así elaboramos un programa conxunto no que están as propias actividades da Concellería da Muller pero tamén todas as que programan as distintas asociacións da muller de xeito que se distribuíu un calendario co obxectivo de que todas as mulleres da cidade participen en todos os eventos. Non só vai haber acontecementos, charlas e actos o día 8 de marzo, senón que todo o mes de marzo será en Vigo un mes da muller no que estaremos presentes en distintos foros.

Teño que agradecer publicamente esa colaboración das distintas asociacións, algunhas delas que precisamente permitiron que os eventos que tiñan organizados para o día 8 de marzo, organizalos ó longo do mes de marzo e así, conxuntamente, que todas as mulleres xuntas poidamos participar en todos os eventos que organizan as distintas asociacións. Moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: Sra. Bermúdez, benvida ó traballo municipal.

Eu non ia tomar a palabra, primeiro porque estou absolutamente de acordo coa súa proposición e temos un acordo tácito na Xunta de Voceiros de que cando esteamos absolutamente de acordo coas mocións non se interveña, pero os demais compañeiros de Corporación estimaron que era axeitado facelo, eu non teño nada en contra e polo tanto me quero engadir ás manifestacións que fixeron todas vostedes no sentido que, se ben se están a facer moitas cousas, que si se están a facer, se ben se fixeron moitas cousas, que si se fixeron e se ben teremos que facer moitas máis, a loita non é fácil e o camiño non é nin para mañá nin para pasado. O importante son dúas cousas: por suposto non deixar de teimar no traballo que todos debemos facer e tentar entre todos que as mellores ideas as poidamos engadir para que na

práctica realmente cheguen seren o máis efectivas posibles e canto antes, non sei cando pero o máis axiña posible, se remate coa discriminación da muller en todos os ámbitos posibles.

En todo caso o Grupo municipal do Partido Galeguista quere felicitar a súa entrada no traballo corporativo con esta excelente moción e ogallá teña a sorte de propoñer medidas eficaces para a levar á práctica. Gracias.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constituen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do BNG, Sra. Bermúdez Pérez, instando a realización de políticas tendentes á consecución de igualdade de oportunidades e de trato entre homes e mulleres, con texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

22.- (51).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE PARA QUE SE INICIEN AS TAREFAS DE ELABORACIÓN DUN INVENTARIO DE BENS DE TITULARIEDADE MUNICIPAL.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 18 de febreiro de 2005, a concelleira do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, formula a seguinte moción:

“Unha parte importante da xestión pública do solo, encamiñada a unha política reguladora do mercado inmobiliario, execútase a través do patrimonio municipal de solo.

A finalidade dos terreos que integran o patrimonio municipal do solo está legalmente prevista: deberá destinarse á construción de vivendas de protección pública e a outros usos de interese social.

Pero, para que o Concello poida actuar como xestor do solo municipal é preciso que todos os bens que integran o patrimonio municipal se atopen debidamente inventariados.

Difícilmente podemos fomentar unha política de promoción pública de vivendas en terreos municipais cando non se dispón nin de información sobre os bens de titulariedade municipal porque se carece dun inventario actualizado.

O Concello contratou unha asistencia técnica para a elaboración do inventario de bens de titulariedade municipal pero o incumprimento contractual do adxudicatario, que non realizou o traballo encomendado nin en tempo nin en forma, conduciu á extinción do contrato.

Desde que se adoptou o acordo de rescisión do contrato, nin se ten producido unha nova contratación, nin se consignou no orzamento a partida que permita realizala durante o exercicio 2005. É polo tanto, presumible que, un ano máis, o Concello de Vigo non dispoña dunha ferramenta básica de xestión, un inventario actualizado de bens da súa propiedade.

Por todo o exposto propoñemos a adopción do seguinte acordo:

Que o Goberno inicie as tarefas para elaborar un inventario que deste xeito permita coñecer os bens de titulariedade municipal e polo tanto facilite a boa xestión dos mesmos."

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 21 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SRA. GRAÑA BARCIA: O Inventario de Bens e Dereitos Municipais leva anos sen seren actualizado. É certo que houbo un intento a través dunha adxudicación cunha empresa especializada para a súa actualización pero lamentablemente o adxudicatario incumpríu os termos do contrato e ese contrato tivo que seren rescindido.

Por iso neste momento sentimos unha certa preocupación respecto a este asunto porque actualmente non nos consta que exista ningunha previsión de actualización do Inventario, en concreto nos orzamentos non se contempla ningunha consignación orzamentaria para a contratación dunha nova asistencia e non temos coñecemento de ningunha outra fórmula prevista polo Goberno para actualizar o Inventario.

Estimamos, corríxanme se non, que ninguén dubida da obriga e da necesidade dun Inventario actualizado de bens e dereitos porque iste é o único instrumento que nos permite saber que é o que temos e en qué condicións.

Todo isto é especialmente grave na parte correspondente ó patrimonio municipal do solo porque o seu destino legal é a construción de vivendas de protección pública ou outros usos de interese social, por tanto dificilmente se poden acometer políticas de promoción de vivendas se non nos consta exactamente de qué terreos podemos dispoñer e dificilmente poderemos saber de qué terreos dispoñemos se non existe un inventario actualizado dos mesmos.

Pero non só é este o problema, atopámonos diante doutros máis. A ausencia dun Inventario actualizado lévanos a absurdos coma pagar alugueres e paralelamente seren propietarios de locais desocupados, lévanos tamén a procedementos litixiosos sobre a titulariedade de determinados bens e mesmo ó risco de facilitar unha información errada ós cidadáns cando nos solicitan información sobre bens.

Por todo iso, se ben non poñemos enriba da mesa cal pode ser a fórmula porque poden existir distintas alternativas para acometeren esa tarefa, solicitamos que se inicien os traballos necesarios para a actualización do Inventario municipal.

SR. GUERRA FERNÁNDEZ: En primeiro lugar e aínda que non estea de acordo con algunhas frases en particular, si agradézolle o ton da moción porque pon de manifesto un problema que moitas veces está moi agachado e ó que non se lle dá a suficiente importancia.

Como vostede ben sabe no ano 93 realizouse a última revisión do Inventario municipal, logo, coma comentou, houbo unha asistencia técnica cunha empresa, Soloplán, cuxo inventario tiña que estar rematado a finais do ano 2002 se mal non lembro. Houbo erros, retrasos por parte desa empresa e por ese motivo este Goberno municipal en setembro do ano pasado tivo que tomar a decisión de resolver ese contrato, se ben esta decisión está recorrida pola empresa.

A partir dese momento o Goberno municipal formúlase cómo se pode resolver ese problema que efectivamente é importante e o que se está estudando, o que se está realizando xa é un grupo de traballo que coordina o departamento de Patrimonio deste Concello con outros departamentos doutros servizos coma Cartografía, Informática, Vías e Obras e Patrimonio Histórico. A partir daí procederá en principio con medios propios porque coidamos que somos quen do realizar. En todo caso se non fose posible veríamos outro sistema porque é realmente importante. Con medios propios e con esta coordinación tentaremos revisar o Inventario do ano 2003 e logo proceder.

En principio estase pensando en dividir a cidade en 4 ou 5 zonas para ir cribando unha por unha. Estimamos que no prazo dun ano podería estar pechado ese Inventario municipal e xa lles digo que por medios propios.

A medida de que se vaia desenvolvendo este traballo eu ireilles informando de cómo se vai facendo, pero se vai poñer en marcha de xeito inmediato.

(No momento da votación está ausente o Sr. Toba Girón)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constituen de dereito e de feito,
ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sra. Graña Barcia, para que se inicien as tarefas de elaboración dun inventario de bens de titulariedade municipal, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

23.- (52).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSDEG-PSOE RELATIVA Á INCORPORACIÓN DO MINISTERIO DE CULTURA Ó PADROADO DO MARCO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, formula a seguinte moción:

“Na historia recente da vida cultural da cidade de Vigo, a creación do Museo de Arte Contemporánea (Marco) ten sido un acontecemento relevante. A súa curta traxectoria debe valorarse como un éxito, pois a grande maioría das súas actividades teñen unha boa acollida do público -o que non resulta fácil, tendo en conta a súa aposta decidida pola arte máis arriscada e de fronteira- e sendo valoradas con alta nota pola crítica máis esixente. En todo caso, o Marco fai un grande servizo á cidade por ser continuamente comentadas as súas exposicións nos xornais españois de maior tirada, salientándose con iso aspectos da nosa incorporación á modernidade e á vangarda.

O éxito do Marco aséntase na definición dun proxecto cultural ben trabado dende o principio, feito cunha perspectiva temporal razoable e que se beneficiou do asesoramento de expertos prestixiosos. O Marco contou a tempo cun plano estratéxico que definiu o camiño a seguir, ademais dun equipo acreditado de profesionais á súa cabeza. Todo iso permitiu -en vivo contraste co que ocorreu co Verbum- desenvolver unha liña programática ambiciosa e coherente. A entrada, como membro fundador, nunha rede española de museos de arte contemporánea permitiu compartir proxectos con outros prestixiosos institutos de arte, reducir custos e, sobre todo, entrar nunha dinámica virtuosa de cooperación cultural.

Sen embargo, nos últimos tempos o Marco presenta un grave problema de insuficiencia orzamentaria. O modelo programático do Marco é ambicioso, polo que require dunha dispoñibilidade de recursos que neste momento non están asegurados: como consecuencia da redución experimentada polos seus ingresos, o orzamento do ano 2005, aprobado na última xuntanza do seu Padroado, asigna soamente un 31 por cento do total do gasto a prestar servizos culturais -exposicións, etc-, correspondendo ao resto as partidas de mantemento e persoal. Esta situación resulta insostible no longo prazo, polo que é indispensable buscar solucións xerais enfrontando o fondo do problema.

A necesidade de garantir o futuro do Museo leva a considerar como imprescindible traballar nunha dobre vía: conseguir a incorporación de novos patróns e procurar novos ingresos por patrocinios de exposicións específicas.

E en relación co primeiro deses obxectivos se presenta esta moción. No ano 2002, mediante escrito do 29 de abril, a dirección do Marco interesouse polas vías de financiamento para actividades museísticas por parte do Ministerio de Cultura, sendo a resposta deste totalmente negativa, mediante escrito do 16 de maio de 2002. Tal rexeitamento debeuse á vixencia dunha política museística moi centralizada que concentraba a achega do Goberno Central nos grandes museos centrais (os chamados museos nacionais). Sen embargo, dita política parece ter cambiado significativa e venturosamente a favor dunha meirande descentralización, apostando pola presenza ministerial nunha serie de centros de arte de referencia en diferentes comunidades autónomas. Ese cambioponse de manifesto non soamente ao través das declaracións expresadas polos responsables do Ministerio, senón tamén con decisións tan concretas como a súa entrada no padroado do Museo Nacional de Arte de Cataluña.

A presenza do Ministerio de Cultura no padroado do Marco non só contribuiría decisivamente a solucionar o problema da súa escaseza orzamentaria, senón que sería un importante sinal para atraer os patrocinios do sector privado.

Polo exposto anteriormente propoñemos a adopción do seguinte moción:

Solicitar do Ministerio de Cultura a súa plena incorporación, no prazo máis breve posible, ao padroado do Museo de Arte Contemporánea de Vigo."

A Comisión informativa de Asuntos Sociais, en sesión do día 21 de febreiro, quedou enterada do contido da anterior moción.

DEBATE.- SR. ARIAS MOREIRA: A nosa moción comeza por facer un eloxio e mostrar a satisfacción do Grupo municipal socialista sobre a actividade, a liña expositiva do MARCO que coidamos está acadando un notable éxito en moitos aspectos, éxito tanto de crítica coma de público que ademais é unha aposta que, sendo arriscada porque apunta cara o máis moderno da arte, cara á vangarda máis actual, sen embargo coidamos que a resposta que está a recibir é espectacularmente positiva. De xeito que valoramos que temos aquí un modelo cultural, modelo museístico que sería desexable que no caso doutras estruturas museísticas da política cultural da cidade fose imitado. Foi un proceso ben feito dende o principio e está dando resultados extraordinariamente positivos.

Sen embargo aparece un lueiro verdadeiramente negro no presente de cara ó futuro do museo. Na última xuntanza do Padroado detectouse claramente un problema orzamentario realmente grave. Para o resumir moito dicir que do total do gasto deste museo só menos da terceira parte, o 31% do total, Adícase no orzamento do 2005 a actividades propiamente expositivas e museísticas sendo todo o demais derivado cara a gastos de persoal e de mantemento.

Non fai falla saber moito nin de orzamentos nin de museos para se dar conta de que esta situación é totalmente insostible a longo ou medio prazo. Esta situación preocupante require de solucións urxentes e drásticas que non poden vir senón polo achegamento de novos ingresos a este Museo, isto pódese acadar por dúas vías simultaneamente que é o que nós propoñemos, acadando novos recursos ben pola vía dos patrocinios de exposicións específicas, ben pola vía moito máis estrutural, moito máis definitiva de reforzar o seu Padroado. Nós consideramos que é necesario explorar as dúas vías pero como digo a primeira e fundamental é a de reforzamento do Padroado.

Coido que é un feito non suficientemente coñecido que a Dirección do Museo MARCO xa requiríu noutro momento axuda e financiamento por parte da Administración central do Estado. Fíxoo no ano 2002 dirixíndose daquela ó Goberno central que como todo o mundo sabe dirixía José M^a Aznar. Naquel momento a resposta que se acadou foi totalmente negativa e a Administración central do Estado permaneceu totalmente á marxe do devenir do MARCO.

Neste momento temos sinais moi claras de que a política cultural e museística afortunadamente está mudando cara unha liña de descentralización acusada e este Grupo municipal socialista, eu mesmo coma membro do Padroado, fixen xestións co Grupo parlamentario socialista no Congreso dos Deputados que nos fan ver con toda claridade que neste momento o Ministerio de Cultura estaría disposto, se se fai a petición correspondente por parte do propio Padroado, a ingresar no Padroado do Marco. Coidamos que é unha oportunidade que en ningún caso podemos desaproveitar e que ademais non só se acadaría achegar recursos, que como digo é algo fundamental neste momento, senón que a confianza do Ministerio de Cultura nun Museo coma este sería un sinal fundamental para que outro tipo de axentes, mesmo do sector privado, apostaran tamén pola liña e polo futuro do Museo.

SR. LÓPEZ-CHAVES CASTRO: Estamos de acordo con esta solicitude para se dirixir ó Ministerio de Cultura, quen posteriormente terá que pedir a solicitude de ingreso coma entidade benefactora e incorporarse ó Padroado. É certo que é bo que se incorporen novos patróns no Padroado do Museo MARCO sobre todo por esa colaboración económica da que se ven falando hai varios anos, coa incorporación de novas partidas económicas na dotación do MARCO. Nada máis e por iso imos votar a favor.

(No momento da votación está ausente o Sr. Pérez Mariño)

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sr. Arias Moreira, relativa á incorporación do Ministerio de Cultura ó Padroado do Museo de Arte Contemporánea, MARCO, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

URXENTES:

A.- MOCIÓN DO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA A CESIÓN GRATUITA DOS TERREOS DA ANTIGA CASA MAR PARA A CONSTRUCCIÓN DO AUDITORIO.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 25 de febreiro de 2005, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“Nos últimos días os cidadáns de Vigo contemplan abraiados como, unha vez máis, non se definen nin se xestionan aqueles temas fundamentais para a nosa cidade e lonxe de presentar solucións estas cuestións convírtense en loitas partidistas. O Bloque Nacionalista Galego non entende como despois dun ano non se teña clareado a cesión dos terreos de Casa Mar ao Concello de Vigo e non entende tampouco como dende algunha forza política se pon en dúbida o interese social que esta obra ten para a cidade.

Temos que garantir que esta cesión sexa gratuíta, xa que logo sería o Concello e non ningunha empresa privada o propietario destes terreos. Non nos ofrece dúbidas de ningún tipo que a cesión é de interese social para esta cidade.

A cidadanía desexa dunha vez por todas que as forzas políticas se clarifiquen e expresen claramente cales son as súas intencións en relación ao Auditorio. Teñen que deixar claro se defenden os intereses da nosa cidade ou poñen obstáculos ao seu avance. Con este obxectivo propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Todas as forzas políticas con representación municipal no Concello de Vigo esixen do organismo Portos do Estado a cesión gratuíta dos terrenos da antiga Casa Mar para a construción do Auditorio.”

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sobre a urxencia dicir que ista é unha moción que trata sobre o Auditorio e coidamos que está máis que xustificada habida conta dos últimos acontecementos en torno a esta infraestrutura cultural.

VOTACIÓN DE URXENCIA: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quero anunciar antes de nada que no relativo a esta moción só vou intervir unha vez. Digan o que digan os demais representantes das forzas políticas anuncio que o Bloque Nacionalista Galego só vai facer nesta moción unha intervención. Só imos facer unha intervención porque non queremos, negámonos a entrar nun debate entre as distintas forzas políticas que formamos esta Corporación sobre un tema tan fundamental e esencial coma é a construción do futuro auditorio. Digo isto porque non queremos que esta moción sirva de confrontamento, nin que sirva unha vez máis para que os intereses partidistas ou electorais estean por riba do que interesa á nosa cidade. Na miña intervención non vou aproveitar para facer ningún tipo de referencia ás posibles culpas duns por non xestionar a tempo, ou as posibles culpas doutros por non entender que este é un tema fundamental para o futuro da nosa cidade.

Con esta moción pretendemos, se así o queren as demais forzas políticas, zanxar dunha vez por todas esta cuestión. Queremos axudar a que non se diga unha vez máis que en Vigo non se pode facer nada porque por desgracia este é un sentimento que a nosa cidadanía empeza a ter cada vez que hai acordos e unanimidades en impulsar temas esenciais e fundamentais para o noso futuro, semella que, non sei por mor de qué, sempre aparecen no horizonte pequenos ou grandes obstáculos que fan moitas veces dubidar daquelas obras ou actuacións que son, repito, fundamentais.

Por iso esta moción quere axudar a que se zanxe este tema e que deamos un exemplo claro os e as representantes políticos e políticas que estamos aquí elixidos por cidadáns vigueses e viguesas porque estamos aquí para defender por riba de todo á nosa cidade. Queremos que esta moción axude a que este tema se zanxe e deamos un exemplo á cidadanía de que queremos traballar e impulsar a nosa cidade.

Por iso eu pido no nome do Grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego un esforzo, pídoos sinceramente a todas as formacións políticas que

representamos á cidadanía, que votemos esta moción, que non fagamos un rife-rafe máis sobre algo que é fundamental para o noso futuro e que demostramos que estamos por esta cidade, que a queremos por riba de calquera outra cousa.

Nada máis, non vou dicir nada máis, só lembrarlles que a moción é moi sinxela: Que todas as formacións políticas que formamos parte desta Corporación municipal esiximos a Portos do Estado a cesión gratuita dos terreos de Casa Mar para que se poida construír o Auditorio.

Non vou facer ningunha intervención máis. Moitas gracias.

SR. SOTO FERREIRO: Se o Grupo municipal socialista fala antes entón a min gustaríame quedar dentro da proposición que fai o Sr. Domínguez coma suxeito elíptico, é dicir, votando a favor, que por suposto imos votar a favor.

Se quere falar antes o Partido socialista me podería valer, se non quere falar antes só me cabe falar unha segunda vez, eu teño que falar unha segunda vez, Sr. Domínguez.

En primeiro lugar, nós estamos a favor e esperemos que toda a Corporación estea a favor. Quéroo deixar aí, se hai algún Grupo que non estea a favor pediría unha segunda quenda para falar doutro xeito.

SR. PÉREZ MARIÑO: Nós tamén estamos a favor, Sra. Alcaldesa. No Pleno de 26 de xullo pasado cando se trouxo a aprobación do convenio que se pretendía asinar entre Autoridade Portuaria, Xunta de Galiza e Concello para levar adiante este proxecto de auditorio e pazo de congresos dixémoslle dende o principio que si, ademais estaba de acordo todo o mundo. Dixémoslle que si sen prexuízo de lle dicir que o texto do convenio estaba feito moi á lixeira, dicíámosllo textualmente.

Ás veces un ten a sensación, ademais coido que todos a temos, de que tiramos moi cara adiante pechando os ollos ás realidades. Ás veces temos a sensación de que instalámonos nunha especie de dicir "eu son quen máis quere á cidade, quen máis me preocupa" e con iso tiramos cara adiante pero as cousas teñen unha realidade e un xeito das facer. Acadar que haxa un pazo de congresos e un auditorio é algo que queremos todos, o problema é o dos pasos que hai que dar para o acadar e permítome sinalar que estes pasos se veñen dando con bastante pouca sensatez.

¿Por qué non se desafectaron os terreos con anterioridade? Se recolleamos o que din as hemerotecas en xaneiro do ano 2004, ós poucos de entrar neste

Concello o Goberno municipal que agora ostenta o cargo, o Goberno do Partido Popular, dicíase que a desafectación sería cousas de días (teño aquí os documentos). As desafectacións tardan, non foi cousa de días, non as fixo o Goberno do Partido Popular senón que as fixo unha Orde ministerial do 30 de xullo de 2004 co Goberno xa socialista.

Non estou para nada reprochando que non se fixera naquel momento porque é probable que malia de que o proxecto levaba anos e anos non se poidera facer antes. Todo o mundo di que ten gañas de que saia adiante o proxecto pero ¿ten gañas reais?

O proxecto sufríu distintos avatares, primeiro se ía ceder coma unha concesión administrativa por 30 anos que ó máis que permite a Lei de Portos do Estado e así estivemos tempo e tempo cun problema dunha concesión administrativa. Posteriormente díxose que a iniciativa privada non entraría nesa tesitura porque non lle interesaba a cesión e entón se pensou na desafectación. Quedou encargado de levar adiante a desafectación o único que podía facer a petición que era o propio titular dos terreos: Portos do Estado, neste caso a Autoridade Portuaria de Vigo que era quen podía pedir a desafectación que pediu posteriormente.

Repito, como empezaba dicindo, que esa desafectación se vai conceder por unha Orde Ministerial do 30 de xullo de 2004 e na súa parte final acordábase desafectar do dominio público portuario estatal unha parcela cunha zona de servizos do porto de Vigo e ademais se dicía na parte dispositiva segunda que "Os terreos desafectados da zona de servizo do Porto de Vigo ingresarán no patrimonio da Autoridade Portuaria quen os poderá ceder gratuitamente para fins de utilidade pública ou interese social".

Hai pouco os medios de comunicación recollían unhas manifestacións da Sra. Alcaldesa desta cidade, Sra. Porro: "Acusa ó executivo, D^a Corina Porro, de paralizar o proxecto con premeditación e alevosía". Engadíase: "Denunciou onte o acoso e derruba do executivo de Rodríguez Zapatero ó proxecto do auditorio de Beiramar". Mire, Sra. Alcaldesa, é todo o contrario, é o Goberno socialista quen por medio da Orde Ministerial de 30 de xullo desafecta os terreos. Daríanos igual que o fixera o Goberno do Partido Popular que o do Partido Socialista pero non é xusto que vostede diga que se tenta paralizar ou boicotear cando é xustamente ó revés.

Durante o Goberno do Partido Popular aprobouse a Lei de réxime económico e de prestación de servizos dos portos de interese xeral e no seu artigo 48 se recollen unha serie de especificacións. Durante o Goberno do Partido

Popular aprobouse a Lei 33/2003, do 3 de novembro, do patrimonio das administracións públicas que establece entretoutras cousas que semestralmente se publicará unha relación das cesións efectuadas no devandito período. Segundo o Boletín Oficial do Estado número 22 do 26 de xaneiro de 2005, no período comprendido entre o 4 de febreiro e 31 de decembro de 2004 cedéronse gratuitamente en España 18 parcelas e voume permitir dicilas, algunhas cedéronse no período no que estaba o Partido Popular e outras no período no que está o Goberno do Partido Socialista. O criterio da Dirección Xeral de Patrimonio cando estaba o Partido Popular e cando está o Partido Socialista é que a actividade que se realiza ten que ser de interese social ou utilidade pública.

Así os 18 expedientes que se recollen son os seguintes: Concello de Oroso provincia da Coruña, para a construción dun cemiterio; Concello da Guardia provincia de Ávila, para restos arqueolóxicos que se atopan; Concello de Albacete, para colexio municipal; Concello de Ávila, para facer unha muralla; Concello de Diego de Carpio na provincia de Ávila, para forestación; Concello de Baños de Valdegrados na provincia de Burgos, para instalacións deportivas municipais; Concello de Cantabria, para lecer público; Concello de Santander, para acceso a fincas colindantes; Xunta de comunidades de Castilla-La Mancha, para ampliación do Museo Provincial de Cidade Real; Concello de Bagur en Girona, para zona verde; Concello de Irún en Guipúzkoa, para espazos libres públicos e viais de aparcadoiros; a Xunta Vecinal de Portilla La Reina en León, para alberguería; Concello de Navares de Ayuso, para ensanche e acondicionamento do Camiño de Dueñas en Segovia; Concello de Ana en Valencia, para instalacións deportivas; Arcebispado de Valencia, para destino a templo e fogar parroquial; Concello de Ayora en Valencia, para repoboación forestal; Concello de Trabazos en Zamora, para punto de información pública e a Deputación Foral de Aragón, para protección duns abrigos con pinturas ruprestres.

Como poden ver en todo o que ven facendo este Goberno e o anterior, porque os expediente son de 2001-2002, as inscricións son no período 12 de febreiro de 2004, Concello de Burgos, 17 de marzo de 2004, Concello de Santander, en períodos dos dous se ven facendo e pensando nunha actividade de interese social ou utilidade pública e esa é a doutrina que ten a Dirección Xeral de Patrimonio do Ministerio de Facenda dos dous Gobernos.

Non podía ser doutro xeito porque unha cousa é que un defenda os intereses da súa cidade ata o final e outra é que outro omita o coñecemento das leis que rexen o que son as cesións gratuitas.

Cando a cesión gratuita non se pode acadar haberá que buscar outros medios cara á viabilidade dos proxectos, outros medios que poden ser maior participación das administracións públicas, venda dos terreos con prezos simbólicos, fórmulas de cotas ou concesións, dereitos de superficie, é dicir, múltiples medios que se poden tomar.

Encheriasenos a boca agora dicindo que cesión gratuita para todo, para un hotel, para un centro de lecer, cando realmente iso non é posible. Se nós somos unha Corporación de dereito público coma é un Concello non podemos xamais deixar de lado o que é o principio de legalidade e o respecto ás leis. Iso é fundamental porque ademais non o imos acadar, poríamonos outra medalla de martirioloxía de crer que a nosa cidade vai sair marxinada, vulnerada ou discriminada; non é así, hai milleiros de fórmulas que se poden facer para o acadar.

Non se pode dicir, Sra. Alcadesa, e ten unha oportunidade magnífica para o rectificar, que a Sra. Graña chama a Madrid para pedir que se paralice o auditorio da cidade de Vigo, haberase gañado vostede un titular nos medios de comunicación pero fallou vostede á verdade. A Sra. Graña escribiu nunha carta que entregou ós medios de comunicación e que ten ó seu dispor, á vista das novas nos medios de comunicación, interesándose por cómo estaba o expediente e na resposta a esa carta do Director Xeral de Portos do Estado sinálase que o día 9 de febreiro do presente ano o Tenente de Alcalde, Sr. Figueroa Vila, en funcións de Alcalde pedira a paralización do expediente e no seu caso que se lle deran 5 días para facer alegacións, co que nós estamos de acordo porque coidamos oportuno que o Tenente de Alcalde en funcións de Alcalde tente buscar fórmulas para arranxar ese expediente.

Poderemos poñerlle "peros" a por qué non se fixo antes dende o 14 de abril do ano 2004, pero non a que se faga aínda que sexa tarde. Nós padecemos cando estivemos na Alcaldía que a hoxe Alcaldesa e daquela voceira da oposición, dixera que non tiñamos unha actitude valente porque non derrubabamos Casa Mar. Hoxe non se derrubou e iso si se pode derrubar por un expediente de perigo, de ruína, coma se van derrubar as Torres Windsor de Madrid. Nós non tiñamos cartos e llos pediamos á Consellería de Ordenación do Territorio.

Neste asunto primou a aireación pública e se quixo a martirioloxía que é tan propia desta cidade, buscar agravios permanentes das administracións públicas centrais, sexan estas do partido que sexan. Diciao o Concelleiro, Sr. Iglesias, hai un pouco e asúmoo nesa medida porque temos que acadar un auditorio, é fundamental para a cidade, pero para o acadar temos que facer

as cousas ben e levamos 8 ou 9 anos co auditorio e non se fixeron as cousas ben.

¿Cómo se van facer ben as cousas cando o estudo de viabilidade o fai IDOM, que é unha empresa adxudicataria do proxecto, se é xuíz e parte? ¿Qué credibilidade pode ter o estudo de viabilidade feito por IDOM? ¿Ónde están os promotores particulares que nos van dar os 65 millóns de euros que son necesarios para levar adiante ese proxecto? ¿Coidamos realmente que cos pasos que se están dando imos acadar facer o auditorio? Nada desexo máis que estar errado no que estou dicindo, pero ó día de hoxe aínda non apareceron eses promotores individuais que poñan 65 millóns de euros enriba da mesa para levar adiante o proxecto.

Isto naceu con mal pé porque primaron obxectivos doutro tipo, máis aló da sensatez de saber que temos que facer un auditorio que teñen que pagar as administracións públicas, como por exemplo o de Málaga que se está negociando nestes momentos entre a Administración central, temos que facer algo constructivo se queremos levar isto adiante. Temos que tentar, efectivamente seguindo o principio de legalidade e o criterio da Dirección Xeral de Patrimonio da época do Partido Popular e da época do Partido Socialista en defensa dos intereses colectivos da propiedade de todos os españoles, que non se pode dar para determinadas actividades a cesión gratuita dos terreos. Se en función desa tese saíra así, o que debemos facer non é rachármonos as vestiduras unha vez máis e dicir que a esta cidade a marxinan, a discriminan porque nin nos marxinan nin nos discriminan.

¿Por qué non pensamos que somos unha das tres únicas cidades de España que ten unha Zona Franca? Por exemplo. Pois nin nos marxinan, nin nos discriminan, senón que o Goberno anterior de Madrid ou o Goberno actual aplicaron a Lei e non nos cabe a menor dúbida de que o farán e nós o que temos é que buscar solucións e presionar na parte política do expediente como por exemplo pode ser acadar a prezos simbólicos esa cesión dos terreos.

Que non se nos diga, Sra. Alcaldesa, que nós tentamos paralizar, nin que nós non estamos, argumento torticeiro. Nós, coma calquera Grupo, estamos aquí representando a un sector da sociedade, tentando facer as cousas o mellor posible.

Ata agora no que é levar adiante este pazo de congresos e exposicións as cousas non se fixeron ben, fíxose mal porque o di a realidade, a realidade

di que levamos 8 anos para o facer e fíxose mal porque aínda non acadamos nada.

¿Por qué non nos poñemos sen elementos e co rogo de que retire vostede a obxección que lle facía á Sra. Graña na súa comisión de seguemento e nos formulamos novamente ben o problema? Para acadar o obxectivo é necesario porlle dous dedos de fronte.

Se alguén quere saír aquí dicindo que o Grupo municipal socialista non considera o auditorio de interese social alá coa súa responsabilidade polo que di porque nin o dixemos, nin o diremos, nin o cremos. Claro que consideramos de interese social o auditorio, agora ben, é posible que non consideremos a actividade hotel de interese social porque é unha actividade privada, ademais porque é a aplicación estricta da lei, ademais porque o ven facendo o Ministerio de Facenda de antes e de agora e ademais porque non podería ser doutro xeito, se fose doutro xeito teríamos un Estado prevaricador e iso non o podemos pedir de ningún xeito.

Por todo iso nós imos votar si á moción do Bloque Nacionalista Galego porque queremos que o que é o auditorio municipal se ceda gratuitamente tal e como o recolle a súa moción. Moitas gracias.

SR. FIGUEROA VILA: A nosa argumentación vai ser clara e en base a feitos realizados durante este último ano.

O Partido Popular cando chega ó goberno desta cidade atópase cun proxecto de auditorio paralizado, proxecto que se inicia no ano 99, nunha sesión do 30 de decembro, onde se fai o rescate, páganse os dereitos sobre a concesión que ostentaban os antigos traballadores do Grupo de Empresas Mar, acordo plenario que este Grupo político (déixoo claro nos antecedentes) vota en contra porque non está de acordo co xeito cómo se fai, non no fondo dese proxecto de auditorio, senón con pagarlles 961 millóns de pesetas ós ex traballadores de Casa Mar. O primeiro argumento que se fai é que se pagan estes cartos porque é de interese social. Xa se di naquel acordo plenario de 30 de decembro do ano 99 polo tanto este é o primeiro argumento claro.

A partir daí prodúcese unha paralización de xestións ata o 16 de xaneiro de 2004 cando a Alcaldesa, Sra. Porro, envía unha carta a Portos do Estado e á Autoridade Portuaria para que se inicie o expediente de desafectación deses terreos. É dicir, dende o ano 99 ata o 2004 non hai ningún tipo de xestións, mesmo nos 6 meses do Goberno socialista ou polo menos que conste no expediente.

Polo tanto, primeira conclusión clara: é a Alcaldesa, dona Corina Porro, a que reinicia os trámites para a desafectación deses terreos cun escrito do 16 de xaneiro de 2004 que envia a Portos do Estado e á Autoridade Portuaria de Vigo. O 30 de xaneiro de 2004 o Consello de Administración da Autoridade Portuaria declara a innecesariedade dos terreos de dominio público portuario. O 11 de febreiro de 2004 a Sra. Alcaldesa notifica, mesmo antes que o Porto de Vigo, o acordo dese Consello de Administración. O 4 de marzo nos envían unha carta da Presidencia de Portos do Estado pola que nos notifican ese acordo. O 3 de marzo envíase de novo unha carta da Sra. Alcaldesa tentando que se axilice o expediente o máis axiña posible. O 15 de abril recibimos contestación de Costas informando favorablemente. O 10 de maio novamente contestamos a carta do 15 de abril mediante a que lle achegamos o estudo que se nos pide. O 26 de xullo asínase o convenio entre Política Territorial, Autoridade Portuaria e Concello que ven a este Pleno. O 30 de xullo hai unha Orde Ministerial pola que se desafectan os terreos, asinada pola Sra. Ministra e se nos comunica o día 10 de setembro (estamos falando dunha Orde Ministerial do 30 de xullo).

A Sra. Alcaldesa, debido a que ve que se está demorando esta desafectación, pide entrevista co Presidente de Portos do Estado que se realiza en Madrid o 2 de setembro. É dicir, o 30 de xullo asínase, o 2 de setembro a Sra. Alcaldesa vai en persoa a Madrid e ten unha entrevista co Presidente de Portos do Estado onde tenta que se axilice ó máximo este expediente. O Presidente dille que tentará en cuestión de días darlle unha resposta a esa petición, resposta que ata o día de hoxe non se produciu.

Polo tanto, Sr. Pérez Mariño, nós non dubidamos da mellor intención que poida ter vostede e o seu Grupo político pero o que si está claro é que dende esta Alcaldía se fixeron todas as xestións persoais, oficiais e entrevistas ata o día de hoxe e non tivemos resposta. Nós o que pedimos coma Goberno desta cidade é ter unha resposta afirmativa ou negativa, pero é que ata o día de hoxe non sabemos se a resposta vai ser a cesión gratuita ou non.

Polo tanto ten que entender que dende o Goberno nos sorprenda que vostede faga unha rolda de prensa. Loxicamente nós considerámolo unha persoa ben informada dentro do Partido Socialista, porque debe ser así, pero sorpréndenos que vostede faga unha roda de prensa e diga claramente, titulares: "Ventura Pérez Mariño asegura que o auditorio de Beiramar carece de interese social. Afirmo que a participación privada no proxecto impide a

cesión gratuita dos terreos". Vostede está afirmando que a participación privada impide a cesión gratuita dos terreos.

Sigo lendo porque é importante: "O voceiro do Grupo municipal socialista, Ventura Pérez Mariño, amosouse onte contrario á cesión gratuita dos terreos onde se construíra o auditorio de Beiramar debido á participación da iniciativa privada no proxecto. Só cando concorre un interese social pode o Estado acceder á gratuidade pero, segundo Mariño, esa circunstancia non se dá no auditorio. Eu coido que non, sentenciou cando se lle preguntou ó respecto".

Sr. Pérez Mariño, vostede é quen fai estas afirmacións, é quen se está delatando e non nós. Ten que entender que se vostede di isto, voceiro do Partido Socialista, pensamos que unha persoa con influencia a todos os niveis en Madrid, entón quere dicir que ten unha información privilexiada do que vai acontecer. Entón lóxicamente ten que entender que se non se nos comunica oficialmente a nós coma Goberno desta cidade quere dicir que algo está acaecendo dentro do propio Partido Socialista para que vostede faga esta rolda de prensa, senón evidentemente considerámolo o suficientemente intelixente como para non facer un posicionamento se vostede non ten unha versión oficial ou oficiosa dentro do Partido Socialista. Ten que entender que nos sorprendan estas afirmacións que vostede fai e sobre todo cando o Goberno da cidade non ten unha resposta nin clara, nin escura, non a ten. Nós só pedimos que se nos dea unha resposta afirmativa ou negativa á cesión gratuita destes terreos.

Pero non só isto. Este Goberno seguiu traballando paralelamente no expediente do auditorio do pazo de congresos. Asinou un convenio coa CTOPV e coa Autoridade Portuaria, fixo e deuse publicidade ó Estudo de Viabilidade, houbo as correspondentes alegacións que se respostaron nesa Comisión de Seguimento composta por todos os Grupos políticos. Pero non só iso, senón que tamén se aprobou o anteproxecto de obra e explotación que tamén se expuxo ó público e ó que tamén houbo alegacións que igualmente se respostaron por esa Comisión de Seguimento na que participan todos os Grupos políticos. A día de hoxe este Goberno está en condicións, na próxima Xunta de Goberno, de sacar o prego de condicións para a adxudicación deste proxecto porque xa está feito.

Quere dicir todo isto que o Goberno de Vigo traballou en dúas liñas: primeiro na xestión da desafectación dos terreos, segundo na cesión gratuita, terceiro e paralelamente a todas esas xestións que se fixeron co Ministerio de Economía e coa Dirección Xeral de Patrimonio e Portos do

Estado, seguíu traballando dende a propia cidade para que todo estivese preparado para que cando chegase a certificación da cesión gratuita ou non deses terreos se poidese sacar a concurso o auditorio. Realmente eses son datos claramente obxectivos.

Sr. Pérez Mariño, eu coido que cometeu (dígollo con toda humildade pero tamén con toda claridade) un erro político seguramente pola falla de custume á hora de tratar cuestións que afectan á cidade. A vostede déronlle unha información ó mellor oficiosa e o único que fixo foi trasladala e adiantala á opinión pública. Agora loxicamente si que estamos nunha situación que seguramente terá difícil alternativa ou solución.

¿O problema seguramente é que vostede o fixo coa mellor intención pero o único que se trasladou á opinión pública é que o Sr. Pérez Mariño e o Partido Socialista semella, ou dan a entender, ou interprétase dende a cidade e dende os demais Grupos políticos que tentou paralizar un proxecto que levaba vías de solución e vostede adiántase dicindo que carece de interese social. Evidentemente que se vostede ten certa influencia no Partido Socialista e coidamos que a ten, ¿qué vai decidir algún compañeiro de seu en Madrid se vostede está dicindo nesta cidade que este proxecto carece de interese social e que coa participación da parte privada se imposibilita esta opción? Loxicamente concordar ou coincidir coas súas ideas.

Nós estamos totalmente convencidos e ogallá erremos que a liña na decisión gratuita dos terreos vai ser a que vostede adiantou. Loxicamente iso é triste para esta cidade, coido que lamentable e é un erro tremendo de vostede que seguramente non o fixo con esa intención pero que o trasladou á opinión pública e agora si vai ser difícil que vostede saia deste entorto porque vostede adianta unha decisión, "semella" que está tentando impedir a cesión gratuita deses terreos para a construción deste auditorio e a responsabilidade xa a está cargando vostede aínda que seguramente sen esa intención que vostede pretendía. Estou totalmente convencido e dígollo con toda honestidade, pero os erros políticos se pagan e ó final vostede, se non se pode construír ese auditorio, ou non se fai esa cesión gratuita, vai ter parte de responsabilidade por esa decisión do seu Partido a nivel de Madrid porque se vostede tivera clara outra saída dos seus compañeiros de Madrid, non faría esta rolda de prensa e non adiantaría decisións.

Ás veces hai erros políticos que se pagan e seguramente se ese auditorio non se pode construír na cidade de Vigo vostede vai ter unha parte de culpa, de responsabilidade e ogallá (dicímolo dende o Goberno sen ningún

tipo de acritude) a ver se somos quen de rectificar, se vostede tamén é quen de tentar cos seus compañeiros de facer as xestións correspondentes para que a cesión gratuita destes terreos se poida levar a cabo e poidamos entre todos construír ese prazo de congresos que coído que é o obxectivo que nos presentamos.

Como primeira intervención nada máis, só resumir que o Goberno fixo todas as xestións que tiña que facer no seu momento; durante este último ano deuse contestación á todas as cuestións que nos fixeron dende o Ministerio e só clarear unha cuestión: de se asinar o 9 de febreiro este escrito que asino eu persoalmente e do que vostede fala de tentar xustificar ou acreditar a existencia de utilidade pública e, sucede sempre en política que dentro dun Ministerio hai xente que nun momento determinado pode ser afín a un e lóxicamente pasan información; a información que a nós nos pasan é que a cesión gratuita dos terreos ten problemas e que alguén vai argumentar que dende o Concello de Vigo e dende a Autoridade Portuaria non se deron argumentacións suficientes para unha cesión gratuita. Polo tanto nós, en aras da nosa responsabilidade, dicimos que non se preocupen, remitirémolles máis información para que a teñan toda enriba da mesa e poidan tomar unha decisión obxectiva e sen que se retrase este proxecto.

Ese é o motivo polo que o 9 de febreiro se pide que o Concello poida comparecer e que a información que facilitemos dende aquí poida axudar a que a información que se teña en Madrid sexa moito máis ampla e se poida tomar unha decisión máis axeitada. Ese é única e exclusivamente o motivo porque dende dentro do propio Ministerio e dende Portos do Estado a nós se nos pasa esa información de que hai moitas posibilidades de que a cesión gratuita dos terreos non se contemple. Ese é única e exclusivamente o motivo de que se envíe este escrito. Moitas grazas.

SR. SOTO FERREIRO: Quedeime sen unha intervención por ver se era posible non entrar no fondo dos temas que vou comentar agora. Lamentablemente non é así.

Dicía vostede, Sr. Pérez Mariño, que hai un cúmulo de desacertos neste tema porque leva non sei cantos anos sen facer. Ten razón, a verdade é que este tema estaba contemplado no último programa electoral de cando eu me presentei ás eleccións e de seren eu alcalde estaría feito hai moitos anos porque o cumpriría coma todos os programas electorais cos que me presentei ás eleccións. Os que me seguiron non, os que me seguiron foron ás veces o PP, ás veces o Bloque e o PSOE xuntos facendo goberno.

Polo camiño cometéronse moitos desatinos, por exemplo, a instancias do Partido Socialista ó que vostede representa hoxe, co apoio dos votos do BNG é cando se pagan arredor de 1.000 millóns de pesetas por unha concesión que estaba en clarísima situación de caducidade, concesión que, por se vostede non sabe do tema voulo dicir en media palabra, era para procesar peixe e o Concello de Vigo merca unha concesión por 1.000 millóns de pesetas para procesar peixe. De paso dicir que é un fraude de lei clarísimo. Iso instouno o Partido Socialista e sacouno cos votos do BNG porque estaban gobernando xuntos. Claro que houbo desatinos pero desatinos así de caros para ós cidadáns porque son e somos todos os que temos que pagar isto.

Sr. Pérez Mariño, a política pódese exercer de moitos xeitos pero dende logo cada quen ten a valoración das actuacións políticas que lle cadran coma máis oportunas. Eu non sei desligar política de certas conductas humanas ou humano-políticas; por exemplo a conducta humano-política da lealdade ou a conducta humano-política da miseria intelectual á hora de actuar en política. Dígolle os dous exemplos porque o Grupo do Partido Galeguista estivo historicamente en contra da situación dese auditorio, en contra de onde queren facer ese auditorio, estivemos en contra publica e notoriamente de que se pagaran os 1.000 millóns, en contra de case todo pero cando os demais Grupos políticos toman unha decisión porque lles corresponde segundo os votos cos que representan ós cidadáns, nós tentamos lealmente axudar a que o auditorio se faga o máis axiña posible malia que non estea onde nós quixeramos e malia que se cometeran polo camiño erros clarísimos, mesmo o que se rectifica nun momento determinado que era o que nos viñamos pedindo insistentemente e diante dos demais partidos cando dicíamos que había que desafectar os terreos, non mercar concesións para procesar peixe no Concello de Vigo, senón realmente desfectar os terreos. Todos os partidos que pasan polo Concello pasan por riba dese tema, ata que se aborda como non podía ser doutro xeito cando se chega á Administración do Estado.

Agora chegamos ó tema da discusión de se isto é de interese social e utilidade pública ou non. ¿É de interese público ou social o transporte público de todas as cidades españolas malia que en case todas as cidades españolas o están explotando empresas privadas? ¿Non concede mesmo o Estado español subvencións a moitísimos concellos españoles para xestionar empresas de transporte público que están administradas por empresas privadas? ¿Cómo se pode contrapoñer o interese público dun auditorio coma o de Vigo cando obxectivamente existe ou se pretende que exista unha

administración privada para que axude ó financiamento é ó mantemento dos cuantiosos gastos públicos que vai producir ese auditorio público? ¿Ou é que vostede ten unha fórmula mellor?

A min encataríame escoitar ó Partido Socialista dicindo que nada de privados, que xa xestionan eles. Por certo que eu non o faría así, falaría coa Alcaldesa de Vigo pero xa porían vostedes as medidas que quixeran que serían lexitimísimas. Escoitar que vai ser o Estado quen asuma; será do Consello de Ministros a decisión de: a) subvencionar a construción do auditorio con estes cartos e, b) axudar ó mantemento con estes outros, para que non haxa empresas privadas. Entón eu aplaudo, voto enfervorecidamente a favor.

Pero se a única política que vostedes fan neste tema é aparecer con cambadelas, están sendo cómplices dunha actuación desleal, non co Partido Popular nin co calquera grupo político, senón co pobo de Vigo.

Non sei se vostedes son os que inician esta fórmula ou son sinxelamente cómplices dela dende alturas do Estado. En calquera dos dous casos, Sr. Pérez Mariño, unha verba que vostede pronunciaría moitas veces: culpabeis, claramente culpabeis vostede e o seu Grupo.

Sr. Pérez Mariño, antes dicíalle que na política e na vida as condutas humano-políticas de lealdade deben prevalecer sobre a miseria de lle querer facer cambadelas ó contrario para ver se así vostede chega á meta porque el xa se vai repoñendo da cambadela que vostede lle puxo polo camiño. Hai que ser quen de facer Política dando alternativas, dando ideas constructivas, para axudar, demostrando mesmo que os seus proxectos son mellores cos dos doutros. Con esas tácticas de seu, Sr. Pérez Mariño, non, son malas obxectivamente dende o punto de vista humano e dende o punto de vista político.

Lamento ter que lle dicir isto pero van demasiadas actuacións de seu nese tipo de direccións. Agora ven vostede laiar pola ilegalidade dun acordo que para min, podo errar todo o que queira, pero lle digo honestamente que é legal, que cabe unha interpretación legal de utilidade pública como a que acabo de lle dicir cos exemplos que lle acabo de dicir. Ó mellor algún xurista pleclaro pódeme demostrar outra cousa.

O que non me pode demostrar ningún xurista preclaro, Sr. Pérez Mariño, é que o Concello de Vigo teña colleitado tantas sentenzas en contra polos mesmos temas e que vostede votase a favor de tantos temas de urbanismo que son clarísimamente ilegais, flagrantemente ilegais e que serán declarados ilegais como o foron outros. E vostede aí non sabe ou non contesta.

¿Legalidade? ¿por ónde pasa a legalidade? E nisto, que obxectivamente é un interese público de Vigo, colle un punto de mira estreito para falar da súa particular visión da legalidade.

A súa particular visión da legalidade deixa pasar ilegalidades coma carros e carretas polo seu lado e por debaixo do seu nariz e inventa, como neste caso na miña opinión está inventando, ilegalidades para manter unha posición política de torpedeo político a algo que Vigo precisa descaramente. Se xa temos a desgracia que polas Corporacións que tivo esta cidade non se construíu ese auditorio en 12 anos, non queira vostede traballar desesperadamente para que se faga en 17, traballe desesperadamente para que se faga canto antes que debера ser a súa obriga coma Concelleiro.

SR. PÉREZ MARIÑO: Moitas gracias, Sra. Alcaldesa, quería empezar agradecéndolle ó Sr. Figueroa os consellos que me dá, agradézollos sinceramente e agradecerlle tamén que vexa nas miñas intervencións boas intencións e culpe todas as desgracias a inexperiencias, non podo por menos que agradecer que dea vostede a volta. Xa non lle podo agradecer que se non se fai o auditorio queira vostede solapadamente poñerme esa etiqueta, vostede saberao.

Di vostede, que polo que se ve e en comparación ten unha enorme experiencia na vida municipal, ademais que a ten sen dúbida, que eu fixen unhas manifestación nunha rolda de prensa e saca vostede unha folla dun xornal e ensínaa. Mágoa que vostede saiba que as cousas as hai que constatar; hai máis xornais, hai máis medios e hai cintas gravadas. Vostede tiña que constatar antes de facer esas afirmacións tan rotundas que fai se esas informacións, se eses titulares respontan á verdade. Ademais poño por testemuñas a todos os xornalistas que estaban na rolda de prensa que dan fé pública do que alí se dixo. Non dixen en ningún momento que o auditorio non tivera interese social e ademais hai cintas gravadas. Vostede tiña que o constatar antes de facer afirmacións tan rotundas.

Di vostede que eu teño influencias en Madrid e fai xuízos de valor propios dun debate político pero non son certos. Non teño máis informacións cas que dou, non teño ningunha vía privilexiada, só e exclusivamente leo o Boletín Oficial do Estado e preocúpome polos intereses da cidade, por desmentir o que a Sra. Alcaldesa dicía e que xa lle sinaliei: "Teño todas as sospeitas de que o Goberno central está tentando petardear todo o que veña dun Goberno onde está o Partido Popular". Pois iso, aínda que me poña as

etiquetas que queira hei do desmentir por responsabilidade persoal e como voceiro do Grupo ó que represento.

O Goberno de Madrid non petardea ningún proxecto porque veña da man do Partido Popular, non é de recibo dicir iso cando a desafectación que se podería facer nun Goberno do Partido Popular faise o 30 de xullo. Non é de recibo cando Manuel Ceferino Díaz Díaz, Deputado do Grupo Parlamentario Socialista escribelle á Directora Xeral do Patrimonio o 31 de xaneiro dicíndolle que é moi importante para Vigo e que fagan os esforzos que teñan que facer. Non é de recibo que en 169 días, entre o 2 de setembro e o 9 de febreiro, no seu relato non se fixera ningunha xestión. Non estamos adiantando ningún acontecemento, estamos respostando ás manifestacións da Sra. Alcaldesa que achacaba ó Goberno central a paralización dun proxecto cunha actitude sesgada por parte dese Goberno.

Nós estamos moi orgullosos do Goberno central que nestes momentos goberna o País como non podía ser doutro xeito, pero saiba vostede moi ben que se o Goberno central fixera algo que nós coidasemos por un momento que torpedeara fóra da legalidade, diríamosllo a toda a opinión pública.

Saimos ó paso na rolda de prensa ás manifestacións que nos acusaban de torpedear indirectamente un proxecto coma o do auditorio de Vigo. Saimos e sairemos se é necesario. Se vostede quere á saída imos oír as cintas sobre o do interese social, escóiteas, escoitámolas vostede e máis eu.

Nin a Sra. Alcaldesa, nin vostede coa súa experiencia poden dicir que a Concelleira, Sra. Graña, chama a Madrid para paralizar un proxecto. Nós non queremos xudicializar o Concello pero razóns habería para o xudicializar neste caso. Chamou para se interesar dentro das súas funcións porque vostedes non dan información, porque da petición do día 9 de febreiro que vostede fixo ó Goberno de Madrid non informou á Comisión de Seguimento que se reuniu o día anterior, o 8 de febreiro e como non o fixo é dereito e obriga por parte dos concelleiros deste Grupo interesarse e interesarse positivamente.

Non estamos para nada solapando a actuación ese día da Sra. Alcaldesa nin a súa coma Tenente de Alcalde, estamos tentando poñer todo da nosa parte para que se poida levar cara adiante aínda que non a calquera prezo, non vulnerando a legalidade. Non vimos aquí para defender o que vai dicir o Goberno de Madrid dentro duns días porque se iso ocorrera nos retiraríamos. O Goberno de Madrid é máis serio, non como para filtrarnos a nós ou dicírmonos o que vai facer, estariamos bos, non sei de onde saca vostede esas ideas.

De todos os xeitos remato agradecéndolle os seus consellos e por non dubidar da miña credibilidade persoal.

A PRESIDENCIA: Con ánimo de construír, en absoluto de polemizar, e de traballar en positivo para a cidade e polos proxectos desta cidade, teño que lle dicir que hai que deixar claras unha serie de cuestións porque as verdades a medias se poden converter en falacias.

En todo momento este equipo de Goberno actuou con toda lealdade dentro desa Comisión, dando información de todo o que tiñamos entre mans e de todo o traballo que se fixo dende o primeiro día de tomar eu posesión coma Alcaldesa.

¿Qué se fixo nos seis meses anteriores pola súa parte para pedir a desafectación dos terreos? Nada. ¿Qué se fixo nos catro anos anteriores nos que estaba gobernando e tiña esa responsabilidade o Partido Socialista nos grandes proxectos para pedir a desafectación dos terreos? Nada.

Antes de pasar o primeiro mes iniciouse un expediente, expediente que ten un trámite que tería que ir só, expediente no que se hai algunha dúbida sobre el, o leal, transparente sería que a Sra. Graña fixera a pregunta na Comisión e xamais na vida fixo unha pregunta nesa Comisión, en troques de levantar o teléfono para pedir información e darlla a un medio de comunicación acusando dalgo que non era certo porque se algo fixemos foi dende o primeiro día tomar conciencia de que o auditorio é fundamental para o desenvolvemento desta cidade; o auditorio forma parte dun proxecto e a viabilidade dese auditorio está en función de que entre a iniciativa privada como noutras cidades.

Pero dende logo co todo o ánimo de construír, de ser positivos, de tentar buscar solucións a esta cidade coido que non é bo que vostede se adique a facer dictames técnicos, nin dictames que teñen que ver coas leis.

Vostede está aquí para defender os intereses de Vigo e non os está defendendo cando está interferindo. Non os está defendendo pero podería estar facendo achegamentos en positivo porque realmente é un letrado, á parte é un avogado ademais de concelleiro e aquí está coma concelleiro. Pero aínda por riba é que polas aportacións que nos fai non se coñece nin a Lei de portos. Vostede sabe que non pode ser a calquera prezo e se non o sabe dígollo eu que non teño porqué o saber, pero si que a miña responsabilidade é informarme cos técnicos e a Lei de portos non permite dar un terreo a calquera prezo, coma vostede di a un prezo simbólico. Polo

tanto é moitísimo máis grave por esa aportación que podería ser valiosa, pero nin para iso.

Pero eu quería facer unha pregunta: ¿qué lei rexe na cidade da Coruña que sexa distinta á da cidade de Vigo? Porque semella que se está actuando dende o Ministerio con leis distintas.

Eu aínda quero ter a esperanza de que esa cesión de todos os terreos sexa gratuita. ¿Qué explicación ten ese trato discriminatorio que hai coa cidade de Vigo? E non o digo chorando, dígoo pedindo e esixindo un trato para todos igual coa lei na man. Eu non quero que se dea ningún trato a uns dun xeito e a outros doutro. Quero que se cumpra a lei pero, para todos, porque senón ¿qué pasa na cidade da Coruña? ¿están prevaricando na cidade da Coruña? ¿Cómo pode ir unha Ministra asinar un convenio a un Concello que se compromete cunha edificabilidade nunha zona portuaria? ¿Estamos falando non de 7.000 ou 8.000 metros, estamos falando, Sr. Pérez Mariño, de 300.000 m2 e vaise permitir facer vivendas e non de protección oficial, senón vivendas libres. É dicir, pódese facer un piso de luxo en terreos públicos do Porto e eses terreos non van reverter xamais na cidade, obviamente.

Sen embargo nós o que estamos pedindo é que se lle ceda gratuitamente ó Concello de Vigo, que ó proxecto no seu conxunto lle poidamos buscar esa viabilidade e que ó cabo duns anos poida ser do Concello de Vigo. Nós non o queremos regalar nin a ningún hotel, nin a ningún centro comercial, nin a ninguén, queremos que sexa do Concello de Vigo única e exclusivamente.

Entón ¿qué diferencias hai entre o trato dunha cidade a outra? É o único que pido: xustiza coa lei na man.

Quería preguntarlle ó Grupo que insta esta moción a qué se refire. Se se refire a toda a parcela, ós terreos do auditorio ou si só sería unha parte porque polas verbas do Sr. Pérez Mariño interpreto que el votaría unha parte da cesión gratuita dos terreos. É a única pregunta que quero facer antes de poñer a moción a votación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Está absolutamente claro. En primeiro lugar teño que lamentar que a intención do Bloque Nacionalista Galego non fora a bo porto e que unha vez máis se dea cara á cidadanía a imaxe de botar uns enriba doutros certas cuestións.

Para clarexar, o que pretendía o Bloque Nacionalista Galego e o que pretendía eu coa miña moción era isto, así de claro: que nos deixemos de botar culpas uns ós outros e que votemos que "Todas as forzas políticas con representación municipal no Concello de Vigo esixen do organismo Portos do

Estado a cesión gratuita de todos os terreos -por suposto- da antiga Casa Mar para a construción do auditorio". Porque é unha cesión gratuita para o Concello de Vigo e non para unha empresa privada.

Coido que na moción queda ben claro e esa era a nosa única intención, que poideramos saír daqui cun acordo unánime que non deixara ningunha dúbida á cidadanía que representamos de que todos estamos por defender Vigo e por tirar do mesmo barco.

SR. PÉREZ MARIÑO: Sra. Alcaldesa, por alusións. Vou contestar moi brevemente á súa intervención.

Empezou vostede dicindo que nós en 6 meses non fixeramos nada. Eu ós poucos días de tomar posesión do cargo fun ver ó Conselleiro de Ordenación do Territorio fundamentalmente para ese tema. El díxome que a Consellería non tiña ningún expediente. Póño a el por testemuña e cóntollo agora.

Pero ademais di vostede que non pedimos a desafectación. A desafectación non se podía pedir ata que o Porto de Vigo sinalara que os terreos non tiñan interese para el. ¿Sabe cando sinala iso? Acábo de dicir vostede: no mes de xaneiro de 2004. É dicir, o Porto de Vigo, a Autoridade Portuaria, que como sabe vostede non preside un membro do Partido Socialista, non declarara que non tiña interese nesas dúas parcelas, a 57 e a 59. Polo tanto ata ese momento non se pode pedir a desafectación. Consúlteo. Repíto de novo porque está o Sr. Figueroa presente e corrixirame se o que digo non é certo.

Di vostede que este Grupo interferíu. Non, Sra. Alcaldesa, non interferimos, senón que polo menos tentamos acadar o mellor para a cidade.

Di vostede que non coñezo a Lei de portos. Pois mire algo coñézoa, tampouco moito pero si algo. E di que non se pode buscar un prezo simbólico; pódese buscar unha fórmula do prezo porque hai ámbitos de discrecionalidade.

Por último di vostede que se aplican leis distintas na Coruña e en Vigo. Na Coruña non hai cesión, hai concesión que é absolutamente diferente. Quizais de coñecer que hai concesión e non cesión se evitaría vostede todas as comparacións que enfrontan a dúas cidades que non teñen porqué se enfrontar.

SR. SOTO FERREIRO: Gustaríame que non houbera máis alusións, que rematasemos esta penosa sesión para a cidade de Vigo e que votasemos dunha vez.

Non vou recorrer a conversas privadas porque xamais o fago do que sei que pensan outras persoas incluído o Presidente da Autoridade Portuaria porque na miña obriga coma Concelleiro falei, dialoguei e mesmo negocieei co Presidente da Autoridade Portuaria en distintas ocasións. Non vou entrar nese tema por razóns obvias de discreción obrigada e de lealdade a esas conversas, pero si vou falar do que é público e notorio porque saíu nos medios de comunicación.

O Presidente da Autoridade Portuaria non intervív nese expediente porque non quería torpedear o acordo que había do Goberno municipal cos señores reclamantes dunha morea de millóns e díxoo publicamente en varias ocasións. Non vou dicir o que pensaba nin deixaba de dicir, se quere que o diga el pero eu sei perfectamente o que pensaba. Non é certo o que vostede di, a Autoridade Portuaria actuou neste caso con absoluta lealdade e non puxo nin a máis mínima traba ó que quería facer o Concello de Vigo e dígolle eu ademais que independentemente do seu pensamento.

Polo tanto nos busquemos máis culpables dos que hai porque xa chegan e abundan. Dígolle máis: déixese de historias, vote a favor deste acordo e deféndao en Madrid. Vostede, Sr. Pérez Mariño, andaba desesperado para que o recibira un Ministro para lle falar dos túneles, ¿cántas veces falou vostede co Sr. Rodríguez Zapatero dos túneles? ¿fixo moitas xestións cando andaba tan desesperado? Eu vino sentado ó seu carón en varios mítines. Digo que co Sr. Rodríguez Zapatero e ó mellor non é cousa del e o tiña que negociar con algún Ministro ou algún Director Xeral.

¿Está negociando o que vostede dicía antes que é tan importante para Vigo? A min gustaríame velo nalgunha desas xestións e estar cóbado con cóbado coa Sra. Alcadesa de Vigo lealmente dicindo vostede como pode axudar nalgún traballo e que a Sra. Alcadesa naturalmente fora non menos leal con vostede e polo tanto que para defender cousas interesantes para Vigo se poideran obter cousas que foran logo públicas e notorias. Primeiro con toda a discreción necesaria e logo que nos enterásemos os demais cando tiveran resolto o problema.

Di vostede e eu non teño porqué non o crer que non lle está filtrando nada o Ministerio; entón ¿qué lle está dando vostede? ¿a copla de pé forzado para que faga o que vostede di? Pois de verdade que lle digo que non sei que é peor.

A PRESIDENCIA: Imos votar, pero o único que quero clarexar é que si que a Lei di que o prezo está regulado.

Dende logo que eu non quero entrar en ningunha polémica con ningunha cidade, coido que os localismos non son bos, non o leve por aí, non quero entrar en polémica con ningunha cidade pero si quero que se lle dea o trato que se lle debe dar á cidade de Vigo. O que non é de recibo é que en terreos públicos, terreos do Estado ou en terreos do Porto se fagan vivendas non públicas, senón vivendas de luxo sen reverter xamais, mentres que este proxecto revertería ó cabo dos anos no Concello de Vigo.

Pasamos a votar o acordo que é que "Todas as forzas políticas con representación municipal no Concello de Vigo esixen do organismo de Portos do Estado a cesión gratuita de todos os terreos da antiga Casa Mar para a constitución do auditorio". De todos os terreos e pregunteille claramente ó Concelleiro. Presento eu unha emenda no sentido de poñer a palabra todos. Ten que quedar clara a manipulación.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Só fallaría agora tamén que logo deste espectáculo, coma ben o acaba de definir o Sr. Soto, que se nos tentara cambiar o sentido desta moción. Era en primeiro lugar que non houbera debate e que aquí aparecera unha posición conxunta de todas as forzas políticas por un ben de interese para a cidade e que por outro lado agora se fixera tamén unha interpretación distinta do que di e se tentará emendar.

Imos ver, o acordo di: "Todas as forzas políticas con representación no Concello de Vigo esixen do organismo Portos do Estado a cesión gratuita dos terreos da antiga Casa Mar". Dos terreos da antiga Casa Mar, non hai máis que explicar, son os terreos da antiga Casa Mar para a construción do auditorio, non se poden dividir os terreos. Coido que está ben clara a moción.

A PRESIDENCIA: Estando clara a moción pasamos a votala tal e como foi exposta e presentada polo Bloque Nacionalista Galego.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

B.- MOCION DO GRUPO MUNICIPAL DO PG INSTANDO O PINTADO DUN PASO DE PEÓNS NO ENLACE DA BAIXADA Á ESTACIÓN COA RUA LEPANTO.

ANTEDECENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro Xeral do 21 de febreiro, o concelleiro do Grupo municipal do PG formula a seguinte moción:

“Veciños da zona da estación de Urzáiz téñense dirixido a nós reclamando un paso de cebra en base a un problema de accesibilidade peonil alí existente.

En efecto, os cidadáns que camiñan por Lepanto, ó atravesaren a Baixada á Estación cara a Estación de Renfe en Urzáiz (ou viceversa) e tamén os que van ou veñen do parque alí existente, teñen que brincar entre os coches, xogándose o tipo, xa que non existe ningún paso de peóns.

Temos visto a persoas maiores e a nais con fillos pequenos participando nese perigoso “exercicio” que convén rematar con urxencia, antes de que teñamos que lamentar algunha desgracia.

Consonte co antedito propoñemos:

Que os servizos de tráfico do Concello procedan de xeito inmediato a pintar un paso de peóns na intersección entre as rúas Lepanto e Baixada á estación.”

VOTACIÓN DE URXENCIA: Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación, que a constitúen de dereito e de feito, apróbase a declaración da urxencia ó se acada-la maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, de 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2468/86, de 28 de novembro.

INTERVENCIÓN DO SR. ALONSO VÁZQUEZ: É unha moción moi sinxela. Na Baixada á Estación, no enlace coa rúa Lepanto, non hai ningún paso de peóns e a cotío están cruzando todos os rapaces e as súas nais aínda que é bastante perigoso.

Sinxelamente é para pedir que se faga un paso de peóns na baixada.

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseite membros presentes da Corporación que a constitúen de dereito e de feito, acórdase:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do PG, Sr. Alonso Vázquez, instando o pintado dun paso de peóns na intersección das rúas Baixada á Estación e Lepanto, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

24.- (53).- ROGOS E PREGUNTAS.

* PREGUNTA E ROGO DO CONCELLEIRO DO GRUPO SOCIALISTA, SR. ARIAS MOREIRA, SOBRE CAMPAÑA INFORMATIVA DA CONSTITUCION EUROPEA.

SR. ARIAS MOREIRA: Sra. Alcaldesa, vostede declarou o día seguinte da realización do referendun sobre a Constitución Europea que "...con semexante abstención está claro que algo fallou". Pois ben, o Pleno da Corporación aprobou por unanimidade na sesión do pasado día 31 a realización dunha campaña informativa sobre a Constitución.

A pregunta é qué partida orzamentaria, qué procedemento e qué actuacións se puxeron en marcha para cumprir con este mandato plenario.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle.

SR. ARIAS MOREIRA: Como non é a primeira vez que vostede me resposta iso e aínda non tiveren o gusto de recibir ningunha resposta por escrito da súa banda, prégoille con todo respecto que por favor me responda esta vez o antes posible e con todo detalle ó que lle estou a preguntar.

A PRESIDENCIA: Respostaráselle como sempre o estamos a facer.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO SOBRE ACORDO PLENARIO RELATIVO A INSTALACIÓN DE BOTICA ANEXA NA PARROQUIA DE COMESAÑA.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: En setembro do ano pasado e a instancias dunha moción do BNG acordouse por unanimidade deste Pleno solicitar da Xunta de Galicia a instalación dunha botica anexa na parroquia de Comesaña. Como se dicía na moción o procedemento para a autorización e instalación débese iniciar a instancias deste Concello.

A estas alturas malia ter transcorrido cinco meses, os veciños de Comesaña non teñen ningunha información de cómo vai o proceso e seguen a esperar pola botica que levan demandando máis de dez anos.

Por outra banda a botica de Comesaña foi un compromiso electoral do seu partido e de vostede mesma, por iso nos estraña se cabe aínda máis esta desidia na información ós veciños de Comesaña e de cómo vai o procedemento. A pregunta é: ¿Podería decirnos a Sra. Alcaldesa se xa se solicitou á Xunta de Galicia a instalación dunha botica anexa na parroquia de Comesaña? E se xa se fixo, ¿qué respostou a Xunta de Galicia e en qué lugar está o procedemento neste momento?

A PRESIDENCIA: Tamén se lle respostará de todo o procedemento pero eu mesma fixen a xestión. Darémoslle cumprida resposta a vostedes e ós veciños de Comesaña.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO DO BNG, SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO SOBRE O HOSPITAL DA CRUZ VERMELLA.

SRA. MÉNDEZ PIÑEIRO: Preguntamos por outra moción presentada que tamén segue sen resposta e ista ademais e pública e notoria.

Un día tras outro espertamos coas novas dos xornais sobre o hospital da Cruz Vermella. A cidadanía e os traballadores seguen a demandar que este centro sexa asumido polo Sergas ó que este organismo non parece estar moi disposto, por certo. Pese a que os traballadores estanse a mobilizar recollendo sinaturas, facendo concentracións, pedindo apoios ós partidos políticos e ós sindicatos e mesmo solicitando entrevistas cos políticos, entre eles, Sra. Alcaldesa e como ben sabe, con vostede que ó parecer e por motivos de axenda derivounos ó Sr. López-Chaves.

Nós e probablemente todos os corporativos presentes consideramos que a cidade de Vigo non se pode permitir o luxo de perder o único centro socio-sanitario de que dispón e este tema é o suficientemente importante para a cidadanía e para a cidade como para que vostede a estas alturas xa tivese tomado cartas no asunto, non só recibindo ós traballadores, senón facendo as xestións persoalmente diante do Conselleiro e se fai falla do Presidente da Xunta de Galicia, tendo en conta que este Pleno aprobou non unha, senón dúas mocións para que o Sergas asumise a xestión do centro da Cruz Vermella.

Por iso facemos esta pregunta. ¿Podería dicírmonos qué xestións se están a facer ou se van facer para acadar este acordo?

A PRESIDENCIA: As mocións trasladáronse no seu día pero teño que dicir que estiven co Conselleiro e ámbolos dous estivemos falando cun colectivo de afectados pero é a Cruz Vermella quen non quere ceder a ninguén. Nunha xuntanza que tiver coa Cruz Vermella no meu despacho foi o que me trasladou.

Ainda así penso que temos que nos quedar na xestión que decidimos a traves desa moción, que sería bo que se fixera cargo o Sergas. Pero a Cruz Vermella non quere, como así mo dixo a súa Presidenta e trasladouno á Consellería de Sanidade. Outra cousa é que pensasen noutro tema pero a Cruz Vermella non quere.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO BNG, SRA. SÍO LOURIDO SOBRE O HOSPITAL DA CRUZ VERMELLA.

SRA. SÍO LOURIDO: Un rogo sobre este mesmo tema e que ten que ver co que dixo a Sra. Méndez. Quero dicir que por un documento que lin e non teño hoxe aquí porque non tiña previsto falar deste tema hoxe, pero se vostede di que a Cruz Vermella non quere que o Sergas o xestione, os meus datos polo documento que citei son totalmente distintos.

A Cruz Vermella da a xestión á Xunta de Galicia se a Xunta a colle. O meu rogo é, xa que os acordos sobre este tema foron por unanimidade de todos os que aquí estamos, pido encarecidamente non que se encontre cos traballadores da Cruz Vermella na rúa, como se atopou aquel día, senón que fale como Deus manda no seu despacho con eles e con elas, porque maioritariamente estamos a falar de mulleres, e atenda ás súas peticións e ó mandato que este Pleno fixo por unanimidade.

SR. SOTO FERREIRO: Como a Sra. Sío Lourido presenta este tema coma rogo, eu tamén quero falar sobre el. Tamén quero pedirlle que empregue toda a súa capacidade de xestión para que este tema se leve a bo fin.

Vostede dime que os representantes de Cruz Vermella dixéronlle unha cousa e publicamente estan a dicir outra, porque eu tamén lin esas manifestacións das que falaba agora a Sra. Sío e antes dixo a Sra. Méndez, de que estaría disposta a aceptar o traslado. Pois se a vostede lle din unha cousa e nos medios de comunicación din outra, a min me parece que a Xunta de Galicia ten que dar un paso máis alá que é pedir formalmente por escrito que lle

transfiran ó Sergas ese edificio para seguir a ser utilizado como hospital público.

Entón imos ver quen ten vontade de qué, porque unha de dúas, diante dunha petición formal ou a dirección da Cruz Vermella acepta e transfire ou non acepta e entón veríamos que está a dicir unhas cousas por un lado e outras polo outro e teríamos que ver qué facer a continuación.

En todo caso e sen ir máis alá, xa digo que deberíamos estudialo detidamente todos os grupos políticos na calificación do Plan Xeral.

Eu tamén me quero sumar ás voces das miñas compañeiras corporativas para lle pedir, Sra. Alcaldesa, unha xestión súa enérxica diante da Xunta de Galicia. Non sei se ten que facer o que lle dixen ou doutro xeito, non soi quen nin pretendo que vostede escriba ó dictado, só lle dou unha suxestión de cómo se poden obviar esas declaracións contrarias, pero que nos estean a marear uns e outros publicamente non é de recibo.

SRA. ALCALDESA: Eu xa a trasladei; voltarei sobre a xestión porque enerxía non me falla.

* PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO SOCIALISTA, SR. RUIZ CENICEROS, SOBRE DECLARACIÓNS DA PRESIDENCIA RELATIVAS ÓS TERREOS DE CASA MAR.

SR. RUIZ CENICEROS: Unha pregunta case que a título persoal porque independentemente de que vostede desexe de que non estendamos as nosas profesións vocacionais, neste caso coma avogado e concelleiro, o que non é alomenos a miña intención persoal, senón precisamente tentar de aproveitala para o meu mellor traballo coma concelleiro que é o actual.

Quedoume unha dúbida que me gustaría que me resolvese nesa equiparación que fixo da operación do auditorio coa de recalificación dos terreos da Autoridade Portuaria da Coruña para a construción do novo porto exterior na Punta da Langosteira.

Esa dúbida de equiparar as dúas operacións porque en principio a de Coruña consiste en desafectar, coma en Vigo, para vender ós promotores e cos cartos que se acadan construír o novo porto exterior. En Vigo se está a falar de desafectar para ceder gratuitamente.

Entón esa equiparación que é económica e xurídica non me quedou totalmente clara e se a min non me quedou clara temo que tamén quede pouco clara para

o resto da Corporación ou para a opinión pública e si que me gustaría que o clarexase.

A PRESIDENCIA: Ese debate rematou pero si vostede quere agora abrir un debate comigo en termos xurídicos, está totalmente trabucado. A conclusión é que na cidade da Coruña se van facer vivendas de luxo en terreos do porto. A conclusión da cidade de Vigo é que probablemente nos quedemos sen auditorio porque non buscan unha solución porque non poden ceder os terreos de forma gratuíta ó Concello, non a vivendas que logo non reverten.

Se vostede cre que me vou poñer xuridicamente agora mesmo a facer un papel que non me corresponde, non é así. O papel que nos corresponde a vostede e máis a min é defender os intereses de Vigo e iso vostedes non o están a facer e nós si.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e dez minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

M^a Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.